

## foz

Luz verde ao contrato de auga e saneamento por 29 millóns de euros. **Páx. 8**

## ribadeo

O concello xa ten escudo e bandeira oficiais tralo consenso municipal. **Páx. 11**

## burela

A Fundación Eu Son amplía os seus espazos con novos terreos. **Páx. 13**

## barreiros

O Goberno local demandará accesos directos ao polígono den- de a A-74. **Páx. 15**

## trabada

As cuncas da Enfariñada, un ano máis a cargo da Asociación Saú- de Mental A Mariña. **Páx. 24**

## Un cambio histórico

A moción de censura impulsada polo PP co apoio de Por Viveiro desaloxou a María Loureiro da Alcaldía tras 11 anos



## A Asociación Camiña fai 30 anos de loita

A entidade mellora a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual. **Páx. 4**

## A dependencia centra o debate na Deputación

O Pleno esixirá á Xunta que retire as reformas que fixo á lei porque deterioran a atención. **Páx. 27**

## Hugo Díez



O focego foi o gañador do XIII Campiona- to Internacional de Cata de Cafés. **Páx. 9**

## XXXII Festa do Ourizo



San Cibrao prepárase para acoller dous dos eventos máis destacados do ano. **Páx. 16**

## AD San Roque



Pedro Esmoris aposta por formar per- soas antes que deportistas. **Páx. 29**

## Foz desbloquea o dragado da canle e peirao

A Asociación A Ribeira celebra a reactivación do proxecto de dragado tras un ano de parálise. **Páx. 30**

## HOMOLOGACIONES MARÍTIMA

- FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- BUQUES DE PASAJE
- FORMACIÓN BÁSICA EN PROTECCIÓN MARÍTIMA
- FORMACIÓN DE BOTES
- AVANZADO CONTRA INCENDIOS
- ACTUALIZACIÓN: FORMACIÓN BÁSICA EN SEGURIDAD MARÍTIMA
- ACTUALIZACIÓN: AVANZADO EN LUCHA CONTRA INCENDIOS

CENTRO HOMOLOGADO PARA IMPARTICIÓN CURSOS MARINA MERCANTE  
MINISTERIO DE TRANSPORTES MOVILIDAD Y AGENCIA URBANA



## GRUPO FORMAT

formación integral de empresas  
para información sobre más formaciones:

[www.grupoforma-t.com](http://www.grupoforma-t.com)

TEL.: 982 513 605



# A MARIÑA

## Adif inviste 3,7 millóns de euros na mellora da infraestrutura ferroviaria

Adif impulsa unha nova inversión na rede ferroviaria de ancho métrico en Galicia coa licitación, por un importe de 3,7 millóns de euros, de actuacións para reforzar e consolidar diversas trincheiras no tramo comprendido entre Ortigueira e Burela (55 km), entre as provincias da Coruña e Lugo.

As operacións estenderanse ao longo de 40 km de trincheiras, conferindo maior fiabilidade á infraestrutura ferroviaria e minimizando posibles afectacións á circulación dos trens.

O contrato inclúe traballos de roza e limpeza, para posteriormente sanear e suavizar a pendente dos taludes, dotándoos de maior estabilidade mediante selados en zonas puntuais. Ademais, instala-



ranse mallas protectoras en macizos rochosos con risco de fractura e construíranse cunetas revestidas para reter os materiais que puidesen desprenderse. Finalmente, tamén se actuará nos sistemas de drenaxe lonxitudinal da vía, mellorando a evacuación da auga de escorrentía.

## Alumnos de 12 colexios da Mariña participarán no circuito móbil de educación viaria

Un total de preto de 1.100 escolares de 12 colexios da Mariña participarán no programa piloto de educación viaria, dirixido ao alumnado de Primaria. A iniciativa, promovida pola Consellería de Educación, comezou no CEIP Lois Tobío de Viveiro, cunha participación de 179 rapaces e rapazas. O proxecto incluír un circuito móbil de educación viaria que se desprazará aos centros e o seu obxectivo é ensinar aos nenos os aspectos básicos da seguridade viaria

e fomentar condutas responsables. Unha das partes principais da formación será o coñecemento e respecto aos sinais de tráfico. Os seguintes centros que acollerán as xornadas serán o CEIP do Vicedo (17 de marzo), Gregorio Sanz de Ribadeo (19 de marzo), Santa María do Valadouro (24 de marzo), CEIP Nº1 de Foz (26 de marzo), San Miguel de Reinante, en Barreiros (28 de marzo), Castro de Alfoz (31 de marzo) e Juan Rey de Lourenzán (2 de abril).

## Trabada e Barreiros avogan por investimentos conxuntos para mellorar a rede viaria local

Os concellos de Trabada e Barreiros veñen de solicitar unha subvención conxunta de máis de 50.000 euros para a reforma dunha vía municipal que conecta a parroquia de Fórnea, en Trabada, con Vilamartín Pequeno, en Barreiros.

O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou a importancia de colaborar con concellos veciños para acceder a fondos que permitan mellorar a rede viaria. "Sempre buscamos acadar o

máximo posible de subvencións, incluso traballando en conxunto con outros concellos, como xa fixemos no pasado con Ribadeo para a reforma dunha ponte e estrada municipal", explicou.

Esta solicitude encádrase dentro da estratexia común de ambos gobernos locais, que buscan mellorar a calidade de vida da súa poboación mediante investimentos clave na infraestrutura municipal.

## Besteiro afirma que o PSdeG é a única esquerda capaz de gobernar

O secretario xeral do PSdeG, José Ramón Gómez Besteiro, proclamou na clausura do 15º Congreso Nacional do Partido Socialista de Galicia que o PSdeG é a única esquerda con capacidade de gobernar Galicia: "Somos a alternativa real ao conformismo do PP e á Galicia da resignación que impón Rueda. Somos a esquerda que pode, a única esquerda que pode", afirmou ante un auditorio cheo de militantes e simpatizantes.

"Estamos preparados para gobernar porque somos capaces de liderar o cambio en Galicia. Hoxe comeza ese camiño. Non é unha frase feita, é unha firme convicción. Sei que podemos ser a alternativa política en Galicia para cambiar este país. Somos a esquerda que pode, a única esquerda que pode. Por estas e moitas máis razóns, este partido ten unha folla de ruta propia e é a única esquerda que pode. Estou convencido!"

Acompañado polo presidente do Goberno e secretario xeral do PSOE, Pedro Sánchez, Besteiro reivindicou o papel clave do socialismo para transformar Galicia, denunciando a parálise de 16 anos de gobernos do PP e poñendo en valor as políticas progresistas que xa están a mellorar a vida dos galegos grazas ao Goberno de España. "Dicían que era imposible



manter un goberno de progreso en España e fixémoslo", exclamou Besteiro, arrincando un sonoro aplauso. O líder dos socialistas galegos fixo un chamamento á mobilización da esquerda, deixando claro que non hai atallos nin terceiras vías: o único cambio posible en Galicia pasa polo PSdeG. "Aquí hai tres opcións: unha dereita que só goberna para os seus, un nacionalismo que se pecha en si mesmo e un proxecto socialista que sempre puxo Galicia no centro. Nós somos a esquerda de todos e todas, a esquerda galega, a esquerda que pode e que vai gobernar", asegurou. Besteiro tamén denunciou a parálise da sanidade galega, destacando que máis de 200.000 galegos agardan por unha cita cun especialista. Asegurou que o PSdeG reforzará a

atención primaria, reducirá as listas de espera e garantirá un sistema sanitario público forte e accesible para todos.

Ademais, falou da necesidade dunha política de vivenda efectiva, comprometéndose a crear un Banco Público de Alugueiro para garantir prezos accesibles e evitar que a mocidade teña que marchar de Galicia por non poder pagar unha casa.

Por último, fixo unha defensa apaixonada da democracia, denunciando o perigo do ascenso da extrema dereita e a manipulación nos medios públicos ao servizo do PP. "Este Congreso marca o inicio dun camiño sen volta atrás. Galicia necesita un cambio e nós lideraremos ese cambio. Sen unha soa pinga de dúbida. Ímolo facer!", concluíu.

## Aprobada a finalización da senda peonil entre os concellos de Alfoz e O Valadouro

O deputado mariño Daniel Castro García logrou que o Parlamento de Galicia aprobase por unanimidade unha Proposición non de lei presentada polo BNG. A iniciativa insta á Xunta a rematar canto antes a senda peonil entre Vilaúde e O Reirado, que comunica os concellos de Alfoz e O Valadouro.

A construción desta infraestrutura iniciouse hai máis dunha década como unha medida para mellorar a comunicación entre ambos os municipios, cuxa poboación mantén fortes vínculos sociais, laborais e económicos. Porén, a obra quedou incompleta, deixando un tramo final de aproximadamente 600 metros sen executar. Segundo explicou Castro, "esta carencia obriga aos veciños e veciñas a desviarse por

estradas secundarias, poñendo en risco a súa seguridade".

En febreiro de 2020, o Concello de Alfoz trasladou á Xunta unha proposta formal para completar o proxecto, pero ata o momento non obtivo resposta.

**INFRAESTRUTURA CLAVE.** O deputado destacou que a finalización da senda peonil é fundamental para mellorar a mobilidade, fomentar a actividade física e garantir a seguridade das persoas que transitan entre Vilaúde e O Reirado. Así, o BNG urxe á Xunta a atender as demandas dos concellos e completar "dunha vez por todas" esta infraestrutura. Dende a formación nacionalista reiteran o seu compromiso co desenvolvemento das infraestruturas locais e coa seguridade viaria.

## O Entroido galego será declarado Ben de Interese Cultural

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, José López Campos, anunciou que a Xunta declarará o Entroido galego como Ben de Interese Cultural. Deste xeito, salientou que unha das tradicións "con maior arraigamento popular" en Galicia pasará a contar coa máxima protección, "acorde coa súa relevancia no noso patrimonio inmaterial".

De igual xeito, puxo en valor o "interese etnolóxico, a función social e a riqueza cultural e patrimonial" desta celebración, á que erixiu como "unha das máis plurais, ricas e diversas" nas súas diferentes manifestacións, espalladas por todo o territorio galego. Ademais, enzalzou o seu "espírito lúdico" como unha das súas "cernas características", o que propicia "a sociabilidade e a convivencia interxeracional, fornecendo a identidade colectiva non só do lugar en concreto onde se celebra, senón de todo o pobo galego".



## Alcoa amplía o seu capital pero advirte dunha situación delicada

O comité de empresa de Alcoa en San Cibrao informou de que Aluminio Español ampliou recentemente o seu capital en 161.199.721 millóns de euros, alcanzando un total de 351.594.346 millóns, segundo recolle o Boletín Oficial do Rexistro Mercantil do día 10 de febreiro. A compañía contaba cun saldo previo de 190.394.625 millóns de euros.

Segundo Alcoa, esta operación non supón unha inxección de fondos novos, senón unha capitalización de débedas para poder garantir o futuro da planta. A multinacional recoñece que a situación segue a ser delicada e que nos últimos anos rexistrou grandes perdas en España, financiadas con préstamos internos dentro do grupo.

Porén, desde o comité de empresa, o seu presidente, José Antonio Zan, pon en dúbida os argumentos da compañía e asegura que “non pode ser que Alcoa diga que vai a unha quebra con 190 millóns na conta”.



**BALSA DE LODOS.** A Consellería de Economía e Industria, a través da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas, vén de aprobar a autorización para a ampliación da balsa de lodos vermellos da planta de Alcoa en San Cibrao, unha medida que permitirá incrementar a súa capacidade en catro metros máis.

A balsa de lodos vermellos resulta esencial para o funcionamento da factoría, xa que posibilita o depósito dos residuos xerados durante o proceso industrial de produción

de alumina a partir de bauxita mediante o proceso Bayer. Sen esta infraestrutura, a continuidade da actividade veríase comprometida. A autorización agora concedida cumpre co compromiso anunciado pola conselleira de Economía e Industria, que avanzara hai unhas semanas que o permiso estaría dispoñible a mediados de mes. Ademais, a aprobación conta cunha declaración de impacto ambiental favorable, garantindo unha tramitación respectuosa co medio ambiente e en liña coas normativas vixentes.

## Escolares da Mariña, premiados no certame de debuxo da Policía Nacional

O alumnado da Mariña lucense tivo unha destacada participación no concurso infantil de debuxo convocado con motivo do Bicentenario da Policía Nacional. No acto de entrega de premios, celebrado na Delegación Territorial da Xunta en Lugo, recoñeceu o talento de varios escolares da comarca.

Na segunda categoría, dirixida a alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria, Carmen Bustabad Fernández, do CEIP de Celeiro, obtivo o primeiro premio. Ademais, Martina López Candía, do CEIP Península da Paz de Cervo, logrou o terceiro posto nesta mesma categoría.

Na terceira categoría, correspondente ao alumnado de 5º e 6º de



Primaria, Sonia Mora Seijo, do CEIP de Celeiro, proclamouse gañadora, destacando entre todos os participantes.

Os escolares premiados recibiron un lote de libros, un diploma acreditativo e un calendario con ilustracións

dos traballos galardoados. A participación da Mariña lucense neste certame reflicte o compromiso dos centros educativos da comarca coa creatividade, a expresión artística e o uso da lingua galega entre os máis novos.

## Saúde Mental A Mariña reforza o apoio a mulleres vulnerables



A Asociación Saúde Mental A Mariña continúa a desenvolver o programa “Velando pola miña saúde integral”, que, no ano 2025, chega á súa sexta edición. Este programa, que se presenta este ano de maneira conxunta coa Saúde Mental FEAFES Galicia, a nosa federación, está a ser cofinanciado pola Consellería de Política Social e Igualdade, grazas á subvención destinada á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social. Esta axuda provén da asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades. Este financiamento permite á entidade dar continuidade a un programa que resulta esencial para mellorar a calidade de vida das mulleres beneficiarias. A través deste, ofrécese un apoio que se fai fundamental na súa integración social e na súa atención integral, tendo un impacto positivo tanto na súa saúde física como mental. A misión principal do programa é ofrecer un apoio constante ás usuarias das Unidades Residenciais e da Vivenda Tutelada para Mulleres Víctimas de Violencia de Xénero con Enfermidade Mental. A súa finalidade é mellorar a atención á saúde integral destas mulleres, facilitando a súa comprensión e seguimento das citas médicas, así como axu-

dar no cumprimento das indicacións e tratamentos médicos.

No marco deste programa, tamén se busca manter a estabilidade clínica das usuarias, favorecendo o seguimento das pautas farmacolóxicas e demais indicacións médicas. O obxectivo é garantir que cada usuaria reciba o tratamento adecuado e personalizado segundo as súas necesidades individuais. Esta atención integral permite que as mulleres poidan facer fronte mellor á súa situación persoal e sanitaria, ao mesmo tempo que reciben a axuda necesaria para recuperar a súa autonomía.

Entre as accións desenvolvidas neste programa, destacan os acompañamentos en citas médicas, os talleres de educación para a saúde e outras actividades que buscan mellorar o benestar físico e emocional das participantes. Estas iniciativas proporcionan un espazo seguro para aprender sobre autocoidados, e tamén teñen un enfoque psicosocial que pretende favorecer a recuperación e a integración plena das mulleres na sociedade. O éxito deste programa vén da man da implicación de todas as persoas que traballan nel, así como do apoio institucional que fai posible a súa continuidade.

Quando necesitas energía limpia y accesible, **él está aquí**

**Cree en el Sol**

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en [edpenergia.es](https://www.edpenergia.es)

edp



# Un compromiso coa inclusión e mellora da calidade de vida

**A Asociación Camiña, 30 anos de loita pola inclusión e mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual na Mariña Lucense**

Por Ana Somoza

Fundada en 1990, Camiña é unha asociación sen ánimo de lucro que naceu coa misión de mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, ademais de fomentar a súa inclusión social e desenvolvemento persoal. O proxecto xurdiu dunha iniciativa de pais e nais preocupados por crear unha organización de referencia na comarca da Mariña Lucense, que cubriera as necesidades do colectivo, ao carecer daquela dunha entidade de apoio local.

**MISIÓN E VALORES.** Camiña ten como misión principal mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual, proporcionarlles recursos de ocio e actividades que traballen diferentes áreas do desenvolvemento persoal e social. A súa filosofía de traballo está baseada en valores fundamentais como a inclusión social, a igualdade de oportunidades, o respecto pola diversidade e o compromiso co desenvolvemento integral das persoas usuarias. A asociación tamén se caracteriza polo seu enfoque en fomentar unha sociedade máis empática, inclusiva e consciente das necesidades deste colectivo, traballando a súa integración desde un enfoque que parte da atención individualizada e a oferta de servizos adaptados ás diferentes idades e necesidades.

**PROGRAMAS PARA TODOS.** Unha das principais liñas de traballo de Camiña é a atención a diferentes franxas de idade, adaptando os programas ás etapas vitais dos usuarios. Para os máis pequenos, entre 3 e 12 anos, a asociación ofrece o programa 'Ocio Concilia', un espazo onde as actividades de lecer combínanse coa necesidade de apoio á conciliación familiar. Este programa, subvencionado polo IRPF, tamén fomenta o desenvolvemento social e emocional dos pequenos, promovendo a súa integración e mellora nas relacións sociais. Por outra banda, o grupo xuvenil, formado por persoas a partir dos 18 anos, participa en 'Medrar dende o lecer', un programa no que se traballa a autonomía, as habilidades sociais e a interacción a través de dinámicas grupais e actividades inclusivas. A tra-

vés de todas estas iniciativas, Camiña busca mellorar as capacidades de cada individuo para desenvolverse nunha sociedade que, a miúdo, non lles ofrece as mesmas oportunidades. Durante as vacacións escolares, como no verán ou Nadal, Camiña tamén organiza actividades de ocio inclusivas para menores de entre 3 e 10 anos, fomentando a igualdade e a participación activa sen exclusións, independentemente das circunstancias.

**ACTIVIDADES.** A oferta de Camiña non se limita ao ámbito do ocio, senón que tamén abrangue actividades culturais, deportivas e educativas. O apoio educativo é unha das pezas clave do traballo da asociación, xa que permite ofrecer aos usuarios a posibilidade de mellorar a súa autonomía e a súa capacidade de xestión emocional. A través de talleres prácticos e de fortalecemento das habilidades sociais, as persoas usuarias melloran a súa capacidade para interactuar de forma positiva no seu entorno. Entre as actividades culturais, a asociación organiza visitas ao Museo do Mar ou exposicións na Casa da Cultura, que axudan aos participantes a desenvolver unha apreciación pola arte e a cultura local. No ámbito deportivo, a asociación promove actividades como paseos, ximnasia de

mantemento ou mesmo montada a cabalo, todo co fin de combater o sedentarismo e mellorar a condición física dos usuarios. As actividades artísticas, como talleres de manualidades e pintura, tamén son un elemento fundamental para potenciar a creatividade e a expresión dos participantes.

**EQUIPO E RETOS.** O equipo que traballa en Camiña está formado por profesionais cualificados en educación, integración social e psicología, que se encargan de ofrecer a mellor atención aos usuarios. A asociación tamén conta cun gran número de voluntarios que se implican de maneira desinteresada nas actividades, axudando a mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual. Non obstante, a pesar do seu éxito e compromiso, Camiña enfróntase a varios desafíos. Un dos maiores retos que afronta a asociación é a necesidade de maior implicación social e o apoio económico para garantir a súa sustentabilidade a longo prazo. A asociación depende principalmente das subvencións públicas, o que fai que a súa estabilidade económica sexa un desafío constante. Outro dos retos principais é adaptarse ás necesidades cambiantes dos usuarios e das súas familias, ofrecendo cada vez



máis servizos que melloren a calidade de vida e a autonomía das persoas atendidas. Neste sentido, a asociación está traballando para incorporar novos programas terapéuticos, cada vez máis demandados polas familias.

**PROXECTOS DE FUTURO.** Camiña Burela ten un plan ambicioso para os próximos anos, co obxectivo de seguir crescendo e mellorando os servizos que ofrece. Un dos proxectos principais é a implantación das actividades ao aire libre, co fin de ofrecer aos usuarios un contacto directo coa natureza, fundamental para o seu desenvolvemento integral. A implementación de servizos terapéuticos tamén é unha prioridade, co obxectivo de mello-

rar o benestar físico, emocional e social das persoas usuarias. Ademais, Camiña planea reforzar as súas accións de sensibilización social e concienciación, organizando charlas e talleres para diferentes colectivos, como centros educativos e institucións, co fin de promover unha maior inclusión e empatía cara as persoas con discapacidade intelectual. A súa misión é non só mellorar a vida dos usuarios directos, senón tamén fomentar unha sociedade máis inclusiva e solidaria.

**COMO COLABORAR.** Para poder seguir co seu traballo e mellorar a vida das persoas con discapacidade intelectual, Camiña Burela necesita o apoio de todos. As persoas interesadas en colaborar poden facelo de diversas formas, xa sexa facéndose socios, participando como voluntarios nas actividades, facendo doazóns económicas ou materiais, ou simplemente difundindo o labor da asociación a través das redes sociais. A asociación tamén conta con varias canles de contacto para aquelas persoas que desexen obter máis información ou sumarse ao proxecto: o correo electrónico [asociacioncamiña@gmail.com](mailto:asociacioncamiña@gmail.com), o teléfono 982 580 423 e as súas redes sociais (Instagram e Facebook @asociacioncamiña). A implicación de todos é clave para garantir que Camiña continúe sendo unha entidade de referencia na Mariña Lucense e que as persoas con discapacidade intelectual sigan recibindo o apoio que merecen. Camiña Burela, con 30 anos de historia, segue sendo un faro de esperanza e apoio para as persoas con discapacidade intelectual na Mariña Lucense, e continúa traballando para mellorar a súa inclusión social e o seu benestar.

**Un dos maiores retos que afronta a asociación é a necesidade de maior implicación social e o apoio económico para garantir a súa sustentabilidade a longo prazo**



**Camiña traballa para reducir as desigualdades, ofrecendo programas e recursos adaptados que favorecen a inclusión e a mellora da calidade de vida**



## NOVAS

viveiro

## Pelayo Fernández renuncia como organizador de Naseiro 2025

O presidente da comisión de festas Amigos de Naseiro, Pelayo Fernández, anunciou a súa dimisión como organizador da edición de 2025, alegando a falta de apoio económico por parte do Concello, que a día 15 de febreiro aínda non achegou o 15 % do financiamento comprometido. Fernández lembra que, cando asumiu o cargo o pasado ano, xa deixou claro que a súa intención non era permanecer de forma indefinida, senón introducir melloras e facilitar un modelo de organización sostible para o futuro. O acordo co Concello estipulaba que este cubriría un 15 % do custo total da festa, mentres que a comisión asumiría o 85 % restante. A pesar das dificultades, grazas á colaboración veciñal, a comisión logrou reunir ata o 90 %.

Unha vez rematada a edición de 2024, reuníronse con técnicos de Augas de Galicia e Medio Ambiente para planificar Naseiro 2025 e expuxeron unha serie de melloras ne-



cesarias, como a instalación dunha fosa séptica para evitar vertidos ao río, a dotación de baños públicos na zona ou a recuperación da baixada ao río. Os proxectos foron ben recibidos e abriron a porta a ser implementados dentro do marco legal. Porén, os prazos fóronse dilatando e o Concello, que levaba meses asegurando que solucionaríase o pagamento da súa parte, non cumpriu. "Dixéronnos que se arranxaría en setembro, logo outubro, novembro, decem-

bro, xaneiro... e seguimos igual. Sen ese 15 %, non temos recursos para facer absolutamente nada", explica Fernández, que lamenta que esta situación impida avanzar cos preparativos.

Finalmente, recalca que a súa decisión non busca sinalar culpables, senón expoñer unha realidade que lle impide continuar á fronte da organización. Aínda así, comprométese a colaborar con quen decida asumir o reto de manter viva a romaría.

## O Goberno central inviste máis de 600.000 euros na recuperación da praia de Covas



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou en Viveiro o compromiso do Executivo coa posta en valor da costa da Mariña, cun investimento de máis de 600.000 euros na recuperación da praia de Covas. Durante unha visita ao areal, acompañado pola exalcaldesa, María Loureiro, e a subdelegada do Goberno na provincia, Isabel Rodríguez, Blanco puxo en valor a insistencia do Concello para sacar adiante este proxecto, que responde a unha demanda histórica da veciñanza. O proxecto, actualmente en fase de tramitación, inclúe a erradicación de especies invasoras e a repoboación con especies autóctonas, así como a instalación de novas pasarelas accesibles con bancos para mellorar os accesos desde o paseo á zona de baño. Ademais, prevese a execución dun valado con postes e cordas para protexer as dunas e garantir a súa conservación. Estes traballos non requiren tramitación ambiental e terán unha duración estimada de entre tres e catro meses.

Paralelamente, investirase preto de 100.000 euros na mellora da seguridade da pasarela sobre o río Landro, co obxectivo de evitar esvaramentos e mellorar a accesibilidade para os peóns.

A exalcaldesa, María Loureiro, destacou a importancia destas actuacións para a conservación do patrimonio natural e a mellora da accesibilidade no municipio. "A recuperación das dunas permitirá preservar un ecosistema fundamental e, ao mesmo tempo, mellorar a experiencia dos usuarios da praia, garantindo accesos cómodos e seguros para todos", afirmou.

Ademais, no marco das actuacións municipais, o Concello avanza nos trámites para a cesión de varios terreos pertencentes ao Dominio Público Marítimo-Terrestre, incluída a explanada da Variante. Segundo o goberno municipal, este proceso está na súa fase final tras a aprobación da modificación da liña de ribeira por parte da Dirección Xeral da Costa e do Mar.

## Viveiro mellorará a avenida de Santiago cunha renovación integral

O Concello levará a cabo a reposición do pavimento e dos servizos urbanos na avenida de Santiago, no barrio do Conexo, dentro da parroquia de Covas. A obra, financiada a través do Plan Único da Deputación de Lugo, contará cun orzamento de 189.261,61 euros e permitirá renovar unha das principais vías de ac-

ceso a varios núcleos de poboación. Debido á antigüidade da vía e ao elevado tráfico que soporta, tanto o firme de rodadura como os servizos urbanos presentan un notable deterioro. O proxecto contempla a mellora da rede de saneamento, a instalación dunha nova rede de abastecemento e a renovación da

sinalización viaria.

A exalcaldesa de Viveiro, María Loureiro, destacou a importancia desta intervención: "Esta actuación evitará as continuas reparacións que foron necesarias ata o momento nesta zona, garantindo un bo servizo e funcionamento para os veciños".

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694  
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com



# Cambio histórico no Concello de Viveiro: O PP toma a Alcaldía

Tras 22 anos de liderado socialista, e 11 de María Loureiro, o PP inicia unha nova etapa marcada por desafíos e colaboracións necesarias

O pleno do Concello de Viveiro marcou un cambio histórico co triunfo da moción de censura presentada polo Partido Popular, que, co apoio de Por Viveiro, desaloxou á socialista María Loureiro da Alcaldía. Mariña Gueimunde, nova alcaldesa, agradeceu o respaldo recibido e xustificou a moción polo que considera un “descontrol absoluto” na xestión municipal. Loureiro, pola súa banda, defendeu o seu mandato de 11 anos e comprometeuse a seguir traballando dende a oposición para recuperar a confianza cidadá nas próximas eleccións. Míriam Bermúdez,

do BNG, denunciou a falta de apoio da Xunta ao goberno saínte e acusou ao PP de favorecerse desta situación.

Bernardo Fraga, de Por Viveiro, destacou que a súa decisión responde ao seu compromiso co “cambio necesario” e rexeitou as críticas do PSOE, advertindo con accións legais se non hai rectificacións públicas.

Con esta votación, o PP volve ao poder en Viveiro tras 22 anos, pero deberá gobernar en minoría. Gueimunde recoñeceu as dificultades do novo escenario político, mais afirmou que afronta o reto con ilu-

sión e responsabilidade. A incerteza marca o inicio desta nova etapa, na que a gobernabilidade dependerá da capacidade de diálogo do novo executivo local.

**OPINIÓNS.** O Secretario Xeral do PSdeG na provincia de Lugo e Presidente da Deputación provincial, José Tomé Roca, cualificou de “lamentable” a sesión de investidura e denunciou o “transfuguismo político”.

Foi crítico coa formación Por Viveiro, “unha candidatura teoricamente progresista que se vendeu nos brazos do Partido Popular non



sabemos a cambio de que aínda, pero saberémolo”. Ademais Tomé Roca reprochou que antepuxeran intereses persoais á vontade que a veciñanza manifestou nas urnas. “Produciuse unha traizón aos veciños por parte de Por Viveiro e estamos convencidos de que tomarán boa nota e en dous anos dirán que queren volver a ter o Goberno que merecen”, subliñou. Valorou ademais que “o PP está na súa salsa neste tipo de situacións,

é o que lle gusta, está habituado a comprar vontades e votos para facer mocións de censura e nós o que queremos é un Goberno digno en Viveiro”. Nese sentido asegurou que “desde a Deputación imos seguir a traballar lealmente co novo Goberno, como facemos con todos os concellos” e engadiu que “por suposto” seguirán apoiando á socialista María Loureiro, “que fixo un gran traballo como Alcaldesa de Viveiro”.

## ENTREVISTA A MARIÑA GUEIMUNDE

### “Non se poden improvisar os orzamentos nin as inversións”

Mariña Gueimunde é a nova alcaldesa de Viveiro, quen afronta o cargo con ilusión e moita preocupación pola débeda municipal

#### Que motivou a decisión de presentar esta moción de censura?

Basicamente a desidia do Goberno local, que semella que vai sen rumbo e en improvisación continua. Non se poden improvisar os presupostos. Non se poden improvisar as investimentos. E despois chegar ao ano pasado, con máis dun millón de euros de facturas do ano anterior. E agora estamos á espera do resultado das contas xerais do ano 2024, que polo que sabemos xa ían 400.000 de débeda e sen orzamento municipal.

#### Así que será unha sorpresa o que atope ao chegar, non?

Teño moitos defectos, pero son clara, eu sei que o que digo non lle gusta a todo o mundo, pero a realidade é que serei transparente, non enganarei aos cidadáns, non quero levar culpas que non teño. Son consciente da situación do Concello, sei que isto non é doado, que non é un traballo a curto prazo, e non lle boto toda a culpa nin sequera, ao PSOE e o BNG, pois ao mellor tamén hai que entoar o mea culpa por cousas que xa viñan de antes resultado das investimentos que aínda están aí. Pero despois de 22 anos que o Partido Popular non goberna en Viveiro, creo que é tempo suficiente para amosar o que podemos facer. Eu creo nos cambios de política, é dicir, que non se pode apousetar

ningún partido porque está ben ver as cousas desde outra perspectiva.

#### Que expectativas ten respecto as colaboracións coas administracións?

Eu pretendo ser respectuosa institucionalmente. Presentareime, pedirei audiencias para intentar falar e traer todo o que poida para Viveiro. Vou pedir cita co representante da delegación do Goberno, e por suposto, co presidente da Deputación,

os veciños non entenden nin de competencias, nin de política e moito menos de mocións de censura, o único que entenden é de servizos e ver que os cartos se empregan na vila. E por suposto apelarei ó presidente da Xunta de Galicia.

#### Cales son os seus principais obxectivos?

A folla de ruta que asinamos é unha folla de ruta de Goberno. Non son esixencias únicas exclusivamente á Xunta de Galicia. Senón que son para todas as administracións e para nós mesmos. O primeiro é facer o orzamento municipal, e en función diso, todo o que poida contar agora queda un pouco velado, porque non sabemos se podemos mover esta pedra de aquí alí ou se podemos tapar unha fochanca. Despois, eu creo que o casco histórico necesita unha actuación urxente xa que é o que levamos fóra das nosas fronteiras, do que presumimos e o primeiro que ven os turistas cando nos visitan pero sobre todo polos que convivimos todo o ano na vila. O seguinte serán as parroquias, pois son espectaculares, temos unhas paraxes dignas de visitar e debemos valoralas. Tamén hai que tratar de mellorar os servizos, de xestionar os nosos recursos tanto materiais como humanos, de entrar no Concello, de ver onde podemos axudar, onde se necesita priorizar, e



para iso hai que escoitar aos profesionais, aos funcionarios municipais pois son os que reciben as queixas dos veciños e son os primeiros que ven as deficiencias. Eu voume fiar moito deles e por iso reunireime con todos e cada un dos servizos, xunto cos delegados de área. E tamén seguiremos apostando polo que vende Viveiro: Resurrección,

asentamento de empresas, e non hai traballo, non hai emprego e non hai familias. Tamén hai un problema coa vivenda que debemos aliviar.

#### Que pasa co PXOM?

É moi curioso que digan despois de 20 anos que non temos PXOM cando a Xunta fixo os seus deberes e os informes técnicos que derivaban de diferentes departamentos de Xunta de Galicia están aí. Non podemos dicir o mesmo dos que derivan do Goberno do Estado (telecomunicacións, do Ministerio de Transición Ecolóxica e que veu tres veces negativo, e o de ADIF) nin tampouco do traballo que debería ter feito o Concello (notificacións das parcelas que non se fixeron, nin tampouco as resolucións ás alegacións) etc. A anterior alcaldesa tiña un traballo que facer xunto cos técnicos, e ela como cabeza do Concello é a responsable de todo isto.

#### E coa variante?

Pois nós o que pretendemos facer é activar a licitación do proxecto, (en dous anos é imposible facer máis). É dicir, actualizar o proxecto e facer algunha adaptación á normativa ou modificación se fose necesaria.

### “A prioridade é revitalizar o casco histórico e escoitar aos profesionais municipais”

Semana Santa, Mostra Folclórica, polo comercio, o Entroido, a gastronomía... que é moi importante, por iso digo que a prioridade é revitalizar o casco histórico. Escoitaremos ao sector, tanto o da madeira, como o pesqueiro, visibilizaremos o noso potencial artístico, deportivo, científico etc. Todos poden e deben de ser embaixadores da nosa terra. E debemos apostar tamén polo sector industrial e por iso é tan importante o PXOM, sen el non hai



## Viveiro presenta a súa nova orquestra, Trova da Mariña

O Concello e a Comunidade de Montes de Galdo organizaron un concerto de presentación da orquestra Trova da Mariña. Esta nova agrupación, pertencente á Asociación de Alumnado Adulto do Conservatorio Profesional de Música de Viveiro, Melomanía, está formada por 12 músicos de diferentes ámbitos musicais, como a desaparecida orquestra Variedades, a Banda de Música de Viveiro e profesores do propio conservatorio, todos dirixidos polo profesor Lino Rico.

O concerto contará coa participación de tres cantantes destacados: Mario Vale, presidente da Asociación Melomanía; Marga Insua, gañadora do Festival do Landro; e Lolo Castro, cantante profesional que traballou en orquestras como Trébol, Poceiro e Montes.

A orquestra Trova da Mariña ofrece-



rá un repertorio variado, no que se mesturan estilos de música española, latina, galega, pasodobres, cumbias e moito máis. A súa formación clásica inclúe dous saxos, dúas trompetas, un trombón, guitarra, baixo, batería, teclado e tres cantantes, co obxectivo de render homenaxe ás

antigas orquestras de Viveiro. Melomanía é unha asociación profundamente arraigada no Conservatorio de Música de Viveiro, que actualmente conta con 130 asociados que estudan diferentes especialidades instrumentais, ademais de lingua musical e coro.

## Comeza a renovación das beirarrúas na estrada LU-540



O Concello deu inicio ás obras de renovación das beirarrúas no tramo da estrada LU-540 entre o museo de cerámica Regal Xunqueira e o local de Severiano Agrocomercial, un percorrido de 750 metros situado na parroquia de Magazos. Estas actuacións, que foran anunciadas no pasado mes de decembro, contan cun investimento de 110.795,19 euros e serán executadas pola empresa López y Leis S.A., cun prazo de exe-

cución de tres meses. As melloras previstas inclúen a demolición do pavimento actual, a instalación dun novo bordo de formigón e a construción dunha beirarrúa de formigón impreso de 15 cm de espesor. Tamén se instalará pavimento podotáctil en puntos estratégicos e substituiranse as bocas de rega existentes, ademais de mellorar a rede de abastecemento na zona para evitar futuras avarías.

## AFA de Viveiro remata a primeira fase das obras do novo centro

A Asociación de Familiares de Persoas con Alzhéimer e Outras Demencias (AFA) de Viveiro continúa dando pasos cara á posta en marcha do seu centro terapéutico na rúa Irmáns Vilar Ponte, nun inmoble cedido polo Concello. O proxecto avanza segundo o previsto, e a primeira fase das obras xa está rematada.

A intervención está financiada con fondos do IRPF destinados a fins sociais. En 2024, a Xunta concedeu 140.000 euros para os traballos,

e a asociación agarda agora a resolución da axuda para 2025, que prevé que sexa algo menor. Tamén recibirán financiamento en 2026, momento no que determinarán se poden completar a habilitación do baixo do inmoble ou se precisan buscar novos apoios económicos.

A propia asociación contribuíu cun 10 % adicional no pasado ano, sumando un investimento total de 153.000 euros. Ata o momento, os traballos centráronse na retirada de entullos e na cimentación do

edificio. Este ano, prevese levantar a estrutura metálica e construír o piso inferior, mentres que a terceira fase, en 2026, permitirá acondicionar os espazos interiores.

O centro terapéutico situarase no baixo do inmoble e contará con oficinas para a traballadora social e a psicóloga, baños adaptados, un vestiario para o persoal, dúas salas de estar e unha de enfermería. Na primeira planta habilitarase dúas salas adicionais, unha sala de reunións para familiares e máis baños.

## Instalan vitrinas informativas para mellorar a comunicación

O Goberno local pon en marcha o proxecto "Vitrinas Informativas para o Rural Viveirense", co obxectivo de mellorar a comunicación coas parroquias e dinamizar a súa vida social e cultural. As vitrinas situarase en espazos de referencia para a comunidade, como antigas escolas e vías de acceso frecuentadas, facilitando á veciñanza o acceso á información municipal e servindo como soporte para a difusión de actividades, eventos e anuncios das asociacións locais. Os puntos de instalación serán: Landrove (Vial 778), Chavín (Vial 1110), Valcarría (Vial 1063), San Pedro (Escola vella), Magazos (Escola vella),

Xunqueira (Vial 161), Galdo (Escola vella), Vieiro (Escola vella), Celeiro (Escola vella) e Faro (Escola vella).

O proxecto, que conta coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación, responde á necesidade de fortalecer a conexión entre o Concello e as parroquias rurais, onde a dispersión poboacional dificulta o acceso á información. "As vitrinas permitirán reforzar o tecido asociativo, promover as actividades locais e dar visibilidade ao sector primario, poñendo en valor a importancia da agricultura e da gandaría no desenvolvemento económico e social de Viveiro", destacan dende a organización.

## Juan Manuel Basoa será o pregoeiro da Semana Santa

A Xunta de Confrarías de Viveiro anunciou que o pregoeiro da Semana Santa de 2025 será o reverendo Juan Manuel Basoa Rodríguez, un nome vinculado á cidade pola súa destacada labor pastoral e o seu forte compromiso coa identidade cristiá. A súa elección foi unánime por parte da directiva da Xunta de Confrarías, que valorou tanto a pegada que deixou en Viveiro como a súa capacidade de emocionar coa palabra.

Juan Manuel Basoa, nado en Madrid en 1966, pasou gran parte da súa vida en Galicia e conta cunha ampla traxectoria



dentro da Igrexa. Ordenado sacerdote en 1992, desenvolveu a súa actividade pastoral en

diversas localidades, entre elas Viveiro, onde estivo destinado desde 2014 ata 2022. Durante ese tempo, consolidou a Unidade Pastoral da cidade xunto a Xosé Román Escourido, converténdose nun referente espiritual para a comunidade.

Na actualidade, exerce como formador no Seminario Interdiocesano "Apóstol Santiago", en Santiago de Compostela. A Xunta de Confrarías mostrou a súa satisfacción por contar con el como pregoeiro, destacando a súa conexión coa Semana Santa viveirense e o seu compromiso coa transmisión da fe.

ACADEMIA

# A Mariña

**MANIPULADOR DE ALIMENTOS**

**APLICADOR FITOSANITARIOS**

**BIENESTAR ANIMAL**

**PROTOCOLOS DE ACOSO**

**PRERREQUISITOS -APPCC**

**PROTECCIÓN DE DATOS**

**FORMACIÓN BONIFICADA**

**formacion@amarina.org - Tf.: 982 585 098**



## A UNED de Foz ofrece formación sobre xestión do estrés

A Aula Universitaria da UNED en Foz lanza a súa programación de actividades para o mes de marzo cunha variada oferta formativa que abrangue desde a ilustración ata a sustentabilidade, pasando polo estudo da Constitución, o benestar persoal e unha presentación sobre a flora local.

O 24 de marzo iniciárase o curso sobre o estrés permanente, impartido pola psicóloga Alba Burundarena, que analizará o impacto do esgotamento na vida cotiá e dotará aos participantes de ferramentas para xestionalo. Desenvolverase os luns, de 15:30 a 20:30 horas.

“As actividades de extensión universitaria da UNED en Foz buscan ser un recurso accesible e de calidade para toda a comunidade. Convidamos á cidadanía a participar e lembramos que o período de matrícula para este segundo semestre segue aberto”, explica Marta Muiña, coordinadora da Aula Universitaria.

## Acia Foz CCA sortea 500 euros en vales de compra na campaña do Día do Pai

Acia Foz CCA pon en marcha unha nova campaña comercial con motivo do Día do Pai, que se desenvolverá entre o 10 e o 19 de marzo. Durante este período, aquelas persoas que realicen compras por un importe superior a 10 euros nos establecementos adheridos ao CCA recibirán papeletas para participar no sorteo de 500 euros en vales de compra.

O presidente de Acia Foz CCA, José Carlos Paleo, anunciou que o sorteo terá lugar o 24 de marzo en Radio Foz e que se repartirán cinco premios de 100 euros cada un. Paleo destacou que esta iniciativa busca premiar a fidelidade da clientela local e animar as compras no pequeno comercio da vila, onde se poden atopar todo tipo de agasallos para celebrar esta data especial. “Queremos que os veciños e visitantes sigan apostando polo comercio de Foz, onde atoparán os mellores detalles para os pais, os Pepes e as Pepitas. E, por suposto, despois toca celebralo, como se merece, na nosa hostalería, en familia e cos amigos”, engadiu Paleo.

# Aprobada a licitación do servizo de auga tras o acordo político

O Concello de Foz aprobou a licitación do contrato de concesión do servizo de abastecemento de auga potable, saneamento e depuración de augas residuais co apoio do PSdeG-PSOE e a abstención do PP e BNG. O alcalde, Fran Cajoto, destacou o traballo técnico realizado e lembrou que este contrato, de 29 millóns de euros e 15 anos de duración, é o máis relevante da lexislatura. Inclúe melloras como o mantemento preventivo da rede de saneamento, a xestión completa do sistema de depuración e investimentos en infraestruturas clave.

As empresas que concursen poderán obter máis puntuación se propoñen a renovación da condución entre Fazouro e Pico do Castro por 500.000 euros. Ademais, deberán pagar un canon inicial de 1,1 millóns de euros e mellorar as plantas potabilizadoras de Cordido e Fazouro. A adjudicataria terá que mellorar a captación e filtrado en Cordido cun investimento de 100.000 euros e re-



novar integralmente a potabilizadora de Fazouro cunha achega de 1,1 millóns de euros. Tamén se destinaran 58.000 euros anuais á mellora da rede de abastecemento. O obxectivo é garantir unha auga de calidade e unha depuración eficiente.

O PP abstívose tras negociar investimentos para o municipio. Inicialmente, propuxo unha rebaixa do 30% nas taxas municipais para os residentes habituais, pero ante a negativa do

PSOE, aceptou incluír obras no próximo Plan da Deputación. Entre elas, está a renovación do céspede artificial do campo de fútbol de Malates. O PP reafirmou a súa vontade de desbloquear proxectos beneficiosos para os veciños e lembrou ao alcalde a urxencia de resolver o problema da residencia de maiores, insistindo na necesidade dunha ordenanza de axudas aos usuarios afectados pola suba das taxas.

## O Torques de Marzán organiza unha cea baile de Irmandade

A Asociación de Veciños O Torques de Marzán celebrará a súa XXV Cea-Baile de Irmandade o vindeiro sábado 22 de marzo de 2025, a partir das 21:30 horas, no local O Rincón do Mís, en Marzán, Foz. Esta tradición chega a súa 25ª edición cun menú variado, que incluírá tapas de ibéricos e queixos, croquetas, luras encebolladas, ovos rotos con xamón ibérico, pementos recheos de marisco, carrilleiras estilo Rincón, entre outros manxares.

Os socios da asociación poderán participar por un prezo de 18€, mentres que os non socios deberán abonar 35€. Ademais, os nenos e nenas menores de 11 anos poderán asistir de forma gratuíta. O evento contará cun sorteo de agasallos e música en directo a cargo do DÚO EPO-K, para animar a noite de festa e baile.

A venda de entradas está aberta nas tendas Hilvan (en Chelo) e na Rúa da Cadra, e tamén se pode adquirir no propio local da asociación. As prazas son limitadas e o prazo para apuntarse remata o luns 17 de marzo.

## Finalizan as obras da rotonda de Cangas



As obras da rotonda de Cangas de Foz na estrada Nacional 642, situada no cruce que dá acceso aos barrios de Ribela e Gralleira, remataron definitivamente, permitindo a apertura total ao tráfico sen restricións. O último paso pendente, a revisión da sinalización, foi levado a cabo polos responsables da Demarcación de Estradas en Galicia, marcando así o peche dun proxecto cuxa fase principal xa quedara concluída a finais de 2024, xusto antes das festas de Nadal.

A actuación mellora a seguridade viaria nun punto de elevada circulación, optimizando os accesos e reducindo o risco de accidentes. O alcalde de Foz destacou o cumprimento dos prazos,

lembrando que o proxecto de trazado destas rotondas se aprobou provisionalmente no BOE en agosto de 2022. “Hoxe abriu ao tráfico a primeira delas, as obras da segunda comezarán nunhas semanas. Compromisos cumpridos”, sinalou.

A seguinte intervención prevista na zona será a construción dunha segunda rotonda no cruce da Nacional 642 coa LU-162, coñecida como estrada de Ferreira. Este punto de conexión, que dá acceso ao centro cívico e á igrexa de Cangas, tamén soporta un elevado volume de tráfico e presenta problemas de seguridade. A previsión é que os traballos comencen en breve para seguir mellorando a rede viaria do municipio.

## O crecemento de Foz avanza con novas licenzas urbanísticas

Na última Xunta de Goberno Local celebrada o martes, o Concello de Foz aprobou varias licenzas urbanísticas para novas vivendas no municipio. Entre as máis destacadas, figuran tres licenzas para a construción de vivendas unifamiliares en Marzán, Foz e Fazouro, así como a rehabilitación dun inmoible en Fazouro e a ampliación doutra vivenda en Cangas. Estas iniciativas suman ao crecemento demográfico do municipio, que acadou os 10.276 habitantes censados en 2024, o que supón un incremento de 78 persoas respecto ao ano anterior.

O alcalde, Fran Cajoto, subliñou a importancia de axilizar os trámites para fomentar o crecemento urbano e reactivar a economía local. “Estamos a traballar para reducir os tempos de espera e asegurar que as licenzas contan cos informes favorables necesarios”, comentou o rexedor, tamén destacando o feito de que se aprobaron catro licenzas de parcelación e tres de innecesariedade de parcelación.

Non obstante, Cajoto alertou sobre a problemática do alto prezo dos alugueiros e a escaseza de vivenda



social no municipio. “Foz é un motor na Mariña, pero temos un serio problema co acceso á vivenda”, afirmou, facendo un chamamento á Xunta para que priorice os concellos con maior demanda de vivenda social.

A situación foi criticada polo Partido Popular, que acusa ao alcalde de xestionar mal as licenzas e de prometer medidas sen dar resultados concretos. O voceiro do PP, Javier Castiñeira, pediu a Cajoto que se desculpase polos atrasos e que traballase para xestionar a cesión de solares do Sareb para a promoción de vivenda social.



# “A paixón polo café levoume á vitoria no certame de cata”

Hugo Díez foi o gañador do XIII Campionato Internacional de Cata de Cafés, quen destaca a importancia da formación e a práctica na arte da cata

Por Ana Somoza

**Como se sente ao gañar este prestigioso certame?**

Pois síntome moi emocionado e orgulloso. Foi unha experiencia incrible e non esperaba chegar tan lonxe, sobre todo porque competín con xente con moita experiencia. Gañar este certame dame máis confianza para seguir aprendendo e mellorando no mundo da cata de cafés.

**Que o motivou a participar no certame de Cata de Cafés?**

Gústame o mundo do café por iso decidínme a probar. Así que foi unha decisión persoal, pero o apoio da xente que me rodea foi fundamental.

**Como foi a súa preparación para este certame?**

A preparación foi intensa durante varios meses. Estiven probando diferentes tipos de café, identificando sabores e aromas. Tamén lin moito sobre técnicas de cata e sobre a influencia da orixe nos matices do café. En total, foron moitas horas de dedicación, pero pagou a pena.

**Durante a competición, houbo algún momento no que sentiu que podía gañar?**

Sinceramente, só quería facelo o mellor posible. Pero houbo un momento, que como non sabía como me saíra a cata brasileira que tiven dúbidas, pero despois pensei: Vale, pode que teña opcións.

**Como xestionou os nervios durante o certame?**

Os nervios estaban aí, pero intentei

concentrarme no que sabía facer e bloquear todo o demais.

**Que criterios utilizou para avaliar os diferentes cafés que tivo que catar?**

Fixeime sobre todo na acidez, o corpo, o aroma e o gusto. A complexidade dos sabores tamén é importante, porque un bo café debe ter matices.

**Como é a proba de cata?**

A proba de cata de cafés consiste en avaliar distintas mostras de café para identificar as súas características sensoriais, como aroma, sabor, acidez e corpo. Os participantes deben demostrar a súa capacidade para distinguir e recoñecer os diferentes perfís de cada café a través de varias fases. Na identificación de sabores, preséntanse 10 cuncas de café, das cales 2 conteñen só

auga, e o obxectivo é recoñecer os sabores que van desde o doce ata o amargo. Na proba de aromas, hai 10 mostras con diferentes cheiros e os participantes deben identificar correctamente cada un deles, o que require unha gran memoria olfactiva. A proba de triangulación presenta tres cuncas, das que dúas conteñen o mesmo café e unha é distinta, e o desafío é recoñecer cal é a diferente empregando o olfacto e o gusto. A cata brasileira inclúe cinco tipos de café distintos: arábica lavado, arábica natural, robusta natural, café de especialidade e arábica honey. Os participantes teñen 20 minutos para probar, ulir e identificar correctamente cada un destes cafés. Para destacar nunha proba coma esta, é fundamental adestrar o padal e a memoria olfactiva a través da práctica continua, probando diferentes cafés e aprendendo a dis-



tinguir os seus matices para mellorar a precisión na identificación de sabores e aromas.

**Que diferencia hai entre os diferentes cafés da cata?**

Por exemplo, o robusta natural distíngoo porque, unha vez moído, ten unha cor máis intensa e un aroma a terra húmida. O arábica lavado ten un sabor máis suave que o arábica natural, loxicamente porque está lavado e perde propiedades. O arábica natural é un pouco máis forte que o arábica lavado, pero máis suave que o robusta natural. O arábica honey é un café arábica, como o seu propio nome indica, cun proceso honey ou mel. E o café de especia-

lidade, pois a verdade é que é moi, moi parecido ao arábica lavado.

**Cal é o seu preferido?**

Para min, o que máis me gusta dos tres ao probalo na cata brasileira é o arábica en xeral.

**Agora que gañou este certame, como ve o seu futuro no mundo do café?**

Pois primeiro quero seguir formándome pois aínda son moi novo. Gustaríame aprender máis porque cada paso no proceso do café inflúe no resultado final. Non sei se será o meu futuro profesional, pero si que quero seguir explorando este mundo.

**Que consello daría a outras persoas que estean interesadas na cata de cafés?**

Que participen e que non teñan medo de tentalo e que, se lles gusta, sigan co mundo dos cafés. O primeiro é ter curiosidade e probar moitos cafés diferentes, e despois que fai falla paciencia e práctica.

**Para rematar, como cre que iniciativas como este certame de Cata de Cafés poden contribuir á promoción da cultura do café en Galicia?**

Estes certames axudan a valorar máis o café de especialidade e a educar o padal da xente. Ademais, poden abrir portas para que máis persoas se interesen profesionalmente por este mundo.

## O talento barista da Mariña brilla en Foz

Foz converteuse en epicentro do talento barista coa celebración do XIII Campionato Internacional de Cata de Cafés, dentro do XII Campionato Internacional de Escolas de Hostalería. O gran vencedor desta edición foi Hugo Díez Castro, do IES de Foz, quen logrou alzarse co primeiro posto. O segundo foi compartido por Rebeca Palacios, da Escola de Hostalería de Gamarra en Vitoria-Gasteiz, e Tony Wang, do CIFP Cidade de León en León, ao producirse un empate técnico. O terceiro lugar

recaeu en Diana Fuenmayor de Medeiros, do CIFP Burlada de Navarra.

**ESCOLAS DE HOSTALARÍA.** O primeiro premio do XVII Campionato de Baristas de Escolas de Hostalería foi para Izaro Garro de Gamarra (Vitoria), mentres que o segundo premio foi para Paula Álvarez do CIFP Vilamarín (Ourense) e o terceiro para Ángela Roque, do IES Sanxillao de Lugo.

**BARISTAS PROFESIONAIS.** O ba-

rista burelés Simón Rodríguez Rouco proclamouse este venres campión do XI Campionato Internacional de Baristas Profesionais, celebrado no IES de Foz.

No certame participaron finalmente sete baristas, tras rexistrarse dúas baixas por causas alleas á organización. O segundo posto foi para Iago Rivas Eiroá, natural de Foz, mentres que o terceiro lugar recaeu en Florentina Gabriela Tudorache, de Viveiro.

**AGENDA CULTURAL DE GALICIA**

Concertos  
Ferias ■ Festivales  
Fiestas ■ Infantil  
Humor ■ Gastronomía  
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

**OCIO EN GALICIA**  
www.ocioengalicia.com



## EN BREVE

**REMOURELLE.** O vindeiro sábado 3 de maio, a parroquia de Remourelle acollerá a XII Ruta Cabalar, unha cita ineludible para os amantes do mundo ecuestre e da festa. O evento comezará ás 10.00 horas cunha espectacular ruta a cabalo que percorrerá fermosos paraxes da contorna. Ademais da ruta, os asistentes poderán gozar dunha xornada chea de actividades, como pinchos, unha gran comida, sorteos, música e animación. Para os máis pequenos haberá colchonetas e fútbolín, garantindo diversión para toda a familia. A organización continúa pechando detalles e informará proximamente sobre o programa definitivo. Mentres tanto, animan a todos os interesados a reservar a data e confirmar a súa asistencia nos teléfonos de contacto: Ana (659 629 457), Nuria (676 770 918) e Antía (636 864 132).

**PLÁSTICOS.** A recollida de plásticos agrícolas porta a porta en Ribadeo dará comezo do vindeiro 3 de marzo. O concelleiro de Medio Ambiente, Diego Dos Santos, sinala que “este servizo prolongarase durante os días que sexan necesarios para atender todos os avisos de recibidos en tempo e forma”. O edil ribadense explica que “para asegurar que o servizo se preste nas condicións idóneas, todas as explotacións que precisen a recollida procurarán ter os plásticos en lugar adecuado e facilmente accesible para o camión de recollida e solicitarano a través do teléfono do Punto Limpo municipal que é o 664 000 932, dentro do seu horario, isto é de luns a venres de 9 a 13 horas e de 16 a 18:30 e os sábados de 9 a 13 horas.

**LECTURA.** O club de lectura en lingua galega da Escola Oficial de Idiomas (EOI) de Ribadeo celebrará a súa segunda xuntanza o vindeiro 18 de marzo. Despois dunha exitosa primeira convocatoria no trimestre anterior, o club reunirá aos seus membros na biblioteca da EOI ás 17:00 horas para falar sobre ‘Resaiño amargo’, o primeiro libro publicado pola escritora Lucía Ferro. Este club de lectura está aberto non só ao alumnado da EOI, senón tamén a todas as persoas que desexen participar e compartir a súa visión sobre a obra. Nesta nova edición, ademais, contará coa colaboración de voluntarios do programa de voluntariado da EOI, que se está a desenvolver polo segundo ano consecutivo. Esta xuntanza é unha oportunidade para fomentar a lectura en galego.

## O Goberno local inviste en arranxos na pista de patinaxe



O Concello de Ribadeo estivo a mellorar a pista de patinaxe, co obxectivo de ter as obras listas en catro semanas. O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, criticou a xestión do BNG, acusándoo de malgastar recursos e non inaugurar correctamente a pista. Asegura que, desde que o novo goberno tomou posesión, os técnicos supervisaron

as obras, e agora están a arranxar desperfectos como mellorar a iluminación, substituír luminarias e redes perimetrais, e reparar a canastra rota. “De todo o que quedou mal fíxose informe para poder incautar a fianza. Esperamos o tempo marcado pola lei e agora é cando estamos arranxando todos os desperfectos”, rematou dicindo Silvent.

## O BNG aclara a colaboración da Deputación co Ribadeo Indiano

Ante as recentes declaracións do PP de Ribadeo, o BNG quere aclarar a realidade sobre a colaboración da Deputación de Lugo co Ribadeo Indiano. Segundo a formación nacionalista, o apoio económico para o evento aumentará en 2025, pasando de 20.000 euros a 23.000 euros, o que reafirma o compromiso da institución provincial coa celebración. O BNG subliña que este apoio canalízase a través de ACISA Ribadeo, unha entidade de recoñecido prestixio, e critica que o Goberno local do PP incumprise repetidamente o convenio de colaboración, poñendo en risco o financiamento do even-

to por motivos de sectarismo político.

O voceiro do BNG de Ribadeo, Pablo Vizoso, acusou ao PP de confrontar coa Deputación por intereses partidistas, sen ter en conta o ben común de Ribadeo. Vizoso pediu que o PP deixase de mentir e se centrase en gobernar para mellorar a vida dos veciños. Ademais, esixiu que a organización da edición de 2025 se leve a cabo con máis previsión e coordinación para evitar os problemas da última edición, que deixou moitos aspectos sen resolver. A súa prioridade, segundo el, debe ser sempre solucionar os problemas dos cidadáns.

## O Concello elimina a maleza da contorna da fonte de Guimarán

O Goberno local eliminará a maleza entre a fonte de Guimarán e as escaleiras de acceso á capela de San Miguel, onde esta fin de semana se produciron desprendementos. O Concello solicitará unha subvención á Xunta para mellorar o espazo natural. O alcalde explicou que o espazo non recibiu coidado nin conservación nos últimos anos, o que levou a derrubamentos de terra e maleza. A actuación incluír a rehabilitación

da fonte, melloras nas escaleiras, a iluminación da zona e a eliminación da maleza. Vega destacou que tamén se introducirá flora trepadora e árbores para mellorar a conservación e estética do espazo. O proxecto superará os 20.000 euros. O rexedor sinalou que, máis aló da mellora, é importante manter o espazo de forma constante, evitando que se repita a falta de coidado que provocou os danos.

## Santalla de Vilausende contará cun aparcadoiro para 56 coches

O Concello e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración por valor de 80.000 euros para a creación dun aparcadoiro na contorna da igrexa de Santalla de Vilausende. O proxecto contempla a habilitación dun espazo con capacidade para 56 vehículos, integrado na paisaxe e pensado para mellorar a accesibilidade na zona.

O alcalde de Ribadeo, Dani Vega, explicou que a actuación responde ás demandas da veciñanza e das asociacións locais: “Tras escoitar as propostas dos veciños e do tecido asociativo, traballamos para conseguir a cesión do terreo,

propiedade do Bispado, e así facilitar o investimento público. O obxectivo é transformar un espazo que estaba en desuso nun servizo útil para a parroquia”.

O proxecto inclúe movemento de terras, acondicionamento do terreo, creación de prazas de aparcamento e a plantación de árbores, garantindo unha integración harmoniosa co medio. Vega destacou a importancia deste tipo de iniciativas: “É fundamental dotar de servizos ás parroquias e investir no rural. Un aparcadoiro humanizado como este mellora a calidade de vida e reforza a cohesión territorial”.

## O Concello pide máis investimentos para mellorar o Centro de Día A Concordia



O Goberno local continúa traballando para mellorar as instalacións do centro de día A Concordia, unha das infraestruturas máis importantes para a atención das persoas maiores no municipio. O alcalde, Dani Vega, anunciou que se solicitará un novo convenio á Xunta de Galicia para seguir investindo no centro e continuar mellorando as condicións dos usuarios.

Neste caso, a actuación máis inmediata será a mellora da climatización da galería do centro de día. Vega explicou que, a pesar de ser un espazo precioso e moi adecuado para que os usuarios poidan gozar das vistas á ría, no verán resulta inoperante debido ás altas temperaturas. “Aí temos que tomar decisións. Neste caso, vamos construír unha cuberta que protexa a zona do sol, mellorando a climatización e facendo que o espazo sexa máis cómodo para todos os usuarios”, comentou o alcalde.

Ademais, o Concello de Ribadeo

tamén traballará na humanización do entorno do centro de día, concretamente na parte traseira, onde se crearán espazos verdes e un horto. Este último permitirá aos usuarios desfrutar dunha actividade ao aire libre, ao tempo que se promoverá a conexión cos espazos naturais. “A creación do horto será unha actividade que permitirá aos usuarios pasar tempo ao aire libre, traballar a terra e gozar dunha relación directa coa natureza”, destacou Vega. O alcalde engadiu que estas propostas, que foron formuladas pola dirección do centro de día, serán trasladadas á Xunta para conseguir a firma dun novo convenio. “Xa investimos 100.000 euros neste ano e agora imos solicitar un novo convenio para seguir mellorando o centro de día A Concordia”, afirmou Vega, quen reiterou a súa petición para que a Xunta siga apostando polo centro e a súa mellora continua.



# Ribadeo xa ten escudo e bandeira oficiais tralo consenso municipal

Ribadeo xa ten listos os seus símbolos oficiais: o escudo e a bandeira, despois dun longo proceso de estudo e debate que culminou coa aprobación definitiva por parte da Comisión de Estudo. O alcalde, Dani Vega, destacou a relevancia deste paso, xa que, a pesar de que Ribadeo contaba cun escudo previo, este non estaba oficialmente aprobado pola Comisión de Heráldica. Con esta nova aprobación, o municipio poderá contar finalmente cunha identidade oficial que reflicta os valores e a historia da vila. “Celebramos a Comisión de Estudo do Escudo e da Bandeira Oficial de Ribadeo tras un proceso de escollida e debate sobre cal debía ser a bandeira que representase a todos os ribadenses”, explicou Vega, resaltando que a proposta partiu do propio municipio. O rexedor subliñou que, durante o proceso, todos os grupos municipais coincidiron na importancia de evitar imposicións externas e de apostar por unha decisión consensuada que representase ao conxunto da



veciñanza.

O proceso de elaboración contou coa colaboración de distintas entidades, como a Comisión de Heráldica, a Xunta de Galicia, o Consello da Cultura Galega e o Instituto Pa-

dre Sarmiento, que traballaron de forma conxunta para chegar á mellor solución. O alcalde tamén agradeceu especialmente o traballo do cronista oficial, Eduardo Gutiérrez, cuxa experiencia e coñecemento foron clave para a aprobación final dos símbolos.

Vega fixo fincapé en que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego contribuíron activamente ao proceso, demostrando que o diálogo e o consenso foron esenciais para tomar unha decisión tan importante, non só para a política local, senón para o sentimento de pertenza da cidadanía. A aprobación do escudo e da bandeira será trasladada agora ao pleno municipal, e posteriormente remitida á Comisión de Heráldica e ao Consello da Xunta para a súa ratificación definitiva nos próximos meses. Este proceso, que pasou por numerosas etapas de avaliación, marca un fito na historia recente do municipio, xa que supón a consolidación da súa identidade visual e institucional.

## A Gala do Deporte contará con Iván Raña e Óscar Pereiro

O vindeiro 14 de marzo terá lugar en Ribadeo a Gala do Deporte na que serán premiados 506 deportistas. Está organizada polo Concello e contará con dous invitados moi especiais: Iván Raña e Óscar Pereiro.

O concelleiro de Deportes, Francisco José Silvent, explicou que “estamos ultimando os detalles deste gran evento deportivo, que se celebrará no pavillón da Avenida de Luarca o 14 de marzo ás 20:30 horas. Contaremos coa presenza de dous grandes deportistas, como son Iván Raña e Óscar Pereiro, aos que lles agradecemos a súa dispoñibilidade para poder acompañarnos nesa importante xornada”.

O edil ribadense contou que “imos premiar a 506 rapaces de 16 modalidades deportivas, que son campións da Mariña, ou que acadaron podios provinciais ou galegos, ou que se atopan nos top 20 en campionatos de España. Queremos recoñecerlles o gran traballo e esforzo que hai detrás de cada unha desas medallas”.

Silvent aproveitou para animar á cidadanía de Ribadeo a vivir de preto esta Gala do Deporte: “desde o Concello animamos ás veciñas e as veciños de Ribadeo a asistir a esta cita o vindeiro 14 de marzo para renderlles homenaxe aos nosos deportistas, a esas rapazas e rapaces que levan ata o máis alto o nome de Ribadeo”.

## O BNG denuncia o colapso da Atención Primaria en Ribadeo



O BNG de Ribadeo denuncia a grave situación da Atención Primaria no municipio, cualificando a súa deterioración como un “abandono deliberado” por parte da Xunta de Galicia. A falta de profesionais está a provocar unha progresiva deterioración dos servizos sanitarios, afectando directamente a veciñanza.

O BNG destaca que a atención pediátrica continúa sen estar garantida, deixando a máis de 900 nenos e nenas sen asistencia especializada durante boa parte do tempo. Ademais, a ausencia dunha matrona, dispoñible só un día á semana, impide que as mulleres embarazadas accedan a clases de preparación ao parto ou a atención prenatal adecuada.

Tamén denuncian a falta de cobertura dunha praza de médica de familia que permanece vacante desde decembro de 2023, e que, ademais,

se agravará nos próximos meses coa xubilación de dúas profesionais máis. A formación considera que a Concellaría de Sanidade está a mirar para outro lado e non quere asumir a súa responsabilidade.

O BNG rexeita as excusas do goberno galego cando afirma que “non hai médicos dispoñibles” e sinala que este problema é consecuencia directa da política de desmantelamento da sanidade pública do Partido Popular. Galicia ocupa o primeiro posto en saturación da Atención Primaria no Estado e a Xunta só destina o 12 % do seu orzamento sanitario a este servizo esencial.

O BNG esixe á Xunta de Galicia unha solución inmediata para garantir unha sanidade pública de calidade e anima á veciñanza a mobilizarse para reclamar uns servizos sanitarios dignos.

## Veciños denuncian unha caixa eléctrica en mal estado preto dunha zona de xogos



Veciños de Ribadeo expresaron a súa preocupación pola presenza dunha caixa de corrente eléctrica sen tapa situada preto do Pavillón Municipal e dunha zona de xogos infantís. Consideran que esta situación supón un risco para os nenos que xogan na contorna e critican a falta de medidas por parte das autoridades.

“Paréceme dunha gran irresponsabilidade que ao lado do pavillón, onde xogan os nenos, haxa unha caixa eléctrica nestas perigosas condicións. Están esperando a que ocorra unha desgraza para tomar as medidas oportunas?”, lamenta un dos veciños afectados.

Ademais, tamén cuestionan a recente contratación dunha empresa privada para podar uns érbedos na vila. Segundo denuncian, a poda foi realizada pola empresa contratada, pero a recollida dos restos tivo que ser asumida polo propio persoal do Concello. “Se se contrata unha empresa privada, é de supoñer que debe facer o traballo completo. Por que o alcalde é tan afeccionado a contratar empresas privadas? A poda podería facela perfectamente o persoal de Medio Ambiente do Concello”, critican.

Os veciños esixen que se poña solución de inmediato á situación da caixa eléctrica e piden maior transparencia e eficiencia na xestión dos servizos municipais.

**VOX RIBADEO.** A agrupación vén de criticar a situación na que se atopa o parque infantil situado na contorna da Capela de San Miguel, cuxa obra tivo un custo de 40.000 euros e foi contratada mediante un contrato menor, un procedemento que permite a adjudicación directa. Segundo denuncia do grupo, o parque presenta elementos inseguros para os nenos, como unha varanda incompleta que carece de varios barrotes, o que podería supoñer un risco de caída. “Se isto se pode considerar unha obra rematada, que veña Deus e o vexa”, manifestaron.

Ademais, a formación tamén chamou a atención sobre o estado das escaleiras da fonte pública do Valín, un punto moi frecuentado pola veciñanza para a recollida de auga. Segundo denuncian, as deficiencias estruturais das escaleiras poden provocar caídas e accidentes graves, motivo polo que reclaman unha intervención urxente por parte do goberno local.

**REMATEXPRESS**  
Liquidaciones Warehouse

**LIQUIDACIONES**

amazon  
TEMU  
AliExpress  
**SHEIN**  
PAQUETES SORPRESA

RÚA PLÁCIDO PEÑA, 30. 27800 VILALBA, LUGO  
645 347 848 - WWW.REMATEXPRESS.ES



## Melloran a eficiencia da rede de auga para reducir perdas

O Concello rematou as obras de ampliación e mellora da rede de abastecemento na rúa Lamestra. A actuación permitiu mellorar o abastecemento de auga nesta rúa e nos seus cruces, creando un sector diferenciado do anterior, comprendido entre as rúas Eijo Garay, avenida da Mariña e Nosa Señora do Carme. O obxectivo desta sectorialización é localizar fugas de xeito máis sinxelo.

“A verdade é que non estamos tendo moitas avarías grazas a todas estas actuacións que estamos facendo”, explica o edil. “Xa tiñamos sectorizada a rede en 7 zonas, con esta nova autorización pasamos a ter 8”, sinala o concelleiro de Obras, Ramiro Fernández Rey. “Deste xeito gañamos en eficiencia e rapidez para solucionar calquera tipo de problema”, afirma o edil que explica que “o obxectivo é seguir sectorizando zonas, basicamente para ter moi controlada a rede e saber practicamente no momento onde hai fugas e ir directamente a solucións”.

## O GPA impulsa novas iniciativas para a mocidade

O Grupo de Participación Adolescente (GPA) celebrou unha nova xuntanza na que os mozos seguiron traballando en diversas iniciativas. O concelleiro de Xuventude, Mario Pillado, destacou a importante asistencia e o crecemento do grupo tanto en número como en diversidade. A xuntanza centrouse en varias propostas, como a reflexión sobre o amor e as relacións, ademais, a aula de xogos da Casa da Xuventude, que acolle un crecente número de mozos e mozas, centrouse na organización de campionatos ou ligas de Ping Pong e UNO, para fomentar as relacións interpersoais e dinamizar o espazo xuvenil.

Outro dos puntos tratados foi a conmemoración do Día Mundial da Radio, coa intención de levar a cabo actividades relacionadas coa comunicación. Unha das propostas foi realizar unha entrevista radiofónica para visibilizar o traballo do GPA e achegarse a un público máis amplo.

Pillado resaltou a importancia deste crecemento e implicación da mocidade, subliñando a satisfacción de ver como o grupo medra e como novos membros se achegan, aportando ideas e desfrutando das actividades.

## A Coruña honra ao burelés Rodrigo Maseda co título de Fillo Adoptivo



Rodrigo Maseda, policía natural de Burela e un dos coñecidos Heroes do Orzán, foi homenaxeado a título póstumo pola cidade da Coruña co título de Fillo Adoptivo. A súa familia recibiu a distinción nun acto presidido pola alcaldesa Inés Rey no Salón de Sesións do Palacio Municipal de María Pita, coincidindo co 13 aniversario do fatídico suceso no que Maseda perdeu a vida xunto a outros dous axentes, Javier López e José Antonio Villamor, ao tratar de rescatar un mozo no mar.

“Os Heroes do Orzán deron a vida por protexer a outros. Son o máis alto exemplo de valentía e compromiso cos valores que nos definen como sociedade”, destacou Inés Rey durante a súa intervención. No acto participaron tamén membros da corpo-


ración municipal, representantes das forzas de seguridade e familiares dos homenaxeados, que interviñeron cunhas emotivas palabras en recordo dos tres policías.

A nai de Rodrigo Maseda, Isabel Lozano, recolleu a distinción en nome do seu fillo. Xunto a el, tamén foron honrados Javier López, recoñecido como Fillo Predilecto, e José Antonio Villamor, tamén nomeado Fillo Adoptivo. Coa concesión destas distincións, a cidade da Coruña reafirma o seu recoñecemento e agradecemento ao sacrificio de Maseda e os seus compañeiros, cuxos nomes quedan xa unidos á historia da cidade xunto a outras figuras ilustres como a actriz María Casares ou o arquitecto Andrés Fernández-Albalat.

## Hugo Gorgojo, do IES Perdouro, acadou o cuarto posto na Olimpíada Informática Galega

Hugo Gorgojo Basanta, estudante do IES Perdouro de Burela, acadou un destacado cuarto posto na Olimpíada Informática Galega 2025 (OIG 2025), organizada polo Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia (CPEIG) en colaboración coas tres universidades galegas. A competición tivo lugar na Escola Técnica Superior de Enxeñaría da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O certame reuniu 18 estudantes de educación secundaria, bacharelato e formación profesional de grao medio procedentes de nove centros educativos de toda Galicia. Entre os participantes houbo representación da Coruña, Vigo, Ribeira, Santiago de Compostela, Brión, Negreira, Burela, O Porriño, Redondela e Vedra.



O primeiro posto foi para David Lago Alonso, do IES Pedro Floriani de Redondela, mentres que o segundo foi para Artai Isasi Vázquez, do IES de Sar de Santiago. A participación de Hugo Gorgojo entre os mellores da competición supón un gran logro para o alumnado do IES Perdouro e para o concello de Burela.

## As Patronais aseguran a festa coa Panorama e o Combo Dominicano



A Asociación de Festas de Burela, liderada por Rubén Pinín, comeza a súa andaina tras organizar o reparto de traballo, iniciando a recadación de fondos para garantir o éxito das Festas Patronais. A creación desta entidade responde á necesidade de dar estabilidade á organización do evento, evitando as dificultades recorrentes para formar comisións anuais.

Xa están confirmadas as primeiras orquestras que amenizarán as celebracións. O venres á noite actuarán Fórmula e Cinema. O sábado, Ritmo Xoven será o protagonista da sesión

vermú e repetirá pola noite xunto con América. O domingo, Solara estará ao mediodía e volverá pola noite, compartindo escenario co Combo Dominicano. O luns, a sesión vermú contará coa orquestra Pontevedra, mentres que a noite será pechada por Cayenna, que conta cunha vocalista de Burela, e a orquestra Panorama.

O Concello reuniuse hai un mes coas entidades implicadas na organización co obxectivo de crear esta nova asociación, garantindo así a continuidade das festas e facilitando a súa xestión a longo prazo.

## O PP critica a “dobre vara de medir” da alcaldesa na aplicación das normativas

Os concelleiros do PP de Burela manifestaron as súas críticas á alcaldesa, Carmela López Moreno, asegurando que aplica “a dobre vara de medir” á hora de aplicar as normativas municipais. Segundo afirman, a alcaldesa mantén un trato moi diferente coas empresas, en comparación co trato que dispensa aos veciños e veciñas da vila.

“Temos que denunciar a dobre moral da señora López Moreno en relación ao trato que lle dispensa aos veciños e veciñas de Burela, moi diferente ao que ten con algúns dos seus socios de goberno no BNG, que definen a certas empresas como do ‘gran capital’”, indicaron dende o PP. En concreto, os populares denuncian que, mentres a alcaldesa mostra unha postura inflexible co común dos veciños en relación á aplicación das normativas, hai unha “flexibilidade anómala” cando se trata de algúns grandes empresarios.

Un dos exemplos citados polos concelleiros populares foi a in-

tensa recadación por parte da Policía Local durante o mandato actual, que, segundo eles, está a camiño de bater un récord. Ademais, critican a obrigatoriedade do pago previo da taxa para obter licencias de obra para todos os veciños, mentres que unha empresa que quere instalarse no polígono portuario de Burela obtivo a súa licenza de obra antes do verán de 2023 sen pagar a taxa correspondente, que por aquel entón ascende a preto de 400.000 euros.

Os concelleiros populares lamentaron a actitude da alcaldesa, afirmando que “mentres os veciños e veciñas de Burela sofren a súa inflexibilidade, a alcaldesa amosa unha actitude leniente, rozando a ilegalidade, con algúns grandes empresarios”. Tamén se mostraron preocupados polo futuro da vila e pola defensa dos intereses dos veciños. “Se é así como a alcaldesa defende os intereses de Burela, estamos aviados”, concluíron.



## Amplían as zonas de 'Bica e arrinca' para mellorar a mobilidade na vila



O Concello de Burela continúa a súa aposta por unha mobilidade máis eficiente e accesible coa ampliación das prazas Bica e arrinca. Estes aparcadoiros especiais, deseñados para facilitar a subida e baixada de menores e persoas con mobilidade reducida, establécense agora tamén en puntos estratégicos como centros sanitarios e farmacias.

As prazas Bica e arrinca, identificadas pola súa cor vermella e a sinalización vertical, permiten un estacionamento máximo de 10 mi-

nutos. A iniciativa xurdiu en 2024 para mellorar a fluidez na entrada e saída dos colexios, evitando acumulacións de tráfico e reforzando a seguridade. Tras a boa acollida, e atendendo ás solicitudes da veciñanza, o Concello decidiu estendelas a outros servizos esenciais.

Así, xa se instalaron novas prazas na rúa Súafonte, preto do centro de saúde, e proximamente colocaranse outras dúas na avenida Arcadio Pardiñas: unha á altura do número 97 e outra fronte á ortopedia da mesma rúa.

## A Fundación Eu Son amplía os seus espazos con novos terreos



A Fundación Eu Son, entidade de referencia na atención a persoas adultas con discapacidade intelectual na Mariña, realizou recentemente unha importante compra de dous terreos que mellorarán os espazos dispoñibles nos seus centros. Estes terreos, de 363m<sup>2</sup> e 375m<sup>2</sup> respectivamente, foron adquiridos para ampliar as instalacións do obradoiro e crear novos espazos ao aire libre para actividades lúdicas e terapéuticas.

A compra destes terreos permitirá a instalación dun novo invernadoiro, espazos de traballo ao aire libre e a dotación de bancos de cultivo e casetas de madeira para activida-

des independentes das condicións meteorolóxicas. Esta expansión, financiada en parte polo proxecto IRPF 2024, supón un salto cualitativo na atención ofrecida ás persoas usuarias, ao garantir un espazo adecuado para potenciar as súas capacidades e mellorar o seu benestar.

Carmela López, presidenta da Fundación Eu Son, destacou que esta compra reflicte o compromiso da entidade coa mellora constante dos servizos e a dignidade das persoas usuarias, consolidando o papel da Fundación como referente na atención a persoas con discapacidade intelectual na comarca.

## Abre a inscrición para dous cursos de competencias dixitais

O Concello de Burela abre o prazo de inscrición para dous cursos presenciais e gratuítos destinados a mellorar as competencias dixitais da cidadanía. Os cursos, con certificación, terán lugar na Aula CeMIT do Centro de Formación Ocupacional e están deseñados para facilitar o uso seguro e eficiente de Internet e as novas tecnoloxías.

O primeiro curso, 'Trámites Electrónicos', está dirixido a persoas mozas de entre 18 e 60 anos e desenvolverase do 17 ao 21 de marzo, de 16:00 a 18:00 horas. Os asistentes aprenderán sobre administración electrónica, banca dixital, videoconferencias, redes sociais e seguridade en Internet. O segundo curso, 'Trámites en Internet', está destinado a persoas maiores de 60 anos e terá lugar nas mesmas datas, de 18:00 a 20:00 horas. Neste caso, os contidos centraranse na iniciación a Internet, administración electrónica e banca dixital, identidade dixital, videoconferencias e redes sociais, así como en aplicacións relacionadas coa saúde e o ocio. As inscricións están abertas e pódense facer na Casa do Concello ou chamando ao 982 586 000.

## O Concello acometerá a limpeza subsidiaria de varias parcelas urbanas



O Concello levará a cabo nos próximos días a limpeza subsidiaria de varias parcelas urbanas co obxectivo de garantir a seguridade e a salubridade. As actuacións realizaranse en parcelas situadas no número 8 da rúa Álvaro Cunqueiro, no 67 da rúa Camiño Real e no 22 da avenida Arcadio Pardiñas. O custo da limpeza oscilará entre os 0,5 e os 0,7 euros por metro cadrado, e os propietarios que non cumpriron coa súa obriga de manter os terreos en condicións adecuadas deberán asumir o prezo final da intervención. Ademais, en función da gravidade do incumprimento da orde de execución, poderían enfrontarse a sancións económicas que van dos 300 aos 6.000 euros.

Desde o Concello lembran a importancia de manter as fincas limpas

para evitar problemas de insalubridade, riscos de incendio e outros perigos asociados ao abandono de terreos en zonas urbanas.

**POLÍGONO.** Tamén estudan a creación de dous carrís de incorporación centrais no polígono de O Perdouro para mellorar a seguridade viaria. A medida busca facilitar o acceso a un supermercado e a un almacén de construción situados a pé de estrada, minimizando así o risco de accidentes. A habilitación destes carrís podería levarse a cabo mediante marcas viarias na calzada e a colocación de illotes que canalicen o tráfico. Segundo indicou a Policía Local de Burela, "levamos tempo traballando en alternativas á canalización do tráfico neste punto debido á sinistralidade que existe".

## Aberto o prazo do Concurso contra a Discriminación Racial

O Concello de Burela abre o prazo de inscrición para a undécima edición do Concurso contra a Discriminación Racial, que estará aberto ata o 21 de marzo. Este concurso busca promover a reflexión e a sensibilización contra a discriminación racial, invitando á cidadanía a participar a través de traballos en diferentes formatos, como debuxos, pinturas, vídeos, lemas ou textos que transmitan unha mensaxe clara de rexeitamento á discriminación.

A participación está aberta a persoas de todas as idades, cunha división en tres categorías: nenos e nenas de 6 a 12 anos, adolescentes de 13 a 17 anos, e persoas de 18 anos en diante. Os traballos poden ser entregados no Concello de Burela

de forma presencial, por correo postal ou por correo electrónico, acompañados da folha de inscrición e un documento identificativo. No caso de menores, será necesaria a autorización dos pais ou titores.

As bases do concurso e a folha de inscrición están dispoñibles na web do Concello. O cartel deste ano foi elaborado por Shiva Eliska Alinda Nurhakim, gañadora da edición anterior. O tenente de alcaldesa, Mario Pillado, destacou que o cartel elixido transmite perfectamente os valores do concurso e será utilizado para promocionar diversas iniciativas.

Para máis información, as persoas interesadas poden consultar no Concello ou chamar ao 982 586 000.

## Touriñán e Perdomo levan 'Corentena · Game Over' a Burela

Tras o éxito de 'Corentena', que conquistou ao público o ano pasado, Xosé A. Touriñán e David Perdomo volven unirse para ofrecer unha nova proposta teatral baixo o título de Corentena · Game Over. O espectáculo mestura a realidade dos seus personaxes no escenario coa interacción do público a través dun videoxogo especialmente creado para a ocasión, no que se inician unha serie de aventuras para resolver os problemas do futuro.

A xira, que xa comezou en Pontevedra, levará Corentena · Game Over a diversas cidades de Galicia, incluíndo Burela o 14 de marzo. A función promete ser unha fábula de aventuras na que os espectadores poderán participar activamente. Con máis de 20.000 espectadores na súa anterior proposta, a coprodución aspira a repetir o éxito na súa nova etapa.





## Novo Servizo de Atención Temperá para nenos con trastornos no desenvolvemento

Mondoñedo inicia un novo Servizo de Atención Temperá, dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecerlos. Este servizo, totalmente público e gratuíto, busca mellorar a autonomía e a inclusión social dos menores, ofrecendo intervencións adaptadas ás súas necesidades individuais.

O servizo ofrecerá apoio especializado tanto aos menores como ás súas familias, axudando no desenvolvemento persoal dos nenos e promovendo a igualdade de oportunidades para todos. Esta intervención temperá está pensada para facilitar un des-

envolvemento integral durante os primeiros anos de vida, favorecendo a integración social e educativa. Dará servizo á agrupación de concellos de Mondoñedo, Abadín, Barreiros, Lourenzá, A Pastoriza, A Pontenova, Riotorto, Trabada, Meira e Pol.

O Servizo de Atención Temperá atópase na avenida Bos Aires nº 19, no Colexio Novo de Mondoñedo, e os interesados poden contactar ao teléfono 982 52 20 31 ou a través do correo electrónico [atenciontemperamondonedo@gmail.com](mailto:atenciontemperamondonedo@gmail.com). O horario de atención será de luns a xoves de 8:00 h a 15:00 h e de 16:00 h a 19:00 h, e os venres de 8:00 h a 15:00 h.

## Mondoñedo celebra o Día Internacional da Muller cunha 'Comida da Igualdade'

Con motivo do Día Internacional da Muller, o Concello organiza o 15 de marzo a 'Comida da Igualdade', un evento pensado para promover a igualdade entre mulleres e homes nun ambiente festivo e lúdico.

A actividade comezará ás 14:00 horas na Finca San Antonio, onde se poderá gozar dunha xornada de convivencia, sorteos de agasallos e

animación musical.

Ten un custo de 25 euros por persoa, con descontos para os máis pequenos: 12,50 euros para nenos de 5 a 9 anos e de balde para os menores de 4 anos. Este evento busca ofrecer un espazo de encontro onde compartir unha xornada de igualdade, destacando o compromiso do Concello coa inclusión e a convivencia.

## En marcha as visitas 2025 á cova do Rei Cintolo

O Concello xunto coa Federación Galega de Espeleoloxía, retoma a campaña de visitas guiadas á cova do Rei Cintolo para 2025. As visitas terán lugar os venres, sábados e domingos en dous grupos: un ás 11:00 horas e outro ás 16:00 horas. Durante a Semana Santa, as visitas amplíase a todos os días da semana. A partir de abril, as visitas continuarán os fins de semana e festivos, e no verán engadirase un grupo ás 18:30 horas.

As visitas realizan un percorrido de 300 metros na Galería Central da cova, cunha duración aproximada de 1h 15min. A forma física requirida é normal, sen problemas de mobilidade, lesións ou afeccións cardiorespiratorias. É necesario realizar reserva previa na



Oficina de Turismo ou e-mail [turismo@concellomondonedo.es](mailto:turismo@concellomondonedo.es). A novidade deste ano é a oferta das visitas á Zona do Río, un percorrido máis longo e complexo para persoas cun nivel físico superior, con visitas dispoñibles baixo demanda, sempre con reserva previa.

## O Concello acolle a XXIV Concentración Mototurística os días 22 e 23 de marzo



Mondoñedo prepara para os días 22 e 23 de marzo a XXIV edición da súa tradicional Concentración Mototurística, un evento que atraerá a centos de moteiros de toda Galicia. Durante estes dous días, os participantes poderán gozar dunha variada programación que inclúe actividades para todos os gustos, como música en directo, desfiles, sorteos e moito máis.

A apertura do evento terá lugar ás 12:00 h do sábado 22 de marzo coa apertura de inscricións. A partir das 13:00 h, terá lugar unha sesión vermú animada polo DJ Puzzle, que continuará ata as 16:00 h coas súas dinámicas de música, xogos e sorteos. A partir das 20:00 h, os asistentes poderán desfrutar dun desfile polas rúas de Mondoñedo, antes de asistir á cea na Finca San Antonio a partir das 21:15 h, que contará tamén coa entrega de trofeos e a queima popular. A xornada

rematará coa actuación da orquestra Fuego.

O domingo 23 de marzo, a partir das 10:00 h, os participantes poderán tomar un delicioso almuerzo para comezar o día. Ás 11:00 h, os moteiros gozarán dunha ruta libre polas estradas, coas que poderán gozar dos fermosos paisaxes galegos mentres realizan algúns encontros sorpresa. O evento finalizará ás 14:00 h cunha comida de despedida na Finca San Antonio, no Salón Comedor.

A entrada para a Concentración Mototurística de Mondoñedo ten un prezo de 30 euros para media e 40 euros para a entrada completa. Este evento, que se celebrará baixo carpa na zona de acampada do Pabellón Polideportivo, promete ser unha cita ineludible para os amantes do motociclismo e do ambiente festivo.

## Adega pide a paralización da canteira de Campo do Oso

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (Adega) presentou recentemente un escrito á Dirección Xeral de Enerxía e Minas solicitando a paralización das canteiras de lousa situadas en Xemil e Campo do Oso, en A Pastoriza e Mondoñedo. A entidade ecoloxista denuncia que as actividades mineiras nesas zonas superan en máis de 30 hectáreas a superficie autorizada pola Declaración de Efectos Ambientais (DEA) de 1998.

Adega subliña que as explotacións de Xemil-Pastoriza e Campo do Oso, identificadas como LU/C/5530 Fracción Pastoriza e LU/C/5530.2, carecen da preceptiva avaliación ambiental, incumprindo a normativa vixente establecida na Lei 21/2013

e o Decreto 327/91. A fronte de Xemil-Pastoriza ocupa 30,93 hectáreas, cando a superficie inicial era de 6,84 hectáreas, o que representa un exceso de 24 hectáreas. A fronte de Campo do Oso supera as 9 hectáreas, fronte ás 3,73 hectáreas permitidas. Adega solicita que, ademais de paralizar as actividades, se obrigue á empresa responsable a restaurar as zonas afectadas e executar o plan de restauración para as 10,57 hectáreas autorizadas. Tamén esixe a tramitación dun novo plan para as áreas afectadas ilegalmente. A entidade insiste na necesidade de que se garanta o cumprimento da lexislación ambiental e se protexa o patrimonio natural de Galicia.

## Sara González, premiada no Certame de Poesía de Nadal da Biblioteca de Lugo

A barreirense Sara González Pérez resultou gañadora do segundo premio na categoría B (9-11 anos) do Certame de Poesía de Nadal convocado pola Biblioteca Pública de Lugo. O concurso, que busca fomentar a creatividade literaria entre os máis novos, recibiu numerosas propostas, destacando a calidade dos traballos presentados.

A entrega de premios celebrouse no salón de actos da Biblioteca Pública de Lugo, nun acto no que se recoñeceu o talento dos participantes e se puxo en valor a importancia da poesía como expresión artística.

## NatureWatch chega á Mariña para poñela en valor como destino de turismo sostible

Xa está aberto o prazo de inscrición para o encontro de observación da natureza natureWatch, que se celebrará no Centro Sociocultural de Barreiros do 28 ao 30 de marzo. As persoas interesadas poden inscribirse a través da páxina web oficial do evento.

NatureWatch, recoñecido pola Organización Mundial do Turismo desde a súa primeira edición en 2017, celebra xa máis de 20 encontros en diversas provincias españolas, consolidándose como un evento de referencia no ecoturismo. A súa principal meta é promover o turismo sostible de natureza e a súa divulgación. Neste caso, o evento busca posicionar A Mariña como un destino de natureza de relevancia a nivel nacional.

A presidenta da Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense, Rocío López, destacou a importancia de acoller este evento para o desenvolvemento económico e social da comarca, xa que fomenta o turismo activo, a gastronomía local e os produtores da zona. Parte do custo das inscricións destinarase tamén a un proxecto de conservación ambiental xestionado por REBINXE, unha organización local de protección da biodiversidade.

O programa inclúe ponencias sobre sostibilidade e ecoturismo, visitas guiadas ao Monumento Natural Praia das Catedrais, e unha xornada na Serra do Xistral, entre outras actividades. O evento está promovido pola Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense e cofinanciado por varias entidades públicas.



## A Escola Infantil modernízase con intervencións en seguridade

O Concello de Barreiros continúa a súa aposta pola mellora da Escola Infantil Municipal, co obxectivo de actualizala, melloralala e corrixi-la as deficiencias detectadas nos últimos anos. Nesta ocasión, as intervencións previstas inclúen o pintado exterior do edificio e a renovación do patio exterior, onde se instalarán elementos adaptados á seguridade e á pedagogía, un dos piares do sistema educativo centrado na evolución das nenas e nenos.

No marco destas actuacións, retírase o mobiliario fixo que incumpre as normas de seguridade vixentes, substituíndoo por elementos móbiles que fomentan a mobilidade e a psicomotricidade, aspectos chave no desenvolvemento infantil. Tamén se drenará o muro do patio para evitar filtracións de humidade e se instalará unha saída de emerxencia, mellorando así a seguridade das instalacións.

Ademais, o recoñecido grafitero Diego As será o encargado de personalizar o exterior da escola cun mural que reflicte a identidade de



Barreiros e o significado dunha educación libre e igualitaria. A alcaldesa expresou a súa satisfacción por contar cun artista de tal nivel para embelecer o centro e converter este espazo nun lugar aínda máis especial para as nenas e nenos.

**SAF.** O Concello vén de poñer en marcha un novo servizo dirixido ás familias de persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), co que facilitan a información e a comunicación entre familias e o propio servizo. A APP é totalmente gratuíta e pode

solicitarse poñéndose en contacto co departamento municipal e facilitando os datos da persoa ou persoas que queren ter acceso á mesma. Dende o Concello explican que se trata dunha aplicación móbil gratuíta na que poden darse de alta varias persoas e a través da cal se comunican de forma máis inmediata as modificacións ou informacións que atinxan ao servizo. “Trátase de dar tranquilidade ás familias con persoas usuarias, de xeito que teñan toda a información a disposición dun xeito áxil e sinxelo”, explican.

## Barreiros demandará accesos directos ao polígono dende a A-74

A alcaldesa de Barreiros, Ana Ermida, convocou unha reunión co sector empresarial do polígono barreirense para analizar diversas cuestións de interese tanto para o tecido empresarial como para o Concello. Ao encontro, no que participaron todos os membros do goberno municipal, asistiron representantes das empresas e abordáronse temas clave para o desenvolvemento do parque empresarial, como o novo trazado proposto para a autovía A-74. Durante a xuntanza, acordouse presentar alegacións á proposta para esixir un acceso directo ao polígono, unha demanda que a alcaldesa cualificou como “imperiosa necesidade e de sentido común”. Ana Ermida lembrou que esta solicitude foi presentada xa en 2019, mesmo antes de chegar ao goberno municipal.

A reunión tamén destacou a importancia do polígono de Barreiros como un dos máis dinámicos da comarca. A alcaldesa insistiu na necesidade de mellorar os accesos para aumentar a competitividade das empresas e facilitar



futuras ampliacións.

A alcaldesa anunciou, ademais, un proxecto de mellora do parque empresarial que inclúe a renovación do alumeadado, melloras na sinalización viaria e pequenas intervencións nas beirarrúas e espazos comúns. Estas accións se levarán a cabo a través de liñas de axuda, e foron valoradas positivamente polo empresario, que destacou que estas melloras levaban anos sen ser atendidas.

**NOVA DEPURADORA.** Outro punto importante foi a necesidade

de dotar ao polígono dunha nova depuradora, pois a actual, que foi unha solución provisional, non dá servizo á totalidade do parque. Concello e empresario coincidiron na importancia de que a Xunta se implique na dotación dunha depuradora adecuada.

**LEI CONTRA INCENDIOS.** Finalmente, a reunión tamén tratou o cumprimento da Lei contra Incendios, destacando a preocupación pola proximidade de plantacións forestais que representan un risco para as naves do polígono.

## O PP esixe o cambio das lámpadas nas rotondas das estradas N-634 e N-642



Os concelleiros do Grupo Municipal do PP de Barreiros reiteran a urxente necesidade de substituír as lámpadas fundidas nas rotondas que conectan as estradas N-634 e N-642, así como na rotonda de acceso á A-8. O voceiro popular, José Manuel Gómez Puente, destacou que a falta de iluminación neste cruce de alto tráfico pon en risco a seguridade viaria.

Gómez Puente lembrou que as lámpadas da rotonda entre as estradas N-634 e N-642 se fundiron en maio do ano pasado, e que os farois da ro-

tonda de acceso á A-8 levan anos sen funcionar. A pesar da importancia deste punto, que conecta dúas das vías máis transitadas da Mariña, “ninguén entende que non se solucionase este problema”.

O PP de Barreiros comprométese a seguir insistindo para que se repare a iluminación, subliñando que é unha cuestión sinxela que melloraría a seguridade na zona. “Non se pode demorar máis, a reparación pode realizarse de inmediato”, concluíu Gómez Puente.

## O Concello de Barreiros inicia as obras para mellorar a rede de saneamento e eliminar vertidos



O Concello iniciou as obras de mellora da rede de saneamento para 2024, co obxectivo de optimizar as conexións e eliminar vertidos ao medio ambiente. Estas actuacións forman parte dun plan anual desenvolvido tras un estudo exhaustivo da rede. O orzamento superará os 50.000 euros e abarca varios puntos críticos, como a falta de continuidade na rede, que causaba vertidos. As melloras incluírán a creación de puntos de conexión entre as redes existentes.

A alcaldesa Ana Ermida e o concelleiro de Medio Ambiente, Dáma-

so Ratoeira, visitaron as obras no cruce entre os camiños municipais e a estrada da Deputación, onde se están a realizar traballos de entronque de tubos que conectan os saneamentos. A alcaldesa destacou a coordinación entre administracións para realizar estas melloras antes do arranxo da estrada e evitar levantala posteriormente. Tamén se está a mellorar a saída do camiño que comunica a estrada de Remior coa de Coto, cun orzamento de 14.595,06 euros, executadas pola empresa Grupo Bascuas.



## O Goberno local recibe novos composteiros para impulsar a compostaxe doméstica

O Concello continúa a traballar na correcta xestión dos residuos orgánicos e por iso decidiu dar continuidade á autocompostaxe nas zonas máis rurais. Desta forma, o ente local aposta pola compostaxe da materia orgánica vía industrial e doméstica, dadas as súas vantaxes ambientais e económicas.

Co fin de seguir estendendo a autoxestión dos restos orgánicos a nivel domiciliario, o concello vén de recibir de Sogama unha nova partida de 25 composteiros para distribuír entre outras tantas vivendas, que en todo caso deben ser unifamiliares e dispoñer de terreo (xardín, horta e/ou terras de cultivo) no que aplicar o compost resultante; un fertilizante natural, que máis aló de achegar nutrientes ao solo, mesmo o preserva fronte a pragas e enfermidades. As familias interesadas poden poñerse en contacto co Concello e recibirán ademais do composteiro, un manual didáctico no que se describe a técnica a aplicar, a re-

lación de materiais que deben, e non deben, introducirse no composteiro, o lugar idóneo para o seu emprazamento e o control de parámetros tales como o osíxeno, a temperatura e a humidade.

**VELUTINA.** A concelleira de Medio Ambiente e o concelleiro de Zona Rural mantiveron un novo encontro cos apicultores do municipio para analizar a incidencia da avespa velutina e avaliar a situación actual da praga.

O obxectivo desta reunión foi seguir apoiando ao sector apícola local e protexer, na medida do posible, o seu traballo e o das súas abellas. “Dende que temos constancia da presenza desta especie invasora no noso Concello, mantemos o noso compromiso cos apicultores e tentamos axudar a minimizar os danos. A campaña de entrega de atraentes de balde, iniciada en 2017, demostrou a súa eficacia na captura de raíñas e seguimos apostando por ela”, indicaron.

## O Concello inviste en melloras de infraestruturas e accesibilidade

O Goberno local está a levar a cabo varios proxectos de mellora no municipio cun investimento total superior aos 140.000 euros, co obxectivo de crear espazos públicos máis accesibles, seguros e funcionais para a veciñanza. Un dos principais proxectos é a renovación integral do local social da parroquia de Lieiro, para a que o Concello colaborou cunha achega de preto de 60.000 euros. Esta reforma mellora a accesibilidade e a seguridade, ademais de renovar a cuberta e instalar unha nova varanda de aceiro inoxidable, entre outras melloras importantes. Outro dos proxectos destacados é a mellora da accesibilidade na Estrada do Faro, en San Cibrao, cun investimento de 20.000 euros. As melloras inclúen a construción dunha nova escada e a instalación dunha varanda para mellorar tanto a seguridade como a estética da zona. Este proxecto busca poñer en valor esta zona emblemática de San Cibrao, moi frecuentada por residentes e visitantes, e con-



tribuír á creación de espazos públicos máis humanizados e seguros.

Unha terceira intervención importante é a mellora do parque infantil da Senra, cunha inversión de máis de 13.000 euros, procedentes integramente de fondos municipais. A actuación céntrase en manter os espazos de lecer en óptimas condicións para o benestar dos nenos e nenas, facendo do parque un espazo máis seguro e agradable para a veciñanza.

A intervención no camiño rural de Mouriños, en Daián, tamén

é relevante. Cun investimento de 48.201,63 euros a través do Plan Único, a actuación mellora o firme asfaltado e a rede de alumbeo público, co obxectivo de mellorar a accesibilidade e as comunicacións nas zonas rurais. Finalmente, tamén se realizaron traballos de mellora no cemiterio de Sargadelos e nas arterias de comunicación do núcleo da Senra, cunha inversión superior aos 150.000 euros, para mellorar a seguridade e a eficiencia enerxética nas infraestruturas do municipio.

## O CD San Ciprián estrea furgoneta grazas ao apoio do Concello de Cervo



O Concello de Cervo vén de colaborar co Club Deportivo San Ciprián mediante a adquisición dunha furgoneta que supuxo un investimento de 16.000 euros. Este novo medio de transporte será de gran utilidade para os integrantes do club, que conta con diferentes modalidades e seccións deportivas.

A alcaldesa destacou que esta furgoneta é “unha ferramenta esencial para o desenvolvemento das actividades do club” e que a súa adquisición reflicte “o compromiso do noso Concello co deporte”.

Neste sentido, explicou que detrás do CD San Ciprián hai un gran tra-

ballo diario e, en moitas ocasións, numerosas necesidades. “Unha delas, e ademais moi importante, era contar cun medio de transporte adecuado para trasladar os deportistas e o seu material aos distintos puntos de competición”, sinalou. A rexedora subliñou que esta axuda representa un investimento tanto de presente como de futuro para o club. “O deporte é unha ferramenta fundamental para o desenvolvemento persoal e social, e por iso seguiremos traballando para apoiar a todas as entidades deportivas do noso Concello”, concluíu.

## San Cibrao acollerá a XXXII Festa do Ourizo e a Foliada Nordestía

San Cibrao preparase para acoller dous dos eventos máis destacados do ano, que combinarán tradición, gastronomía e música. O sábado 15 de marzo terá lugar a XXXII edición da Festa do Ourizo, un evento que se consolidou como unha das grandes festividades de Galicia, sendo declarada de Interese Turístico Galego. Este evento, que celebra o ourizo do mar e a súa importancia dentro da gastronomía local, ofrecerá unha completa programación que arrancará ás 12:00 horas cun showcooking en directo, no que chefs recoñecidos prepararán tapas e pratos elaborados co ourizo como protagonista. Á mesma hora, a asociación Mistura organizará unha degustación de ourizos cocidos na carpa instalada na Praza dos Campos.

A festa contará cunha ampla variedade de actividades para todos os gustos, con participación de establecementos locais como O Noso Lar, As Titas, Bodega de Ana, O Faro, A Penúltima, Maruxaina e Bar Habana, que sorprenderán aos asistentes cunha



oferta gastronómica baseada no ourizo. Ademais, durante todo o día, a música será un dos principais atractivos da festa, con pasarrúas a cargo das charangas Europa e Santa Compañía na tarde e a orquestra Cordosom, que animará a noite a partir das 23:00 horas. Pola súa parte, a Foliada Nordestía, que terá lugar o 12 de abril, traerá á Praza dos Campos unha xornada festiva dedicada á música tradicional. Organizada pola asociación A Rebolaxe, a Foliada será unha celebración de día completo, que empezará

ás 12:00 horas e se prolongará durante toda a xornada e noite. Os asistentes poderán gozar de actividades como os Cantos de Taberna, obradoiros e concertos de música popular, que manterán o ambiente festivo durante todo o día. Ademais, está previsto un xantar popular para que veciños e visitantes podan compartir xuntos unha comida tradicional. O prazo de inscricións para os Cantos de Taberna xa está aberto, e a organización anima á veciñanza a participar neste evento de música e cultura popular.



# “A historia é colectiva e debe contarse con todas as súas voces”

A cervense, Uxía Otero, é doutora en Historia Contemporánea pola USC

**Por que decidiu ser historiadora?**  
Encantárame ter unha resposta sinxela, pero non pode ser. Eu penso que desde moi nena gustoume a historia. Sempre me interesei por saber como era a vida antes, como eran as persoas, buscar o porqué das cousas, e foi algo que sempre estivo aí. Dedicarse á historia profesionalmente non é doado e, no meu caso, implicou moita inestabilidade xeográfica. Este ano estarei en Porto de estadia e aínda cheguei de Toronto en decembro, onde tamén estiven un ano. Mais estas non foron as únicas veces que vivín no estranxeiro: Lisboa, Miami... Entón, unha moitas veces ten dúbidas sobre o que significa isto, pero fai igualmente as maletas para ter a oportunidade de seguir ata hoxe.

**Como influíu a súa orixe e a súa relación co medio rural na súa investigación sobre as mulleres rurais?**  
A miña orixe e a miña relación co medio rural teñen influído de maneira significativa na miña investigación, especialmente no que respecta ás mulleres rurais. Aínda que a miña investigación non se centra exclusivamente nelas, o meu vínculo co rural sempre está presente como pano de fondo. Crecer na Mariña e vir dunha familia na que meus avós e avoas se dedicaban á agricultura, á gandaría e ao mar, tamén á costura, fixo que me quixera achegar á historia das mulleres rurais desde un lugar próximo, persoal. Unhas das miñas fontes primarias son, por exemplo, as de carácter oral, realizadas en contornas rurais, o que conecta directamente coas realidades sociais e culturais do lugar onde medrei. A través desta perspectiva, trato de repensar o modelo de feminidade normativa durante o franquismo, especialmente ao reflexionar sobre como ese modelo se aplicaba ás mulleres rurais e como as súas prácticas cotiás contrastaban tantas veces co que se esperaba delas.

**Ao longo da súa carreira, partici-**

**pou en máis de trinta congresos e seminarios internacionais. Que aprendizaxes ou experiencias destacaría?**  
Ao longo da miña carreira investigadora, a participación en máis de trinta congresos e seminarios internacionais trouxo aprendizaxes moi valiosas. Unha das principais aprendizaxes é que a investigación non pode ser contemplada de maneira illada e individualista; precisa de diálogo constante con outras investigadoras, disciplinas, perspectivas e métodos de traballo. Cada vez que comparto e debato as miñas ideas con persoas de diferentes países e contextos, vexo a miña propia perspectiva enriquecida. A historia, ao fin e ao cabo, é algo colectivo, da sociedade no seu conxunto, da humanidade. Cada nova conversa pode aportar matices que reformulan o noso entendemento, chegando a descubrir novas fontes e volvendo a visitar vellas fontes con outros ollos, con miradas renovadas. Participar en congresos tamén

**“Compartir e debater con persoas doutros países e contextos fai que a miña propia perspectiva se enriqueza e me permita repensar a historia con novos enfoques”**

é unha oportunidade de ouro para tecer redes, establecer colaboracións que, moitas veces, xorden en espazos informais, detrás das palestras académicas.


**Como cre que o estudo de xénero e a historia das mulleres se percibe e se traballa noutros países, en comparación co enfoque que se lle dá en Galicia ou no Estado español?**

En canto aos estudos de xénero e a historia das mulleres, percibo que noutros países están máis consolidados e institucionalizados. Agora ben, tamén hai que recoñecer que nas últimas décadas mudou moito o panorama, tanto en Galicia como no conxunto do Estado español. Son optimista, pero queda traballo por facer. Non chega con engadir mulleres e darnos por satisfeitas. Tampouco chega con estudar como se constrúen as feminidades, que por suposto, pero temos que indagar tamén en como se constrúen as masculinidades. O xénero hai que analízalo historicamente en contextos concretos, porque non é universal nin estable no tempo; non é “natural”, é unha construción sociocultural. Houbo avances moi significativos nesta liña nos últimos anos. No ámbito académico, a introdución de materias específicas sobre xénero no Grao en Historia xa en primeiro curso é un sinal claro de que se está facendo un traballo para consolidar e dar visibilidade a este campo. No meu

**“A vestimenta non é unha cuestión frívola: serviu tanto para controlar como para subverter as normas impostas. Durante o franquismo, serviu como ferramenta de control social”**

plan de estudos, a optativa de xénero non a tiñamos ata cuarto! E agora tamén hai mestrados e doutoramentos específicos. De calquera maneira, o que máis me importa subliñar é que, a pesar destes avances, non é suficiente con que o xénero ou as mulleres aparezan como un contido opcional ou en datas conmemorativas no calendario académico, como o 8 de marzo ou o 25 de novembro. A sensibilidade por estas cuestións debería estar presente de maneira transversal en todas as materias e non só en estudos especializados ou en momentos específicos do ano.

**Moitos dos seus traballos céntranse na muller. Por algo en especial?**  
A miña elección de centrarme nas mulleres dentro da miña investigación tamén responde a esa necesidade de visibilizar e recoñecer o papel dunha fundamental da sociedade, as mulleres, tantas veces esquecidas, tantas outras minus-



**“Empregar a vestimenta como ferramenta de análise histórica permitíume explorar tanto as incorporacións do ideal de feminidade, como as súas transgresións”**

valoradas. Que ás veces aparecen nunha nota ao pé ou nun comentario á marxe. Pero, como dicía, non chega con centrarse nas mulleres como obxecto de estudo, senón que debemos cuestionar as estruturas de poder e narrativas históricas que as incorporan de xeito decorativo. A incorporación do xénero de forma transversal en todas as dimensións da disciplina histórica, desde o político até o social, pasando polo relixioso, pode aportar unha nova dimensión ás nosas investigacións e producir un coñecemento histórico máis complexo.

**A súa tese doutoral foi sobre a vestimenta da muller nos anos 50, non?**

A miña tese de doutoramento centrouse na construción dunha feminidade normativa na España franquista desde a vitoria golpista, atendendo á súa remodelación a partir dos anos 50, unha década clave para o réxime franquista pola súa rehabilitación internacional. As miñas conclusións apuntan a que, a pesar de que as autoridades (militares, civís e relixiosas) fixeron o posible por fixar un modelo de “ser muller”, non todas as mulleres o encarnaron. As que tiveron os recursos e a posición social para facelo non tiveron a necesidade de axustarse completamente a esa norma, e as que non tiñan eses recursos, resistiron ou renegociaron os modelos en aras da supervivencia. Empregar a vestimenta como ferramenta de análise histórica permitíume explorar tanto as incorporacións do ideal de feminidade, como as súas transgresións, a partir da expresión sociocultural de xénero en clave *sartorial*.

**“Cada nova conversa pode aportar matices que reformulan o noso entendemento, chegando a descubrir novas fontes e volvendo a visitar vellas fontes con outros ollos”**

**Como cre que a moda foi utilizada como ferramenta de control social e de construción da feminidade durante o franquismo?**

A moda e a indumentaria, aínda que foron empregadas para controlar e impoñer un modelo de xénero a través duns códigos de vestimenta, tamén foron utilizadas como ferramentas para a subversión. As mulleres que podían, utilizaban a moda como unha forma de autoafirmación ou para contrariar as expectativas sociais. Para moitas mulleres rurais, con dobres ou triplas xornadas de traballo, na doméstico e no extradoméstico, na casa e no campo, a moda podía non ser unha prioridade estética cotiá, pero podía ser unha forma para evadirse e divertirse, un modo para volver a imaxinarse, e ata un medio para obter un complemento económico mediante labores de agulla. Neste senso, entendo a vestimenta como un “discurso non verbal” e unha práctica cotiá que transmite moito máis do que parece. Lonxe de ser unha cuestión frívola e superficial, pensemos que a Igrexa e as falanxistas estableceron códigos moi específicos ao respecto; estas últimas fixaron, por exemplo, un uniforme con saia en lugar de pantalóns, para evitar comparacións coas milicianas republicanas e ser estigmatizadas por “hombrunas”. E por todo isto, coido que este campo é fascinante e ten tanto potencial. Aquí ando, a indagar sobre como as mulleres usaron a súa indumentaria para navegar, adaptarse e, nalgúns casos, subverter as normas, os roles, funcións e espazos delimitados polo réxime.

**Entrevista completa en:**  
[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)





# Sociedade Minera de Villaodrid: 125 anos de historia e evolución

O ano 2025 marca un fito especial na historia da Pontenova, conmemorándose o 125 aniversario da Sociedad Minera de Villaodrid, unha entidade que deixou unha pegada indeleble no tecido económico, social e cultural da comarca. Fundada en 1900, esta sociedade foi o eixo central da explotación de ferro na zona, transformando un pequeno núcleo rural nun epicentro de actividade mineira que marcou profundamente o devir da localidade e os seus habitantes.

**INICIOS.** A riqueza do subsolo da Pontenova atraeu o interese de empresarios no século XIX, que albiscaron nos seus xacementos de ferro un potencial de desenvolvemento industrial. O 17 de marzo de 1900, constituíuse a Sociedad Minera de Villaodrid, que asumiu a explotación de varias minas na zona, destacando enclaves como Bouloso, Mina Consuelo e Mina Isabel. A empresa encargouse non só da extracción do mineral, senón

tamén do seu transporte cara aos mercados internacionais, construíndo unha rede ferroviaria que conectaba A Pontenova co porto de Ribadeo, desde onde se exportaba o ferro cara a países como Gran Bretaña e Alemaña.

**IMPACTO.** A actividade mineira transformou radicalmente a vida da Pontenova. A chegada de traballadores, técnicos e familias vinculadas á explotación mineira propiciou un crecemento poboacional e o desenvolvemento de infraestruturas que modernizaron a localidade. Construíronse vivendas para os empregados, escolas, e servizos básicos que melloraron a calidade de vida da poboación. O icónico Forno de Calcinación, que aínda hoxe erixese como símbolo da minería na vila, foi unha das pezas craves no proceso de transformación do mineral. Estas estruturas, que se converteron en patrimonio industrial, reflicten a innovación tecnolóxica da época e o esforzo

colectivo que sostíña a actividade.

**DECLIVE E LEGADO.** Aínda que a minería tivo a súa época de esplendor durante as primeiras décadas do século XX, a caída dos prezos do mineral e o esgotamento dos xacementos marcaron o inicio do seu declive. Nos anos 60, a actividade mineira cesou definitivamente, deixando un baleiro económico na comarca. Con todo, o legado da Sociedad Minera de Villaodrid perdura como parte fundamental da identidade da Pontenova. O aniversario é unha oportunidade para reflexionar sobre como a minería forxou a identidade da Pontenova, deixando un legado que hoxe se reivindicamos como motor de dinamización cultural e turística. A celebración tamén rende homenaxe a todas as persoas que contribuíron co seu esforzo e dedicación ao auxe desta actividade, que marcou un antes e un despois na historia da vila.



Fotografías de Turismo A Pontenova

## O BNG exige á Xunta que aposte pola cociña propia na vivenda comunitaria



O concelleiro do BNG en A Pontenova, Xorxe Gómez, e o deputado mariño Daniel Castro reuníronse coas persoas usuarias da vivenda comunitaria pertencente ao Consorcio Galego de Igualdade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia tras novas queixas polo servizo de comida subministrado por unha empresa de *catering*. Os residentes manifestaron o seu malestar pola deterioración da calidade das comidas logo dunha melloría puntual tras a visita do director do Consorcio. A problemática xa fora trasladada polo BNG ao Parlamento, onde a Consellería de Presidencia respondeu que a empresa de *catering* cumpría co contrato e os estándares de calidade establecidos. Ante a repetición das queixas, o BNG

levará de novo o asunto ao Parlamento, esixindo que a comida se cocine na propia vivenda comunitaria, que conta cunha cociña totalmente equipada pero aínda sen estrear. “A alimentación é un servizo esencial para a calidade de vida e o benestar das persoas usuarias dos centros sociais. A Xunta ten a responsabilidade de garantir alimentos de máxima calidade e alto valor nutricional”, declarou Daniel Castro. O deputado insistiu en que a mellor solución pasa por prescindir do *catering* e apostar pola elaboración dos alimentos na propia vivenda comunitaria con produtos de proximidade, garantindo así unha dieta máis saudable e axeitada ás necesidades dos residentes.

## A Pontenova grava na pedra a historia das expresidentas do CIT

A Pontenova engadirá dúas novas Pedras de Honra no seu emblemático Paseo do Pescador en recoñecemento a Concepción García Rodil e Ángeles Yáñez Gallo, as dúas ex presidentas vivas do Centro de Iniciativas Turísticas (CIT). Con este xesto, a XLV Festa da Troita quere salientar o labor e o compromiso destas dúas mulleres que, en tempos difíciles, loitaron por manter viva a celebración e impulsar o seu crecemento.

“Creemos que loitaron moito pola festa e tiveron tempos duros”, sinalan desde o CIT, destacando o esforzo e a dedicación que ambas investiron durante os seus mandatos. Grazas ao seu traballo e á súa implicación, a Festa da Troita conseguiu consolidarse como un evento de referencia dentro e fóra de Galicia, acadando recoñecementos tan destacados como a declaración de Festa de Interese Turístico e o premio ao Mellor Evento Deportivo de España en 2022.

A inauguración das pedras de Concepción García Rodil e Án-



geles Yáñez Gallo terá lugar o martes 30 de abril ás 19:00 no Paseo do Pescador. Este acto simbólico estará acompañado dunha visita ao Museo da Pesca e da inauguración oficial das novas doazóns que enriquecerán o patrimonio expositivo deste espazo. A organización destaca a importancia de manter viva a memoria das persoas que fixeron posible o crecemento da Festa da Troita e o seu impacto na vila. Desde o CIT tamén adiantaron que nos vindeiros anos seguirán

incorporándose Pedras de Honra para lembrar os outros tres presidentes do CIT xa falecidos, completando así un recoñecemento xusto a todos aqueles que contribuíron a engrandecer esta festa. A homenaxe ás expresidentas enmárcase dentro dun programa amplo de actividades, que inclúe exhibicións, concursos de pesca, degustacións gastronómicas e actuacións musicais, reafirmando unha vez máis a importancia e a tradición desta celebración en A Pontenova.



## A 26ª Ruta Cabalar organizada pola Asociación Equina A Medela será o 16



A Asociación Equina A Medela organiza a 26ª edición da súa Ruta Cabalar, que terá lugar o domingo 16 de marzo en Xove. O evento contará cun percorrido a cabalo que partirá ás 10:00 horas do campo da igrexa de Sumoas, con pinchos para os participantes a media ruta.

Ás 14:30 horas celebrarase un xantar na carpa instalada no mesmo campo da igrexa, servido pola Pulpería Mario de Viveiro e amenizado por un grupo musical. O menú incluírá callos, lacón con pataca cocida, sobremesa, be-

bida, café e chupo. O prezo por persoa será de 30 euros, mentres que os nenos de 6 a 12 anos pagarán 15 euros e os menores de 6 anos terán entrada gratuíta.

Ademais, entre os asistentes á ruta realizarase un sorteo de agasallos. As inscricións poderán facerse a través dos teléfonos facilitados pola organización. A Asociación A Medela lembra que non se fará responsable de posibles accidentes durante a ruta e que cada xinete será responsable dos danos que puidera ocasionar.

## BNG e PSOE critican a xestión do goberno local e esixen avances

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) e o Partido Socialista (PSOE) mostraron a súa preocupación ante a falta de avances en proxectos fundamentais para Xove. Durante o último pleno municipal, ambas formacións políticas criticaron a xestión do alcalde, Demetrio Salgueiro (PP), e esixiron respostas sobre cuestións urxentes para a veciñanza. O BNG expresou a súa "perplexidade extraordinaria" ante o cambio de postura do alcalde sobre a creación dun centro de día promovido por COGAMI. Recordan que en 2017 levaron ao pleno unha proposta similar, defendida pola concelleira Luísa Pernas, e que foi rexeitada polo PP. Segundo explican, naquela ocasión, Salgueiro non só votou en contra, senón que argumentou extensamente contra a iniciativa, chegando incluso a utilizar ataques persoais. Agora, denuncian o que consideran unha apropiación política por parte do PP dunha iniciativa que parte dunha entidade privada. Pola súa parte, o PSOE tamén puxo sobre a mesa cuestións fundamentais para o desenvol-



vemento do municipio. En primeiro lugar, preguntaron polo estado do polígono industrial de Camba, unha zona que consideran clave para a xeración de emprego. Quixeron saber se hai algún avance real na ampliación prometida polo goberno local e en que prazos se manexa.

Tamén puxeron o foco sobre a necesidade de vivenda social en Xove, insistindo en que moitos mozos e mozas vense obrigados a marchar por falta de alternativas habitacionais no concello. O PSOE tamén fixo fincapé na calidade da auga potable. Denunciaron que nos días de

choiva aparecen impurezas no subministro, algo que afecta á comodidade e saúde da veciñanza. Propuxeron a instalación de filtros temporais para mellorar a situación.

Ambas formacións coinciden en que o goberno local non prioriza as necesidades reais do municipio. Consideran que a falta de iniciativa política do PP está a prexudicar a Xove e á súa veciñanza. Mentres tanto, o alcalde segue sen dar respostas claras aos problemas que afectan á localidade, mentres os veciños demandan solucións concretas e urxentes.

## Xove, en alerta pola gripe aviaria tras a proposta de Agricultura



O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación propuxo a inclusión de Xove como zona de risco alto pola gripe aviaria, dentro da modificación da orde de medidas de protección fronte a esta enfermidade. A proposta, sometida a participación pública, tamén afecta aos concellos de Ordes, Cerceda e Tordoia.

Esta decisión baséase na necesidade de reforzar a vixilancia e prevención en áreas con presenza de aves silvestres que poden actuar como transmisoras do virus. En caso de confirmarse a modificación,

en Xove e nos demais municipios afectados aplicaranse restricións específicas para reducir o risco de propagación, que poderían afectar tanto á cría de aves como ao seu transporte.

As autoridades sanitarias insisten na importancia de manter os protocolos de bioseguridade para evitar posibles brotes e minimizar o impacto sobre o sector avícola. A medida forma parte da estratexia estatal para controlar a enfermidade e protexer a sanidade animal en todo o territorio.

## O Mes da Muller conta cun amplo programa de actividades

O Concello organiza ao longo do mes de marzo unha serie de actividades para conmemorar o Día Internacional da Muller. O programa, impulsado pola Concellería de Servizos Sociais, Sanidade, Muller e Políticas de Igualdade, busca sensibilizar á poboación sobre a igualdade de xénero e fomentar a participación cidadá en eventos con perspectiva feminista.

As actividades comezaron o 8 de marzo e continuarán o 14 cun faladoiro sobre nutrición nas distintas etapas da muller, impartido pola nutricionista Saray Río. O 20 de marzo haberá un contatos teatralizado en igualdade para nenos e nenas a partir de tres anos. O 21 de marzo terá lugar unha charla titulada "Coñece o teu ciclo menstrual" a cargo da matrona María González, fundadora do centro M. O 29 de marzo, ofrecerase unha sesión de ioga ao aire libre, impartida pola profesora Olalla Martínez no



Parque Municipal. O programa rematará o 31 de marzo cunha obra de microteatro sobre experiencias de igualdade, representada polo alumnado do IES Illa de Sarón, con entrada libre no Salón de Actos.

**CURSO.** Ademais, o Concello, en colaboración con YoConecto.org e a Fundación Cibervoluntarios, organiza un curso gratuíto de iniciación ao mundo dixital para persoas maiores de 60 anos. O obxectivo é achegar as

novas tecnoloxías a este colectivo, proporcionándolles ferramentas para utilizar Internet con seguridade, comunicarse por videoconferencia e acceder a servizos en liña como a banca electrónica ou a administración pública. O curso será presencial na Sala de Informática da Oficina Municipal de Información Xuvenil, do 24 ao 27 de marzo, en horario de 16:30 a 18:30 horas, cunha sesión adicional o 28 de marzo na mesma franxa horaria.



## Nace a Asociación Ó compás do Río Ouro para impulsar o ensino musical



Un grupo de nais e pais do Valadouro e Alfoz vén de constituír a Asociación Cultural e Xuvenil Ó compás do Río Ouro, coa finalidade de ofrecer continuidade ás clases de música para os seus fillos. A nova entidade, presidida por Helena Cornide Pumares, traballa para consolidar unha escola de música na comarca, garantindo así un espazo formativo de calidade para a infancia e a mocidade.

A asociación conta co apoio do Concello do Valadouro, que facilita un local para impartir as clases, e colabora coa empresa Soilar, dirixida por Francisco Javier García Canto. O profesorado pertence á zona da Mariña, garantindo unha formación musical próxima e arraigada na contorna.

As clases darán comezo o vindeiro 10 de marzo e ofrecerán

formación en todos os instrumentos, como vento metal, vento madeira, percusión, guitarra, piano e violín, entre outros. Ademais, os alumnos poderán formar parte de diversas agrupacións musicais, como o coro, a banda, a orquestra e un combo rock.

Durante o que resta de curso, as clases impartiranse os luns, mércores e venres en horario de tarde. En maio abrirase o prazo de inscrición para o vindeiro curso, no que se reorganizarán os horarios. A día de hoxe, xa hai 22 alumnos matriculados, cunha franxa de idades comprendida entre os 5 e os 20 anos.

A asociación anima a todos aqueles interesados, tanto nenos como adultos, a sumarse á escola de música, independentemente da súa idade ou experiencia previa.

## A Feira de Primavera reunirá gastronomía e concursos

O sábado 22 de marzo, o Concello de O Valadouro celebrará a súa tradicional Feira de Primavera, un evento que se converte cada ano nun punto de encontro para os amantes das tradicións locais. A feira, que terá lugar no centro da vila desde as 10:00 ata as 19:00 horas, ofrecerá aos visitantes un mercado con produtos artesanais e típicos da zona, xunto a unha variada oferta gastronómica que incluírá degustacións de produtos tradicionais.

No marco da Feira, tamén se celebrarán varios concursos, entre eles os de vestimenta tradicional, zocas e carro. O Concello anima a toda a veciñanza a participar nestes concursos, nos que se valorará especialmente a fidelidade ás vestimentas típicas da época. As persoas que desexen

apuntarse poderán consultar as bases nos perfís oficiais do Concello nas redes sociais ou inscribirse na Casa da Cultura.

A recomendación é que os asistentes se vistan con roupa tradicional: os homes, con pantalóns de pana, camisa de cadros e chaleco, e as mulleres, con saias medias longas e escuras, acompañadas de blusas e toquillas. Os postos de venda tamén estarán decorados para recrear o ambiente dos anos 40 e 50, proporcionando aos visitantes unha verdadeira viaxe no tempo.

Este Mercado de Primavera é moito máis que unha feira, xa que pon en valor a forza da preservación da cultura e as tradicións locais, xuntando a veciñanza e os visitantes ao redor dun evento que non deixa de crecer cada ano.

## O BNG critica a eliminación do Mes Gandeiro e recortes culturais

O Bloque Nacionalista Galego vén de criticar a xestión do Partido Popular no goberno municipal do Valadouro, denunciando a eliminación de iniciativas que, segundo os nacionalistas, resultaban fundamentais para o sector agrogandeiro e a dinamización da economía local.

En concreto, o BNG lamenta a supresión do Mes Gandeiro, un evento consolidado que incluía a Feira de Razas Autóctonas da Mariña, conferencias técnicas, concursos e exhibicións ecuestres, ademais de degustacións e espectáculos musicais. O portavoz do BNG, Eduardo Chao, considera inxustificable esta decisión e critica que o PP desbote unha iniciativa que, segundo afirma, contaba co apoio do sector. “Levounos anos de esforzo consolidar estas feiras, que eran un punto de encontro para os profesionais do sector e unha oportunidade para poñer en valor os recursos do municipio. Agora, o PP decide eliminarlas sen ningunha explicación nin alternativa”, declarou.



Os nacionalistas defenderán no vindeiro pleno municipal unha proposta para recuperar estas feiras e esperan que o goberno local reconsidere a súa postura. “Non entendemos que a única acción do PP sexa eliminar proxectos en lugar de impulsar novas iniciativas que beneficien á veciñanza”, engadiu Chao, subliñando que a gandería é un sector clave para o Valadouro e que a súa promoción debería ser unha prioridade.

Por outra banda, o BNG tamén denuncia a redución de horarios na Casa da Cultura, que, entre o 9 e o 24 de xaneiro, permaneceu pechada polas mañás, e que, ata o 5 de marzo, só abrirá

de 9:00 a 14:00, deixando sen servizo a franxa da tarde. Eduardo Chao cuestiona a xestión do goberno municipal nesta área e lembra que a actual concelleira de Cultura conta con dedicación exclusiva e salario. “Máis salario que dedicación, polo que parece”, ironizou, criticando que a cultura non pareza ser unha prioridade para o executivo local.

Os nacionalistas esixen explicacións e reclaman un cambio de rumbo na política municipal, apostando por proxectos que realmente respondan ás necesidades do sector gandeiro e da vida cultural do concello.

## A XXVIII Concentración de Motos xa ten programa festivo

A XXVIII Concentración de Motos Valadouro celebrarase os días 2, 3 e 4 de maio de 2025, organizada polo Moto Clube Valadouro. O evento comezará o venres 2 de maio ás 18.00 coa apertura de inscricións e cervexa de benvida. Ás 22.00 haberá unha pinchada con churrasco, chourizos, empanada e pan, seguida ás 00.00 dun concerto do grupo Malditos Pendejos. Ás 01.30 terá lugar unha queimada e disco móbil Conxuro para finalizar a xornada.

O sábado 3, ás 09.00, abrirase o mercado semanal no pobo e ás 11.00 sairá unha ruta libre motera dende a piscina. Ás 12.00 retomarase a apertura de inscricións e ás 14.00 haberá unha comida motera no polideportivo. Pola tarde, a partir das 16.00, haberá inchables gratuítos para nenos e unha exhibición acrobática con Cuadrado Stunt ás 18.00. Ás 20.00 pecharanse as inscricións, seguido ás 21.00 do sorteo dun xamón e da cea motera no polideportivo. Ás 23.00 terá lugar unha segunda exhibición acrobática e, ás 00.00,



actuará a orquestra Waykas. O día rematará coa discoteca móbil Conxuro e máis agasallos.

O domingo 4 comezará cun almuerzo ás 10.00 e unha ruta libre turística ás 11.00 que chegará á praza de Santa María. Ás 14.00 haberá unha comida no polideportivo con entrega de trofeos e agasallos, incluíndo recoñecementos ao motoclube máis numeroso, a moto máis orixinal e a mellor motorista feminina.

A inscrición inclúe camisetas, pin, comida, cervexa de benvida, queimada, acceso á ruta, concertos e

actividades. O prezo anticipado é de 45 euros para a modalidade completa e 35 euros para a media, con data límite o 27 de abril.

O evento contará con aloxamento dispoñible en hostais e hoteis próximos, así como nunha área de acampada gratuíta con duchas no pavillón desde o xoves. Colaboran na organización a Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e os Concellos de Valadouro e Alfoz. Para máis información, contactar a través de [motovaladouro@hotmail.com](mailto:motovaladouro@hotmail.com) ou nos teléfonos 617 29 06 29 e 637 52 36 36.



## O Castelo de Castrodouro acolle a mosta fotográfica 'Fauna esencial'

Afundación, ABANCA e o Concello de Alfoz asinaron un convenio de colaboración para a realización da exposición fotográfica 'Fauna esencial'. A exposición estará aberta ao público no Castelo de Castrodouro os xoves, venres e sábados de 15.30 a 18.30 h, e os domingos de 10.30 a 14.00 h e de 15.30 a 18.30 h.

Esta colaboración enmárcase dentro do proxecto 'Corriente cultural', que utiliza o arte como ferramenta esencial para promover o coñecemento e o desenvolvemento colectivo. Grazas a este proxecto, Afundación e a Obra Social de ABANCA amplían a oferta cultural en Galicia, levando as actividades artísticas a diferentes localidades galegas e desenvolvendo as mesmas no seu entorno.

**A EXPOSICIÓN.** A exposición 'Fauna esencial' é unha invitación á acción e á reflexión para valorar a diversidade da vida salvaxe e recoñecer a súa importancia para a sustentabilidade



do noso planeta. A mostra pretende concienciar sobre a responsabilidade que temos na súa conservación, nun mundo cada vez máis comprometido coa preservación do medio ambiente.

A mostra presenta un percorrido pola biodiversidade da nosa fauna a través de 28 fotografías de gran formato do naturalista Ezequiel Martínez, fotógrafo especializado

en retrato de natureza. As imaxes, acompañadas de textos explicativos, abordan as características biolóxicas das especies, os seus hábitats, costumes, alimentación, distribución xeográfica e os perigos aos que se enfrontan. A colaboración co Centro Interactivo de Educación Ambiental de Afundación, Naturnova, permitiu que os textos fosen rigorosos e accesibles para todos os públicos.

## A Feira do Trece volve para celebrar a tradición

A vila de Alfoz prepárase para acoller unha nova edición da tradicional Feira do Trece, unha cita marcada no calendario festivo da comarca que terá lugar o sábado 14 de xuño no Lugar do Trece. O evento, organizado pola Asociación de Veciños de San Sebastián de Carballido, busca manter viva unha tradición con fondas raíces na zona, ofrecendo unha xornada de encontro, cultura e

lecer para veciños e visitantes. A Feira do Trece caracterízase pola súa combinación de actividades, postos de artesanía e gastronomía, ademais de servir como punto de reunión para os amantes das tradicións populares. A organización prevé unha ampla participación e anima a toda a comunidade a achegarse para gozar dun día cheo de ambiente festivo e cultura local.

## Teatro de calidade para todos os gustos na Casa da Cultura

A Casa da Cultura acollerá dúas obras de teatro que encherán o espazo de risa, reflexión e emoción. O programa, que aposta por un teatro accesible e para todos os públicos, arranca o día 15 cunha comedia cargada de leccións de vida e humor. A primeira obra, 'Tropa, tripa e tropa', chegará a Alfoz ás 20:00 horas da man do grupo O Centiño de San Martiño de Foz. A segunda proposta será 'Aire fresco', que terá lugar o 29 de marzo, tamén ás 20:00 horas, e estará a cargo do grupo A Adala de Cervo.

**OBRADOIRO.** O Centro Sociocultural acollerá o vindeiro venres 4 de

abril un obradoiro teórico-práctico dirixido a persoas maiores, centrado na psicomotricidade e na recuperación da memoria. A actividade, que se desenvolverá a partir das 10:30 horas, ofrecerá aos participantes un espazo para aprender, compartir e coidarse, ao tempo que se fomentará o benestar físico e mental.

O obradoiro contará coa colaboración da Escola Galega de Saúde e a psicóloga Jenifer Souto Pérez, especialista no coidado da saúde integral.

As persoas interesadas en participar deberán inscribirse antes do 31 de marzo no Concello de Alfoz ou chamando ao número 982 55 80 01.

## lourenzá

### O PSOE acusa ao PP de impedir a restauración conxunta do Mosteiro

O senador socialista César Mogo denunciou que o Partido Popular rexeitou na Comisión de Cultura do Senado unha proposta do PSOE para que a Xunta de Galicia e o Goberno central sumen esforzos na restauración do Mosteiro de Lourenzá. "A única maneira de afrontar unha rehabilitación desta envergadura é con financiamento conxunto, pero o PP negouse e presentou un texto propio que exclúe a Xunta", afirmou.

Mogo acusou aos populares de Lugo de demostrar que a Xunta se desentende do futuro do monumento e de ignorar principios clave en materia de patrimonio recollidos na Constitución e no Estatuto de Autonomía. "O senador Balseiro reparte responsabilidades sen rigor, coma se a Autonomía de Galicia non existise", criticou.

O senador socialista destacou o compromiso da alcaldesa de Lourenzá, que traballa pola restauración do Mosteiro. Subliñou que o PSOE busca unha solución conxunta, pero o PP rexeitou a proposta, mantendo a súa postura de que a Xunta só colabore se pagan outros.

### O PP acusa ao goberno socialista de ter paralizado o Concello



"O goberno socialista de Lourenzá ten paralizado o Concello", segundo denuncian os populares ante as respostas que ofreceron ás preguntas dos concelleiros do PP no último pleno.

Os populares cren que "o único que fai o equipo de goberno do PSOE é poñer escusas". De feito, argumentou que "non hai fondos" para dar resposta á pregunta do Grupo Municipal Popular polos motivos da cancelación da tradicional comida dos maiores e da non reposición dun cristal na pista de pádel.

Dende o PP de Lourenzá botan en falta a celebración que se convertía nun día de encontros e para compartir cos amigos e veciños. Así mesmo, advirten que a pista de pádel leva

máis de medio ano sen poder usarse pola falta dese cristal. Incluso os veciños que queren facer uso dela e non poden, teñen que desprazarse a outros concellos veciños.

O portavoz, Roberto Díaz, condena a "falta de vontade e interese" en organizar os eventos habituais para a sociedade laurentina e "executar obras ou algún outro tipo de actuacións de conservación e mellora das instalacións e outros espazos de titularidade municipal".

"É unha pena que se perdan servizos, tradicións e infraestruturas pola falta de xestión do goberno socialista, un goberno acomodado que non é capaz de xestionar as cousas máis básicas do día a día dun Concello", manifestan.

## Aberto o prazo para o alugueiro social dunha vivenda en Lagoa



O Concello abriu o prazo para solicitar o alugueiro social da vivenda situada na Escola de A Pinguela, na parroquia de Lagoa. Trátase dun inmovible de carácter patrimonial que, no seu día, foi a antiga casa dos mestres. O edificio, desafectado desde 2010, conta cunha vivenda na planta alta con acceso independente. O inmovible dispón de dous dormitorios

(un dobre e outro individual), salón-cociña, baño e lavadouro, cunha superficie útil de 71,21 m<sup>2</sup>. O contrato de alugueiro terá unha duración inicial dun ano, prorrogable ata un máximo de cinco anos. O prezo do alugueiro é de 150 euros mensuais. O prazo para presentar solicitudes é ata o 24 de marzo.



## vegadeo

## Aberto o prazo para nomear ao próximo Vegadense do Ano

A Asociación Amigos de Vegadeo e o Concello informaron da apertura do prazo para presentar solicitudes ao premio Vegadense do Ano. Ata o próximo 31 de marzo, poderán enviarse as propostas a través do correo electrónico amigosdevegadeo@gmail.com.

Para facer candidato a unha persoa, será necesario cubrir os datos do aspirante, indicar os motivos da súa proposta e achegar o seu currículo. O galardón reconece a traxectoria e contribución de veciños e veciñas ao

desenvolvemento social, cultural ou deportivo do municipio. Na edición de 2024, o premio foi concedido a Juan de la Cruz Antolín Rato, polo seu labor no impulso do baloncesto en Vegadeo, así como polo seu entusiasmo, constancia e dedicación para crear e manter un dos clubs deportivos máis lonxevos da localidade. Ademais, foi técnico, xerente, vicepresidente e presidente do club, participando activamente en múltiples actividades asociativas do municipio.

## O Concello de Vegadeo promove cursos para mellorar o uso de novas tecnoloxías

O Concello de Vegadeo organiza cursos de competencias dixitais ata agosto de 2025. As formacións abarcan temáticas como o uso de equipos informáticos, teléfonos móbiles, administración electrónica e creación de contidos. Haberá quendas de mañá e tarde para facilitar a participación de todos.

Nestes cursos os participantes aprenderán sobre a introdución á informática con conceptos básicos, introdución ao Smartphone, iniciación a Internet, administración electrónica, creación de contidos dixitais, procesadores de texto e Google Workspace. Actualmente, os participantes es-

tán a aprender a realizar compras en liña, comparar prezos, crear documentos de texto de maneira máis profesional e manexar ferramentas dixitais para mellorar a súa produtividade.

As inscricións poden realizarse no Concello de Vegadeo. Para máis información, pódese contactar a través do teléfono 985 634 022, o correo electrónico telecentro@vegadeo.es ou o WhatsApp no 697 162 713.

Estes cursos están financiados pola UE dentro do Plan de Recuperación e Resiliencia para mellorar as habilidades dixitais da cidadanía e promover a inclusión social.

## A Protección Civil do Eo recibe a Cruz ao Mérito Profesional

A agrupación de Protección Civil da Comarca do Eo, con base en Castropol e composta por voluntarios galegos e asturianos, foi distinguida coa Cruz ao Mérito Profesional con Distintivo Vermello en recoñecemento ao seu labor durante a DANA. A condecoración foi outorgada polo Concello de Moncada (Valencia), que organizou un acto de homenaxe con motivo do Día Internacional de Protección Civil.

O equipo, que se desprazou ata as zonas máis afectadas polas intensas chuvias para prestar apoio en labores de rescate e asistencia, recibiu este galardón xunto con outros gru-



pos de emerxencias. En total, foron recoñecidos nove efectivos da agrupación da Comarca do Eo, así como os dous cans que participaron no operativo.

## riotorto

## A Xunta anuncia o seu apoio á XVI Feira de Artesanía do ferro

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, e pola xerente da Fundación Artesanía de Galicia, Elena Fabeiro, reuniuse co alcalde de Riotorto, Clemente Iglesias, para abordar distintos aspectos relacionados coa celebración da XVI Feira de Artesanía do Ferro, que terá lugar o próximo 20 de abril e que organizan o Concello e a Asociación para a Promoción Social dos Ferreiros de Riotorto co apoio do Goberno galego.

Este evento contribúe a divulgar o oficio tradicional do ferro, estreitamente vinculado á zona oriental da provincia de Lugo, e a poñer en valor o labor dos ferreiros fomentando a remuda xeracional. Con ese fin, contará cun amplo programa de actividades que se están a perfilar e entre as que se inclúen as demostracións ao vivo e obradoiros relacionados con este oficio.

A organización do evento aínda non fixo público o programa pero espérase que novamente conte con demostracións en vivo de oficios, nas que haberá pirogravado, torneado de madeira, cestería, cerámica e cristal tallado ademais da artesanía do ferro e os obradoiros infantís.

Normalmente esta celebración con-



ta tamén con outro tipo de espectáculos musicais e postos de comida durante todo o día no que é un dos días grandes de Riotorto.

A Feira do Ferro que se celebra en

Riotorto dende o ano 2007 no mes de abril é un gran encontro, un dos piares clave da súa economía. Xurdiu a iniciativa de catro amigos que en 2006 comezaron a pensar en como promover a súa profesión.

Na actualidade na zona de Riotorto hai aproximadamente unha ducia de persoas facendo pezas de ferro, pero a súa situación non é sinxela. "Séguese consumindo moito ferro, séguense demandando pezas para o monte e para as plantacións, ademais de utensilios sinxelos para as casas, pero comparado con hai anos vai descendendo. En tódolos sitios unha ferramenta manual fai falla, o sector das ferramentas é necesario, pero a artesanía non pode competir cos prezos das fábricas", din dende a asociación.

## O Sergas cubre unha das prazas do centro de saúde

Despois das protestas e as recollidas de formas, o Sergas comunicou ao Concello de Riotorto a incorporación dun médico fixo no centro de saúde local.

A data de incorporación prevista é o 10 de marzo para atender esta consulta de forma continuada.

Esta nova foi moi ben recibida pola veciñanza que se manifestou e protestou por distintas vías reclamando a cobertura estable e a tempo completo das dúas prazas de medicina familiar do centro saúde.

Nos últimos anos, o centro de saúde de Riotorto pasou de contar dous facultativos en horario completo a contar unicamente coa atención, a tempo parcial, entre dúas e catro horas ao día, dun único facultativo.

O BNG considera que "manter a mobilización social é fundamental para frear os recortes de persoal no centro de saúde como consecuencia da política sanitaria do PP, que en Riotorto conta, ademais, co silencio cómplice do goberno municipal".

## Convocado o Entroido dos centros veciñais e un maratón de tute en Órrea

Riotorto acollerá o I Maratón de Tute Santa Comba da Órrea, que se celebrará o vindeiro 22 de marzo a partir das 18:00 horas no Local Social da Órrea. Este evento, organizado pola Comisión de Festas en colaboración coa Asociación de Veciños, promete unha intensa competición para os afeccionados a este tradicional xogo de cartas.

Os participantes competirán por importantes premios, sendo o primeiro de 900 puntos, o segundo de 500 puntos e o terceiro de 200 puntos. Ademais, haberá unha rolda de repesca, na que os tres primeiros clasificados recibirán 300, 200 puntos e dúas caixas de viño Rioja, respectivamente. Os premios están calculados para un total de 32 parellas, polo que, no caso de non acadar esa cifra, os premios serán axustados proporcionalmente.

A inscrición terá un custo de 100

puntos por parella e poderá realizarse ata o día 19 de marzo ás 24:00 horas, contactando con Gervasio, Hilda ou Nerea nos teléfonos indicados na convocatoria.

Para completar a xornada, ás 21:00 horas terá lugar unha cea a base de churrasco de porco, viño e auga, que servirá como punto de encontro e convivencia entre os participantes e asistentes.

**ENTROIDO.** O Concello organiza un ano máis unha comida de Entroido, que terá lugar o mércores 19 de marzo. A xornada dará comezo ás 14.30 horas e estará amenizada por un dúo musical Ángel América.

O menú, que ten un prezo de 30 euros por persoa, inclúe sopa, cocido completo, sobremesa, café e bebidas. A data límite para anotarse é o 16 de marzo, e terá que facerse nos centros veciñais.



## O PSOE recrimina ao alcalde por non cumprir as súas promesas

A agrupación municipal do PSOE do Vicedo respondeu ás acusacións do alcalde do municipio, que os acusou de “mentir aos veciños”. Segundo os socialistas, deixaron claro que “nós non mentimos, nós so traballamos por e para os nosos veciños do Vicedo” e criticaron a xestión do alcalde, sinalando que non cumpriu as súas promesas. Os socialistas cuestionaron ao alcalde sobre varios asuntos pendentes, que consideran foron desatendidos ao longo dos anos. Un dos puntos destacados foi a apertura do centro de día, que leva moitos anos sen materializarse, a pesar de ser unha promesa repetida en cada programa electoral. Tamén mencionaron o caso do Fuciño do Porco, que leva dous anos pechado, e lamentaron que, a pesar das promesas de reapertura, a situación sigue sen solución e a súa apertura parece case imposible.

En canto á sanidade pública, o grupo municipal socialista re-



cordou que os veciños levan máis dun ano loitando pola falta de médicos, un problema que segue sen resolver. Tamén destacaron o mal estado das instalacións deportivas e sociais, como o campo de fútbol, o pavillón, a pista de pádel e o local social de San Román do Val, que presentan un deterioro evidente e necesitan melloras urxentes.

Outro punto de crítica foi a falta de acción na obra do peirao, advertindo que a situación empeora cada día e que se precisa

unha intervención inmediata para evitar accidentes. A situación das estradas municipais tamén foi cuestionada, subliñando a inacción do goberno local. Finalmente, tamén se referiron á concesión da bandeira azul sen contar cun servizo de socorrismo, un servizo que, a pesar das axudas, non se cubriu por cuestións económicas. O grupo socialista pediu ao alcalde que deixe de “rir dos veciños” e que se poña a traballar para resolver os problemas reais do municipio.

## A AV de San Román denuncia o abandono do seu local social

A Asociación de Veciños de San Román critica a falta de resposta do Concello á súa solicitude de reparación do local social, a Escola do Vilar, que presenta problemas de humidades e deterioro nas súas paredes. A entidade recorda que en outubro do ano pasado alertaron ao goberno local, pero ata o momento non se adoptaron medidas nin se mostra interese en solucionar a situación. Este local é esencial para a realización de actividades e eventos que favorecen a cohesión veciñal, pero as súas malas condicións representan un risco para a infraestrutura e a saúde das persoas que o usan.

Ademais, os veciños tamén denunciaron a falta de desbroce da maleza arredor do edificio, unha tarefa que, en varias ocasións, tiveron que asumir eles mesmos antes dos eventos. Critican que o Concello prioriza outras parroquias no mantemento de edificios sociais e no desbroce previos ás festividades, deixando en segundo plano San Román do Vicedo.



Como exemplo, mencionan a Escola de Cabanas, que conta con instalacións modernas, pero que non acolleu eventos públicos nos últimos anos. Sinalan tamén que o 3 de setembro, na Xunta de Goberno Local, aprobáronse melloras na Escola de Cabanas cun investimento de 28.690,81 euros. Os veciños consideran que esta situación amosa unha discriminación cara á súa parroquia, tanto no caso do local social como noutros aspectos da xestión municipal.

**VIAXE.** Así mesmo, organizan unha xornada especial de saúde e gastronomía o vindeiro domingo

16 de marzo. O evento terá lugar no Hotel Spa Attica 21 de Vilalba e incluíra unha sesión de spa de 1,5 horas seguida dun xantar. O prezo para socios é de 30 €, grazas á subvención da AV San Román, mentres que os non socios abonarán 49 €.

O desprazamento farase en vehículos particulares, aínda que existe a posibilidade de atopar praza libre nalgún deles. O programa da xornada inclúe acceso ao spa entre as 12:00 e as 13:30 horas, seguido do xantar ás 14:30. Para participar, é necesario levar traxe de baño, gorro para piscina, toalla de ducha e chanquetas.

## O PP pide máis atención ás estradas provinciais ante o incremento do turismo



Os deputados do Grupo Provincial Popular, Antonio Ameijide e Demetrio Salgueiro, xunto co alcalde do Vicedo, Jesús Novo, sinalaron a necesidade urxente de mellorar o estado das estradas provinciais deste municipio mariñán, un dos máis turísticos da provincia, especialmente a estrada LU-P-6404 que conecta o Vicedo con San Roque e San Miguel de Negradas. A estrada LU-P-6404, con elevado volume de tráfico durante o verán debido ao turismo, require unha renovación do firme, xa que presenta desbroces irregulares e cunetas sen limpar que favorecen a acumulación de auga, o que acelera o desgaste do asfalto e reduce a seguridade viaria. Ameijide insistiu na necesidade dunha renovación integral e melloras no mantemento periódico da estrada, especialmente na tempada alta cando a circulación se incrementa.

Ameijide tamén agradeceu o investimento previsto na estrada LU-P-6405 no Vicedo, pero subliñou que outras

vías provinciais tamén precisan atención. A súa petición foi respaldada polos veciños, que recolleron sinaturas para instar á Deputación de Lugo a mellorar a vía. A moción foi aprobada no pleno do Concello do Vicedo o 20 de novembro de 2020, pero ata o momento non se tomaron medidas efectivas.

Pola súa parte, o presidente da Deputación, José Tomé, esixiu ao PP “lealdade institucional” e lembrou que as obras da LU-P-6405 están en proceso de contratación cun investimento de 175.000 euros. Criticou ao PP por “insistir na política da fochanca”, destacando que desde 2019 o orzamento para estradas aumentou nun 100%. Tamén subliñou que o Vicedo leva dous anos sen bandeira azul nas súas praias debido á falta de socorristas, cuestionando as críticas ao estado das estradas sen ter en conta a xestión turística local. O proxecto da Deputación incluírá melloras no firme, drenaxe e sinalización, cun prazo de execución de dous meses.

## A VIII Romaxe Viquinga celebrarase o 26 de xullo

O Vicedo prepárase para vivir unha nova edición da Romaxe Viquinga, que este ano chega á súa oitava edición e terá lugar o vindeiro 26 de xullo na praia de San Román. Este evento, que se consolidou como unha das citas máis importantes do verán na Mariña lucense, recrea o desembarco dos viquingos na costa galega e a súa loita cos pobos locais.

A Romaxe Viquinga contará con espectáculos históricos, loitas, música e actividades para todos os públicos, ofrecendo unha

viaxe no tempo a través dunha posta en escena espectacular. Cada ano, centos de participantes e visitantes se visten con traxes de época para dar vida a esta festa, que fusiona historia e diversión.

O evento, organizado polo Concello do Vicedo en colaboración con diversas entidades locais, busca poñer en valor o pasado viquingo da zona e atraer visitantes que queiran gozar dunha xornada de inmersión histórica única.



## Melloran a seguridade viaria coa instalación dun espello nun cruce de risco



Os efectivos de mantemento das estradas da Administración autonómica instalaron un espello nun punto de baixa visibilidade en Trabada, tras as xestións realizadas polo PP local en resposta ás peticións dos usuarios da vía. A medida foi adoptada para mellorar a seguridade nun cruce situado despois dunha curva, onde a visibilidade resultaba insuficiente para realizar xiros con seguridade. Desde o PP de Trabada explicaron que, tras recibir varias queixas sobre a perigosidade do tramo, contactaron cos responsables de mantemento da Xunta

para exporlles o problema. “Cremos que a instalación do espello axudará a reducir o perigo, pero se non fose suficiente, solicitaremos a colocación de bandas redutoras de velocidade”, sinalaron desde o partido, subliñando o seu compromiso por atender as demandas veciñais e mellorar a seguridade viaria no municipio. Ademais, quixeron agradecer a rápida resposta dos efectivos de mantemento da Xunta de Galicia, destacando a súa eficacia e axilidade na xestión das estradas da comunidade.

## As cuncas da Enfariñada, un ano máis a cargo da Asociación Saúde Mental A Mariña



O Goberno local recibiu a visita da Asociación Saúde Mental A Mariña, nunha xornada de intercambio e colaboración que resultou moi agradable e produtiva. Durante o encontro abordáronse os distintos proxectos que ambas entidades desenvolven en conxunto. Un deles é a elaboración das tradicionais cuncas da Enfariñada, evento que se celebrará o vindeiro 4 de maio. Como en anos anteriores, a Asociación Saúde Mental A Mariña encargárase da súa creación, mantendo viva esta tradición tan especial para o municipio. O alcalde de Trabada, Rubén

García, quen recibiu aos representantes da asociación, destacou a importancia desta colaboración afirmando que “para min é un orgullo colaborar desta forma con esta asociación que fan un traballo fantástico e que sempre son benvidos no noso concello”. Desde o Concello de Trabada queremos agradecer a visita da Asociación Saúde Mental A Mariña e reafirmamos o noso compromiso de seguir traballando conxuntamente en proxectos que favorezan a inclusión e o desenvolvemento social no noso municipio.

## O Concello pide apoio para mellorar o complexo deportivo

O Concello de Trabada solicitou unha axuda de 75.000 euros á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático para a creación de novos espazos verdes e melloras no complexo deportivo municipal. O proxecto inclúe a instalación de pérgolas con cuberta vexetal e a creación dun peche natural para o campo de bolos tradicionais, o que mellorará o ambiente e a funcionalidade do recinto. Este proxecto súmase ás melloras anteriores, como a construción dunha pista de pádel, unha pista multideporte, un campo de bolos tradicionais e unha tirolina infantil, transformando o espazo nunha área deportiva e de lecer para toda a veciñanza. Ademais, nos próximos meses iniciaranse as obras dun circuito de bicicletas tipo pump track e tamén se instalará un tobogán infantil, ampliando a oferta de actividades para os máis pequenos.



O alcalde de Trabada subliñou a importancia de aproveitar as axudas que ofrece a Xunta de Galicia para mellorar os servizos e infraestruturas do municipio e seguir creando espazos de calidade para os veciños e veciñas.

**SANTE.** Ademais, o Concello tamén solicitou unha axuda de máis de 51.000 euros á Consellería de

Presidencia, Xustiza e Deportes para mellorar a accesibilidade do Teleclub de Sante. O proxecto ten como obxectivo facer as instalacións máis accesibles para persoas con mobilidade reducida, mellorando tamén a funcionalidade do interior, adaptándoo ás necesidades da veciñanza. A reforma principal será a instalación dunha rampla de acceso.

## O programa Viaxa co Concello impulsa o turismo cultural

O programa Viaxa co Concello de Trabada promove o turismo cultural cunha nova viaxe organizada para os próximos días 29 e 30 de marzo. A actividade está destinada aos veciños e veciñas empadroados no municipio maiores de idade e ofrece unha oportunidade excepcional para descubrir importantes enclaves patrimoniais e culturais. O prezo da viaxe é de 165€ por

persoa e inclúe visitas guiadas ao Palacio de Gaudí en Astorga, ó museo e á Catedral de Astorga, As Médulas e o Castelo dos Templarios de Ponferrada. Ademais, están cubertos os gastos de comidas e cea, con aloxamento nun hotel de 4 estrelas en León e seguro de viaxe. Segundo o alcalde de Trabada, Rubén García, “o obxectivo desta proposta é facilitarlle á veciñanza a posibilidade de coñecer diferen-

tes lugares do noso país con todas as comodidades e cunha planificación detallada da viaxe”. As persoas interesadas poderán formalizar a súa inscrición e realizar o pagamento nas oficinas municipais ata o 12 de marzo. No caso de que queden prazas dispoñibles tras esta data, poderán acudir persoas con familiares empadroados en Trabada.

## Entregadas as primeiras vivendas rehabilitadas en alugueiro social

O Goberno local asinou o contrato e a entrega das primeiras vivendas rehabilitadas en réxime de alugueiro social como mostra do seu compromiso por facilitar o acceso á vivenda. As adjudicatarias xa poden acceder aos inmobles e habitalos, nun proxecto que leva anos en marcha e que ten como obxectivo ofrecer alternativas residenciais para a poboación.

Este plan de rehabilitación ten como fin recuperar antigas vivendas municipais e poñelas a disposición dos veciños a prezos accesibles. O alcalde de Trabada, Rubén García, destacou que “levamos anos traballando para recuperar e rehabilitar as antigas vivendas municipais, e seguiremos avanzando para ampliar a oferta de alugueiro social en Trabada”. O Concello continuará con esta liña

de actuación, reformando as vivendas das antigas escolas e outros inmobles municipais, co propósito de facilitar o acceso á vivenda e fixar poboación no municipio. Así mesmo, unha vez rematadas as reformas pendentes e acadada a financiación necesaria, o goberno local ten previsto ampliar este proxecto coa adquisición de novas vivendas para a súa rehabilitación e posterior oferta en alugueiro social.



# Trabada

## O Partido Popular aposta por un novo modelo de xestión para un pobo que precisa de unidade e desenvolvemento

**“No noso programa electoral propuxemos como primeiro punto a creación de vivenda para que a xente nova veña habitar as vilas e parroquias do rural”**

**“Se chegamos á Alcaldía, faremos do Concello unha institución transparente e de concordia, tanto na relación cos veciños como coas outras administracións”**

No concello de Trabada, cunha economía baseada na gandería, a agricultura e o sector forestal, o Partido Popular ocupa o papel de oposición, co obxectivo de fiscalizar a acción do Goberno municipal e propoñer medidas que melloren a vida dos seus veciños. José María Fernández Vázquez, gandeiro, deputado provincial e voceiro do PP de Trabada, leva desde 2019 formando parte da política local, cando decidiu presentarse como candidato tras a xubilación do anterior alcalde popular, José Manuel Yáñez Ginzo. “O papel da oposición é moi importante, pois todos somos elixidos democraticamente polos veciños. O primeiro que hai que facer é fiscalizar ao grupo de Goberno e propoñer medidas ou trasladar as inxerencias dos veciños”, destaca Fernández Vázquez.

### PROPOSTAS DO PP

Desde o Partido Popular destacan a súa relación coa Xunta de Galicia como un factor clave para conseguir investimentos e melloras para Trabada. “O PP é un partido de Goberno pois estamos liderando a maioría dos concellos de Galicia. Tamén é o partido máis grande de Galicia e do país, e non podemos aspirar a outra cousa que non sexa a liderar”, afirma o voceiro popular. “Todo o que se solicita desde o Concello á Xunta, nós, desde o PP, loitamos para que veña para Trabada”. Entre as necesidades máis urxentes do municipio, Fernández Vázquez destaca a mellora dos servizos sociais e do saneamento, ademais da potenciación dos secto-



res laborais e industriais para evitar o despoboamento. “No noso programa electoral propuxemos como primeiro punto a creación de vivenda para que a xente nova veña habitar as vilas e parroquias do rural”. Ademais, o PP propón a finalización das concentracións parcelarias pendentes e a mellora das vías de comunicación.

### SACRIFICIOS E BENEFICIOS

A dedicación á política local supón un reto persoal para Fernández Vázquez, quen destaca o tempo que lle quita ao seu traballo na gandería e á vida persoal. “A política municipal non me daba ningún ingreso e sacábame moito tempo do meu traballo. Por sorte, desde 2023 logrei compaxinar mellor esta actividade”, explica. A pesar dos sacrificios, considera gratificante o apoio dos veciños: “Dá gusto cando os veciños te animan a seguir facendo cousas e ves que as cousas van cara adiante”. En canto ás retribucións dos representantes municipais, o voceiro popular denuncia que o actual alcalde cobre un salario de 42.000 euros anuais. “Parece excesivo para unha vila como Trabada, con 1.000 habitantes. Se chegase a ser alcalde, tería unha dedicación parcial de 24.000 euros, pois considero que é un salario xusto e suficiente”.

### UNIR O POBO

O PP gobernou en Trabada ata o 2015, e Fernández Vázquez está convencido de que un regreso do seu partido ao Goberno sería positivo para a vila. “O primeiro obxectivo sería unir o pobo, pois desde 2015 os que colleron o bastón de mando dividiron a vila por motivos políticos”, critica. “E é moi importante que unha vila estea unida, sexa cal sexa a cor que governe”.

**“O meu primeiro obxectivo sería unir o pobo, pois desde 2015 a vila está dividida”**

Ademais, cre que, con el como alcalde, se poderían conseguir investimentos que co PSOE “son imposibles”. Aínda que recoñece algúns acertos do Goberno actual, que ían no programa electoral dos populares, como o apoio ás asociacións de veciños, as actividades culturais ou a rebaixa do ICIO para os gandeiros, lamenta que “obras importantes non se fixeron e no sector industrial tampouco se avanzou moito”. Tamén critica que “o ac-

tual alcalde critique abertamente á anterior rexedora, pois el formaba parte dese Goberno socialista”.

### DIÁLOGO

En canto aos pactos políticos, Fernández Vázquez aposta polo diálogo e a busca de acordos, sempre respectando os seus principios. “A política é falar, dialogar e chegar a puntos comúns polo ben do pobo e dos veciños”, asegura. Con todo, lamenta que a relación co equipo de Goberno non sexa moi fluída: “Non temos moita relación, pero eu ou o meu partido estamos abertos a que nos chamen para axudar e falar”.

### O FUTURO

O Partido Popular de Trabada mantén a súa aposta por un modelo de xestión no que a transparencia, a unidade e o desenvolvemento económico sexan prioritarios. Fernández Vázquez ten claro que a súa meta é recuperar o Goberno municipal e impulsar proxectos estratéxicos que favorezan a economía local e melloren a calidade de vida dos veciños. “Se chegamos á Alcaldía, faremos do Concello unha institución transparente e de concordia, tanto en relación cos veciños como coas outras administracións”, conclúe o voceiro do PP de Trabada.





# Un punto de encontro local

Carlos Ríos é o presidente da Asociación Veciñal Irmáns Vilar Ponte de Bravos e explícanos as diferentes actividades desta entidade

Por Amanda Fernández

No Concello de Oourol, concretamente nunha das súas parroquias, fundouse a Asociación Veciñal Irmáns Vilar Ponte de Bravos no 1989. Conta Carlos Ríos López, actual presidente, que se crearon os estatutos e a primeira asemblea no 1990 xa cos primeiros socios. Así, nace da iniciativa do que fora alcalde de Oourol, Xesús Rubert Méndez. Nese momento xa non exercía como rexedor, pero tiña gran inxerencia por crear unha asociación que velara polos intereses da súa parroquia, de Bravos. Naceu nese intre sendo un grupo de veciños con ámbito parroquial. A principal labor por aquel entón era demandar e reivindicar melloras para a parroquia, a través desta Asociación Veciñal. Eran melloras que “agora se dan por feito” como o alumbeado público, camiños, ou mesmo a ampliación do atrio da Igrexa. “Dependían sempre doutros organismos, estamos falando dos anos 1989-1990, o obxecto da primeira fase foi reivindicar e realizar melloras”, afirma o presidente. Xa máis adiante comezaron a realizar excursións e lémbrese dunha en especial: “Era eu rapaz e fomos á Feira de Silleda, que daquela era toda unha novidade e máis estando tan relacionada co rural”.

**ACTUALMENTE.** Na actualidade a parroquia de Bravos conta con pouca xente e moita que provén do concello próximo de Viveiro. Agora esta asociación céntrase en realizar propostas de eventos e actividades que dinamicen a vida nesta parroquia, máis aló das propias melloras que realiza o Concello de Oourol. O seu presidente expón as propostas fixas ano tras ano no calendario. Por

exemplo, realizan a finais de xaneiro unha comida anual de caza. “Este ano será en febreiro, en colaboración cos cazadores, a directiva e os colaboradores, facemos comida, tanto para socios como para os que non. Realízase con prezos simbólicos para cubrir gastos, tendo en conta que somos unha asociación sen ánimo de lucro”, destaca. En febreiro chega o Entroido e teñen a súa propia proposta: “O luns de Entroido realizamos á noite un baile con dúo ou trío a partir das 21.00 horas con produtos típicos como o lacón, chourizo, orellas e sobremesa. Así pe, mentres bailan. O martes, pese a

luns cunha actividade relacionada co fío, calceta e gancho á que asisten 15 mulleres da parroquia. Tamén sempre dous a días á semana hai ximnasia para maiores, ás tardes, de 19.00 a 21.00 horas. No calendario tamén teñen as festas patronais na honra ao Patrón Santiago Apóstolo: “Tiñamos outros santos nos que facíamos festa, pero consideramos mellor centrar os nosos esforzos no Patrón aínda que son datas caras. Coincide coas festas veciñas en Celeiro, polo que decidimos non facer días completos. O financiamento consiste en pasar, como antigamente, o cubo para que cada un deixe o que pode,



non ser festivo en Oourol, si que é en Viveiro, de onde vén bastante xente. Este ano ademais temos a idea de facer o domingo por primeira vez un cocido ao mediodía con sesión vermú e baile”. Desde a asociación son conscientes de que a poboación é maioritariamente maior e que a xente nova soe vir máis dende Viveiro. Tendo en conta o seu público principal, ao longo do ano contan os

o que se saque das pequenas festas realizadas e a achega de 500 euros do Concello de Oourol”. Así, o día 24 de xullo, teñen churrascada popular e festa de noite á que soe acudir bastante xente porque é “de balde ata esgotar existencias”. Xa o día propio, 25 de xullo, hai misa solemne e procesión vermú “prolongada que pode ir ata ás catro da tarde”. Destaca tamén outra celebración destacada, a



Festa da tortilla, a fin de semana anterior ao domingo de Ramos. E por suposto, non falta a excursión anual de dous días, na que o ano pasado foron a Cantabria.

está formada tamén por xente do concello limítrofe de Viveiro, “xeográficamente máis preto ca Oourol en relación a Bravos”. Son persoas que teñen conexión coa parroquia, pese a vivir en Viveiro, como é o caso do presidente. Recoñece que a veciñanza está contenta ante a proposta de iniciativas e que iso se nota especialmente coa xente voluntaria. “Cando hai que facer o churrasco debe haber como 20 persoas colaborando, pero xa cando se fala da directiva... Hai pouca xente que o valore como unha opción”, lamenta. No seu caso ten 54 anos e recoñece que o resto de membros tamén teñen esa idade e máis. Así, o reto principal desta asociación é ter relevo xeracional e que vaia entrando xente máis nova á directiva. “Que chegue xente que aporte novas ideas e se involucre”, manifesta o actual presidente. A recompensa? “Resulta moi satisfactorio ver como a xente goza do que organizamos e que se fagan cousas na parroquia onde un naceu”, confesa Carlos. Para rematar engade que Bravos se converte así “nun punto de encontro para os veciños e veciñas, sen importar crenzas ou ideoloxías, na que hai unha escoita activa e participación para que non morra a parroquia”.

## Luz verde á repotenciación de parques eólicos como o de Oourol

A Xunta de Galicia aprobou as declaracións de impacto ambiental (DIA) de tres proxectos de repotenciación eólica que reducirán en 111 o número de aeroxeradores instalados na comunidade. Os parques afectados son Coriscada e Serra da Panda, en Mañón e Ortigueira, e o de Muras, en Muras e Oourol.

A repotenciación do parque de Muras permitirá substituír os seus 74 aeroxeradores por 11 máis eficientes, mantendo unha potencia de 47,3 megavatios. No parque Coriscada, os muíños re-

duciranse de 40 a 4, con 24 megavatios de potencia total, mentres que en Serra da Panda pasarán de 24 a 8, cunha capacidade de 18,5 megavatios.

Estes cambios mellorarán a eficiencia e reducirán o impacto ambiental, aliñándose co obxectivo da Xunta de avanzar na descarbonización. No último ano, Galicia aprobou a repotenciación de nove parques, eliminando 286 aeroxeradores e aumentando un 35% a produción renovable, evitando a emisión de 100.000 toneladas de CO<sub>2</sub> anuais.

## Bravos acolle un ciclo de teatro con compañías da Mariña

O mes de marzo traerá a Bravos un ciclo de teatro que contará con varias representacións a cargo de compañías da Mariña. As funcións terán lugar os domingos 23 e 30 de marzo ás 18:30 no local social de Bravos, ofrecendo unha oportunidade única para desfrutar da cultura en comunidade.

O programa inclúe tres obras de estilos diferentes. O domingo 23 de marzo será a quenda do Grupo de Teatro O Centiño, que poñerá en escena a obra “Tropa, tripa e tropa”,



unha peza chea de humor e emocións. O ciclo pecharase o día 30 coa comedia “A presa”, interpretada polo Grupo Humorístico Trípede, que promete risas e diversión para todo o público.

A organización, a cargo da ACRD Aturuxeiros de Bravos, invita a toda a veciñanza a achegarse para gozar dunha tarde de teatro. Nos días previos a cada función, proporcionarase máis información sobre as representacións, animando a todos a participar desta actividade cultural.



# DEPUTACIÓN

## O Pleno esixe á Xunta que retire as reformas sobre a dependencia

A Deputación de Lugo esixiralle á Xunta de Galicia que retire as reformas na Lei de Servizos Sociais porque “deterioran a calidade da atención á dependencia”. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de febreiro tras unha moción dos socialistas que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Avanzou o presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, que os cidadáns maiores están intranquilos “polo enorme atraso que leva a Xunta nas solicitudes de dependencia. E o Goberno galego en vez de poñer medios para resolver a situación, o que fai é castigar aos concellos”. Puxo como exemplo o Servizo de Axuda no Fogar, lembrando que a Xunta pretende sancionar aos municipios que non cubran o SAF.

Nese sentido, explicou que a Xunta acumula atrasos importantes na valoración das persoas que solicitan a dependencia, pero tamén atrasa en facer efectiva a prestación desde o momento en que esta se concede. Unhas cifras ás que se suman as máis de 1.800 persoas recoñecidas polo Goberno galego que demandan praza nunha residencia.

O texto da moción recolle, en concreto, instar á Xunta de Galicia a que retire de inmediato os cambios introducidos na Lei de Servizos Sociais que permiten a persoas sen titulación adecuada tramitar e informar as solicitudes da Lei de Dependencia; que habilite medidas reais para garantir a correcta valoración da Dependencia, a resolución en prazo das solicitudes e que acorte o prazo de espera entre que se concede a prestación e esta se fai efectiva; que se



deseñe un plan de reforzo do sistema público de Servizos Sociais para dar resposta tanto ás necesidades actuais das persoas que esperan por unha praza de residencias, como ás situacións de incremento de demanda que fai previsible o proceso de envellecemento da poboación.

A reclamación ao Goberno do Estado para que cumpra a súa obriga de cofinanciar o 50% da dependencia e saldar a débeda acumulada de máis de 2.500M€ con Galicia foi aprobada cos votos a favor dos deputados do PP, a abstención do BNG e o voto en contra do PSOE “que se nega a reclamar a Sánchez o que está a negar a Galicia”, segundo incide o portavoz, Antonio Ameijide.

Balado explica que “o nivel mínimo que se paga por cada persoa atendida mensualmente debe financeiro o Estado” que só aporta 76€ dos 100€ que debera achegar para o grao I e só 132€ para o grao II cando debera aportar 150€. “Isto supón que a débeda dende o 1 de agosto de 2023 polo impago das contías mínimas ascenda a 12,3M€ adicionais”.

O Pleno sacou tamén adiante unha

moción dos socialistas para pedirle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de promoción de vivenda pública “urxente” que cubra as necesidades na provincia de Lugo, onde constan 2.252 demandantes. A proposta saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP.

Aprobadas ademais por aclamación dúas declaracións institucionais consensuadas para reivindicar o Día Internacional da Muller que se conmemora o vindeiro 8 de marzo e outra para promover a prevención, a investigación, o diagnóstico precoz e o tratamento das enfermidades raras. A Deputación instará á Xunta a crear unha Valedoría de Igualdade, que asesore e asista as mulleres diante de posibles situacións de discriminación por razón de xénero que se produzan no sector privado. A iniciativa do BNG, presentada como proposta do goberno provincial aprobouse no pleno. Tamén saíu adiante a unha moción que reclama á Xunta unha nova convocatoria de axudas á incorporación e plans de mellora na actividade agraria.

## A Deputación reforza o apoio á Reserva da Biosfera Terras do Miño

A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, anunciou que a Deputación de Lugo reforzará en 2025 o apoio ao tecido asociativo que traballa no territorio.

No marco dos órganos reitor e participativo da Reserva da Biosfera Terras do Miño, aprobouse unha asignación de 220.000 euros, o que supón un incremento do 270% respecto ao ano anterior.

Na sesión tamén participaron o deputado de Medio Ambiente, Carlos López, e o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera.

Segundo destacou García Porto, este aumento responde ao compromiso da institución co medio rural e a protección ambiental, cumprindo así co anunciado previamente polo presidente da Deputación. “O traballo dos colectivos é fundamental para consolidar Terras do Miño e os seus 26 concellos como un referente en protección ambiental e desenvolvemento sostible e inclusivo”, sinalou a deputada.

Para 2025, establecéronse dúo liñas de axuda. A primeira, destinada a financiar actividades, dóbrase desde os 60.000 euros ata os 120.000 euros. A segunda, unha nova liña de financiamento de in-

vestimentos, contará cunha dotación de 100.000 euros.

Así mesmo, os órganos reitor e participativo aprobaron a proposta de actuacións estratéxicas para este ano, aliñadas co Plan de Xestión 2024-2034. Este centrarase na conservación, o desenvolvemento sostible e o apoio loxístico da Reserva. Na programación anual inclúense preto de 100 actividades, como iniciativas de educación e divulgación ambiental no Centro de Interpretación, proxectos nos hortos urbanos do Rato e diversas accións nos municipios da Reserva.

Durante a sesión, García Porto informou que a Reserva da Biosfera Terras do Miño superou con éxito a segunda revisión decenal realizada polo Consello Científico Español e aprobada polo Consello Internacional de Coordinación das Reservas da Biosfera da Unesco.

Este proceso de avaliación, que se leva a cabo cada dez anos, permite analizar o funcionamento, zonificación e grao de implicación da poboación, proporcionando un estudo cualitativo das accións implementadas no territorio.

No marco desta sesión, aprobouse tamén a incorporación da Asociación Frodeira, do Concello de Láncara.

## Presentan as liñas estratéxicas en materia de turismo para o 2025

A vicepresidenta do Consello Provincial de Turismo e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presidiu unha reunión deste órgano participativo e consultivo, no que avanzou as accións da institución provincial para este ano 2025 e se ratificaron as bases dos Premios de Turismo que serán en setembro.

García Porto sinalou que a institución provincial seguirá a reforzar o seu modelo de turismo de calidade e sostible, deseñado para posicionar a provincia como “un destino de refe-

rencia” baseado nunha oferta diversa e respectuosa co medio ambiente que é capaz de fomentar o desenvolvemento económico local. Entre as iniciativas destaca unha nova edición do programa de viaxes gratuítas Coñece a túa provincia, este ano coa participación de 132 colectivos sen ánimo de lucro.

“A proxección nacional e internacional tamén seguirá a ser un eixo clave na estratexia turística da nosa provincia”, avanzou Pilar García Porto. Sinalou que a institución xa participou en este comezo de ano en fei-

ras e eventos da transcendencia de FITUR, Dakar ou Madrid Fusión e ten ademais confirmada a colaboración en grandes citas deportivas, como La Vuelta. Ademais as rutas fluviais seguirán a ser unha proposta estratéxica fundamental na Ribeira Sacra durante o 2025.

O Consello de Turismo ratificou ademais as bases da sexta edición dos premios á excelencia do turismo da provincia nas diferentes categorías: Lugo Cambia ao Turismo Lucense, Turismo Sostible e ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense.

## Regresa esta primavera o programa de música tradicional Tradigalu

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo pon en marcha unha nova edición de Tradigalu, que levará actuacións de grupos de música tradicional, bandas e corais polas distintas comarcas ata final de ano.

A área de Cultura reforza o programa que contará cun 350.000 euros – 100.000 máis que na última anualidade - e que ten como principal obxectivo promover e difundir a música popular e tradicional, fomentando a súa presenza nas programacións musicais e culturais de asociacións e concellos.

A deputada Iria Castro destacou que “ampliamos a dotación do programa, que o ano pasado volveu ter unha gran demanda por

parte das asociacións e concellos e que xenera unha parte importante da actividade das agrupacións de música tradicional, fundamentais na conservación do noso patrimonio musical”. En 2024, Tradigalu permitiu programar máis de 250 actuacións.

As asociacións e colectivos interesados en participar no programa poden consultar as bases na web cultura.deputacionlugo.gal e trasladar as súas demandas a área de Cultura a través do enderezo electrónico cultura@deputacionlugo.gal. A área de Cultura asume o 80 por cento do custo da actuación.

Asociacións e concellos deben aboar aos grupos o 20 por cento restante.



## DEPORTES

### Aberto o prazo de inscrición para a Escola de Surf en Barreiros

O Concello de Barreiros anunciou a apertura do prazo de inscrición para a Escola de Surf, unha das actividades das Escolas Deportivas Municipais, que terá lugar na Praia de Coto desde o 2 de abril ata o 26 de xuño. A iniciativa está dirixida a nenos e nenas de entre 8 e 16 anos e ofrecerá clases os mércores e/ou os xoves en horario de 17:00 a 18:30 horas. O curso será impartido por monitores titulados e incluírá material para a práctica do surf, ademais dunha camiseta oficial, bolsa e unha excursión de fin de tempada.

As tarifas para a actividade serán de 30 euros ao mes para aqueles que asistan un día á semana e de 45 euros ao mes para os que opten por dous días. Ademais, será necesario aboar unha matrícula única de 15 euros.

A inscrición permanecerá aberta desde o luns 3 de marzo ata cubrir prazas e poderá realizarse a través da sede electrónica municipal ou presencialmente nas oficinas do Concello. As follas de inscrición estarán dispoñibles na web municipal e deberán entregarse acompañadas do xustificante de pago da matrícula.

### Burela acollerá o V Enduro Monte Castelo, proba da Copa de España

Burela será escenario do V Enduro Monte Castelo o 13 de abril, unha das probas puntuables da Copa de España de Enduro BTT. O evento reunirá a algúns dos mellores riders do panorama nacional, que competirán nun esixente percorrido polos montes da vila. A proba, organizada en colaboración co Concello e a Real Federación Española de Ciclismo, atraerá a numerosos participantes e afeccionados a esta modalidade extrema, que combina tramos cronometrados con zonas de enlace. O Enduro Monte Castelo consolidouse como unha cita de referencia polo seu trazado técnico e espectacular, que pon a proba a habilidade e resistencia dos deportistas.

Ademais de Burela, a Copa de España contará con outras citas en Reino de los Mallos, Cuenca e Montefaro, reforzando á vila como un destino clave para o ciclismo de montaña en Galicia.

### Os Fozamontes organizan unha nova edición da Ruta da Troita 2025



O grupo Os Fozamontes prepara unha nova edición da Ruta da Troita, un evento que reunirá a amantes dos coches, motos, quads, ATV e UTV nunha fin de semana chea de emoción e aventura. A cita terá lugar os días 14, 15 e 16 de marzo, cunha programación variada para os participantes.

O venres 14 dará comezo a xuntanza cunha presentación oficial e unha degustación de pinchos. O sábado 15 será a xornada principal, con rutas para coches, motos e quads ao longo da mañá, segui-

da dunha gran churrascada ao mediodía. Pola noite, celebrarase unha cea e unha festa con animación a cargo de Hermo Truck. O evento finalizará o domingo 16 co trial de obstáculos e un emocionante circuito de velocidade.

As inscricións están abertas e poden realizarse nos teléfonos 606 917 448 ou 677 605 324, así como no correo electrónico teamfozamontes@gmail.com. Os Fozamontes convidan a todos os afeccionados ao motor a desfrutar desta experiencia única na Ruta da Troita.

### O Maderas Barcia Lourenzá Cervo consegue dous bronzes



Ourense acolleu este fin de semana os Campionatos Xunta de Galicia en pista corta nas categorías sub-18 e sub-20, e o equipo Maderas Barcia Lourenzá Cervo fixo un brillante papel, conseguindo dúas medallas de bronce.

Na categoría sub-18, Sara Lecumberri subiu ao podio nos 3.000 metros lisos, acadando a terceira praza cun tempo de 11:13 minutos. A súa compañeira Clara Manuela Paz Méndez

tamén tivo unha destacada participación, acabando en novena posición nos 60 metros vallas e en décima nos 400 metros lisos. Pola súa banda, en sub-20, Iria Rodríguez tamén se fixo coa medalla de bronce nos 400 metros lisos, cun rexistro de 1:01.37 minutos.

Carmen García, compañeira de Rodríguez, tamén destacou na súa categoría, acabando sétima nos 400 metros e sexta nos 60 metros vallas.

### O CD Lugo asinou un acordo co SD Ribadeo



O Club Deportivo Lugo asinou un acordo formativo de colaboración coa Sociedade Deportiva Ribadeo, que supón un novo avance na estratexia do club para fortalecer os seus vínculos con entidades deportivas locais, especialmente na Mariña Lucense. Grazas a esta alianza, o CD Lugo poderá seguir detectando e incorporando talento mozo da zona, ofrecendo oportunidades de formación e crecemento a novos futbolistas.

Ademais, o acordo contempla diversas iniciativas orientadas á

capacitación e divulgación, entre as que destacan a organización de xornadas formativas e a celebración dun Campus de Verán en Ribadeo.

A primeira destas xornadas tivo lugar no Cine Teatro de Ribadeo, onde se celebrou unha charla dirixida a deportistas, técnicos e outros interesados.


Esta iniciativa representa unha nova oportunidade para que os mozos xogadores da Mariña Lucense poidan desenvolverse nun contorno profesional e formativo de primeiro nivel.

### Adrián Ben, subcampión de España nos 1.500 metros en Madrid

Esta fin de semana, durante o Campionato de España de pista cuberta celebrado en Madrid, o atleta de Viveiro Adrián Ben logrou a medalla de prata na final dos 1.500 metros, rexistrando un tempo de 3:49.00. A carreira foi gañada por Mohamed Attaoui, mentres que o terceiro posto foi para Pol Moya, quen, debido á súa nacionalidade andorrana, non puido optar á medalla de bronce, que recaeu en Ignacio Fontes.

Adrián Ben, de 26 anos, continúa demostrando a súa valía no medio fondo español, sumando este subcampionato ao seu palmarés, que inclúe un quinto posto nos Xogos Olímpicos de Toquio 2020. O atleta amosou a súa satisfacción nas redes sociais, destacando a importancia de volver subir ao podio nunha competición nacional.

A proba dos 1.500 metros caracterizouse por un ritmo lento nos primeiros compases, acele-



rando nos últimos 400 metros, onde Attaoui impuxo a súa velocidade para levar o ouro. Pola súa banda, Ben mantívose no grupo de cabeza durante toda a carreira, asegurando a prata nunha chegada apertada. Este resultado reforza a posición de Adrián Ben como un dos referentes do medio fondo en España e augura boas perspectivas para as vindeiras competicións internacionais.



# “O obxectivo é formar persoas e xa despois deportistas de elite”

Pedro Esmoris, da Agrupación Deportiva San Roque

Por Amanda Fernández

O caso máis sonado pode ser o de Adrián Ben, pero a Agrupación Deportiva San Roque de Viveiro pode presumir de ser o lugar onde moitos nenos e nenas dan os seus primeiros pasos no atletismo ou no bádminton. Esta entidade fundouse no ano 2000 co obxectivo de fomentar a práctica, principalmente, de deportes minoritarios. Conta os seus inicios, Pedro Esmoris, presidente da AD San Roque, adestrador dos nenos de Viveiro de Bádminton e compoñente do CBO Cembedo: “Naquel momento, tiñamos unha sección de bádminton e de atletismo. A maioría da xente que formaba parte da agrupación deportiva eran rapaces. Non había organizacións ou clubs deportivos que tiveran estas disciplinas nin había o tecido asociativo que hai en hoxe en día en Viveiro”. Así a agrupación funcionaba como escola deportiva coa posibilidade de competir en categoría de adultos. Porén, tamén organizou varios eventos, como a marcha de bicicleta de montaña ‘BTT Concello de Viveiro’, durante dez anos consecutivos. Tamén realizou campionatos de vólei praia e a travesía de natación “que coincidía polas festas de San Roque e se fixo desde o 1999 ata o 2008”.

**VISTAS AO FUTURO.** Actualmente na AD San Roque están centrados nos grupos de bádminton e en fomentar este deporte entre os máis pequenos. Tamén contan con algúns grupos de atletismo. A particularidade é que é unha escola de formación, de deporte base, e que

pasa cando chegan a categoría de cadete? Esmoris, explica: “Cando queren seguir co deporte e pensar en algo máis profesional temos unha serie de clubs conveniados, ou xente coñecida, e mandámoslos aló. No seu momento, Adrián Ben, chegou a cadete aquí e non tiñamos as instalacións ou o organigrama para poder competir a nivel autonómico ou xa nacional. Fixemos un acordo co Lucus Caixa Rural e mandámolo para aló nese momento”. Non foi só Adrián Ben o que seguiu estes pasos, mesmo caso o da súa irmá, Ana Ben, ou Teshome Hermida, que ta-



mén mandaron desde Viveiro para outros clubs de atletismo, como a Escola Atlética Lucense. No caso do bádminton, tamén formaban crianzas en competición, a nivel escola, que logo daban o salto cualitativo para competir federados. “Irían a un equipo, como o Club Bádminton A Estrada, para ter horas de adestramentos, concentracións, sitio...”,

destaca o presidente que lembra un caso concreto. Uxío Rodríguez, da Viveiro Surf Escola, foi un dos rapaces que tiñan naquel momento na AD San Roque en bádminton e acabou no Club Bádminton A Estrada. Logrou ser “campión galego a nivel alevín, infantil e cadete escolar para logo dar o salto á competición federada co seu club”. Na actualidade os nenos e nenas dos seus grupos de bádminton están adestrando tanto en Viveiro como na ACD Xove. “Debemos ter case 50 nenos, entre os 7 e 8 anos e os 15 e 16 anos”, afirma Pedro Esmoris. Todos aqueles cati-

vos que queiran competir federados teñen a posibilidade nun club da zona, do occidente da Mariña, o Club Bádminton O Cembedo en Viveiro. Así, unha entidade traballa a base e a outra a competición a partir de certa idade, e todo en Viveiro.

**O OBXECTIVO.** Ademais dos mencionados grupos de bádminton e



atletismo, tamén contan cun grupo de multideporte: “Os cativos máis pequenos fan un pouco de todo e xa os imos orientando. Se queren probar bádminton, proban, ou baloncesto, proban”. De feito, destaca o presidente, que este 2024 aplicaron este sistema no colexio de Galdo e funcionou a modo de “predeporte no que os cativos poden coñecer deportes, que a veces, se non fose desta maneira, non terían acceso a eles”. Os prazos para inscribirse na agrupación comezan o inicio do curso escolar e tentan adaptar os horarios para os adestramentos. Están así presentes na etapa de formación, na que se traballan cousas concretas e se procura que o alumnado adquira uns hábitos e unha serie de habilidades motrices. “Xa a partir dos 16 anos é cando comezan a adestrar e a formarse os campións. Así, moitas veces os pais pensan que cos adestramentos se van a adiantar e só conseguen amolar unha etapa moi bonita na que teñen que relacionarse, socializar e xogar como os nenos que son”, afirma o adestrador Pedro Esmoris. Neste punto destaca que xa acabou a temporada de campo a través e que os cativos comezan a facer algo de bicicleta. Actualmente lévannos a duatlón, unha disciplina moi atractiva coa vista na campaña de atletismo en pista. En febreiro teñen o primeiro torneo de bádminton pre-

paratorio. Isto no deportivo, pero o reto desta agrupación deportiva vai máis aló: “O obxectivo é formar persoas e xa despois deportistas de elite”. Pensar en Viveiro e atletismo é sinónimo de Adrián Ben, un caso paradigmático. A AD San Roque viu a este rapaz dar os seus primeiros pasos. O seu presidente reconece: “Nomes como o de Adrián Ben para nós supoñen un orgullo, pero temos o mesmo cariño a Adrián que a todos os demais que pasaron por aquí”. Afirma que Adrián tiña unha cabeza moi privilexiada: “Con 15 anos xa o tiña claro, dicía, eu quero ser olímpico, quero ser atleta profesional e vivir disto. Tamén se deu a contorna, cunha familia cos pés no chan que confiaba plenamente nos adestradores, tanto no colexio con Luís, como con nós, dicían que o neno estaba en boas mans”. Non sorprende cando Adrián se pasa para adestrar cos cativos ou ben xogar ao bádminton cos veteranos. Para que se produza un caso así, destaca, teñen que darse moitas circunstancias “psicolóxicas, técnicas, físicas e ganas”. Pedro Esmoris conclúe con estas palabras: “Adrián non deixa de ser un rapaz máis da vila, é encantador e, para nós é un orgullo. Tamén un neno máis, xa que aínda con 40 anos seguen sendo nenos, e iso que xa veñen adestrar os seus fillos!”.

## A Pontenova acolle a cuarta edición do Trail As Minas o 30 de marzo

A Pontenova prepárase para acoller a cuarta edición do Trail As Minas, unha cita deportiva que combina deporte, natureza e historia. O evento terá lugar o 30 de marzo de 2025, con saída ás 10:30 horas desde a Praza dos Fornos. Os participantes poderán escoller entre dúas modalidades: un esixente trail de 18 km, que atravesa zonas de gran desnivel e sendeiros técnicos, ideal para corredores con experiencia, ou unha andaina de 5-6 km, unha opción máis accesible para quen prefira gozar da paisaxe e do patrimonio mineiro a un ritmo máis tranquilo. O percorrido

destaca pola súa beleza natural, pasando por antigos camiños e restos das explotacións mineiras que marcaron a historia da Pontenova. O Trail As Minas está organizado pola Asociación Cultural e Deportiva As Minas en colaboración co Concello da Pontenova e varias entidades locais. Ademais da proba deportiva, haberá servizos para os participantes e un ambiente festivo que converterá a xornada nunha gran celebración do deporte ao aire libre. Toda a información e inscricións están dispoñibles na web oficial.

## Unión do Norte buscou a mellor clasificación para a liga Galega

O equipo Unión do Norte, formado polas categorías de academia do Muralla R.C. e que compite xunto a Capóns de Vilalba, Astérix de Viveiro e Fendetestas de As Pontes, citouse en Vigo co obxectivo de lograr unha boa clasificación na segunda fase da Liga Galega para afrontar as semifinais con máis opcións. Ambos os equipos, Sub 14 e Sub 18, xogaron nos grupos de cabeza da segunda fase da liga e xa teñen asegurada a súa participación nas semifinais. Non obstante, buscaban mellorar a súa clasificación para contar con máis posibilidades nesta fase crucial da competición. O equipo Sub 14 arrancou a segunda fase como segundo clasificado



da liga regular, cunha soa derrota, ante o CRAT de Coruña. A pesar desta derrota, os M14 manteñen a segunda posición do grupo, despois de perder contra o líder Vigo. O próximo enfrontamento será contra o CRAT de Coruña, nun par-

tido clave para asegurar a súa posición. Pola súa parte, o equipo Sub 18 afrontou o seu terceiro partido desta segunda fase dende a terceira posición e, finalmente, logrou clasificarse como terceiro.



## MAR

## Adxudicadas as obras de reforzo do dique de abrigo de Burela



A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia, adxudicou por 1,8 millóns de euros as obras de reforzo e adaptación ao cambio climático do dique de abrigo do porto de Burela. Así o anunciou hoxe o conselleiro Alfonso Villares nunha visita ao porto, onde presentou os detalles da actuación que poderá comezar nas próximas semanas.

O conselleiro destacou o compromiso da Xunta de Galicia para mellorar as condicións de traballo dos profesionais que operan neste porto, no que están censadas preto dun centenar de embarcacións. Burela sitúase entre os principais portos autonómicos en descarga

de peixe fresco, liderando en valor de venda dentro da comunidade. Ademais, a obra contribuirá a optimizar a operatividade dos barcos de mercadorías que transportan madeira, unha das principais cargas do peirao.

Segundo explicaron os técnicos, os traballos consistirán na colocación de 160 bloques de formigón de 3 metros de lado e 56 toneladas de peso en áreas afectadas por desprendementos ou deterioro estrutural debido á forza do mar e as condicións meteorolóxicas adversas. O prazo de execución estimado é de 22 meses, polo que se prevé que as obras finalicen a finais de 2026.

**HORIZONTE 2100.** Durante a visita, o equipo técnico de Portos de Galicia detallou que a metade dos bloques poderán ser instalados desde terra, mentres que para a outra metade será necesario o uso dunha pontona. Para iso, empregárase unha grúa de máis de 500 toneladas e unha embarcación cunha capacidade mínima de 1.000 toneladas.

Os especialistas subliñaron que a disposición dos bloques está calculada para minimizar o impacto dos rebases das ondas, tendo en conta o incremento previsto do nivel do mar debido ao cambio climático, dentro das previsións do horizonte 2100.

## Avanza o proxecto de dragado no porto de Foz tras un ano de parálise



A Asociación A Ribeira de Foz informa que xa chegou a Portos de Galicia o informe necesario do Ministerio de Transición Ecolóxica, a través da Dirección Xeral de Costas e Mar, para que continúe co expediente de declaración de impacto ambiental do "Proxecto de dragado no porto de Foz", que estaba paralizado desde fai un ano. Este paso é crucial para que a tramitación e execución final do proxecto da Consellería do Mar e Portos de Galicia poidan avanzar. "A tramitación do expediente será reactivada, e o máis importante é que os fondos necesarios para executar o proxecto xa están consignados, polo que o dragado da canle de acceso aos peiraos e do peirao principal debe continuar sen máis demora", sinalan desde a asociación.

A Asociación celebra este avance, que responde a unha demanda histórica e colectiva da asociación en consenso cos colectivos pro-

fesionais e deportivos de Foz. O primeiro dragado proxectado ten previsto extraer 8.044 m<sup>3</sup> do peirao e 34.671 m<sup>3</sup> da canle de acceso, cun orzamento inicial de máis de 780.000 euros, que se ampliará a preto de 1,4 millóns de euros, dado que ao longo dos próximos tres anos tamén se realizarán dragados de mantemento segundo as necesidades da sedimentación na canle e peirao.

Dende a asociación, "comprometémonos a seguir de cerca a evolución do proxecto e a pedir a máxima axilidade para que o dragado se leve a cabo canto antes. Así mesmo, tamén insistimos na urxencia da remodelación do Porto Chico de Foz, fundamental para mellorar a seguridade da flota e aumentar o número de prazas de atraque. A mellora do Porto Chico debe concretarse xa en orzamentos para facer realidade o proxecto definitivo e levar a cabo a obra", engadiron.

## O Ministerio de Agricultura abre a pesqueira da cabala para Lugo

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación vén de abrir a pesqueira da cabala para a flota distinta ao arrastre e ao cerco de Asturias e Lugo, segundo recollen dúas resolucións publicadas no Boletín Oficial do Estado.

Estes documentos establecen o inicio da pesca desta especie cunha cota de 1.266 toneladas para o Principado de Asturias e de 494 toneladas para a provincia de Lugo. Como novidade, e tras analizar o consumo das últimas campañas, permitirase o acceso á pesca dirixida a todos os buques de artes menores, rasco, volanta e palangre de fondo no Cantábrico e Noroeste que teñan porto base en ambos territorios. Esta medida permitirá que un maior número de barcos poidan beneficiarse da campaña.



En total, poderán participar 277 buques de artes menores, 12 volanteros, 26 palangreiros de fondo e 2 rasqueiros de Asturias e Lugo. Por agora, non se considera necesario establecer límites de captura.

Esta actividade resulta esencial para a viabilidade socioeconómica da flota que opera con outras artes distintas ao arrastre e ao cerco no

caladoiro Cantábrico e Noroeste, contribuíndo ao abastecemento dun peixe de tempada moi apreciado polos consumidores.

A Secretaría Xeral de Pesca realizará un seguimento da campaña para, no caso de ser necesario, aplicar as medidas de xestión oportunas e garantir o aproveitamento óptimo da cota establecida.

## A Confraría de Pescadores de Burela xestionará a nave de redes de arrastre

Portos de Galicia concedeu unha autorización administrativa á Confraría de Pescadores de Burela para a ocupación e xestión da nave de redes de arrastre, unha infraestrutura de titularidade do ente público. A autorización terá unha vixencia de catro anos, con posibilidade de ampliación no caso de que a confraría solicite unha concesión, un título administrativo que lle outorgaría maior estabilidade xurídica.

O acordo inclúe a aplicación da Lei de Taxas de Portos de Galicia, que establece unha exen-

ción do 95 % das taxas para a ocupación de edificios destinados a servizos xerais aos usuarios do porto. Deste xeito, a Confraría de Pescadores de Burela pagará unha taxa anual de 70 euros polo uso dos máis de 350 metros cadrados de superficie que ocupa o inmovible.

Esta medida busca facilitar a actividade pesqueira no porto de Burela, garantindo que os profesionais do sector dispoñan das instalacións necesarias para o seu labor diario en condicións óptimas.



# COLABORACIONES

## O prometido é débeda: O uso do móbil e das redes sociais

### O PUPITRE



Julio Díaz

**R**emataba o meu último "Pupitre" cun compromiso de falar nesta colaboración dos perigos sociais e do uso adecuado do móbil e das redes sociais nos nosos centros educativos.

Para cumprir coa palabra dada, imos aló. O primeiro ao que hai que prestar atención é que o uso do móbil non reste tempo a outros aspectos

esenciais da vida cotiá como descansar, estudar, xogar en entornas non dixitais, etc.

Os rapaces deben ser conscientes da responsabilidade que supón o uso do móbil e das novas tecnoloxías e das posibles consecuencias legais e riscos para a súa seguridade e a súa intimidade. Moitos deles non están acostumados a saber xestionar e relacionarse a través das redes sociais, podendo ser o seu uso unha causa de problemas entre os máis pequenos. Debemos advertirles dos perigos máis importantes da utilización das novas tecnoloxías: o grooming, onde

un adulto gaña a súa confianza cun propósito sexual; o sexting ou intercambio de fotografías ou vídeos de contido erótico entre os propios rapaces ao que logo, en certas ocasións, chega tamén a extorsión; o cyberbullying, que consiste no acoso entre menores coa intención de humillar, atemorizar ou enfadar que, en internet, pode chegar a ter moito mais alcance e facer dano, non só aos menores, senón tamén á familia e amigos; challenges, que son retos perigosos que poden poñer en risco a vida do menor e incorrer nalgún delito; o Happy Slapping, que son gravacións de agresións e difusión en liña. Abordando xa a segunda parte do meu compromiso de falar do bo uso do móbil e das redes sociais nos centros educativos debemos resaltar que non usen o móbil no centro agás cando o pida o profesor. Que non se fotografie nin grave a ninguén sen o seu consentimento e, sobre todo, moito coidado con difundir imaxes íntimas ou ofensivas, insultar ou difamar, xa que son delitos moi graves. Se un rapaz sofre ou coñece quen poida estar nunha situación deste



### O RECUNCHO DE CANELINA



tipo debe comunicarllo aos profesores ou a familia.

É fundamental non ser cómplices destas situacións de acoso ou de violencia escolar e non aceptar a calquera nas redes sociais. Para rematar, outros consellos que son moi importantes ter en conta, son: Non crer todo o que se escribe, ser críti-

co e reflexionar pero, sobre todo, respectar as diferenzas, analizar detidamente o que se vai publicar e empregar sempre o respecto, sexa cal sexa a canle. Controlar o tempo empregado neste mundo das novas tecnoloxías é fundamental, para non exceder e deixar o espazo adecuado para as relacións persoais

## TELÉFONOS DE INTERESE

**ALFOZ**  
 Concello: 982 55 80 01  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde: 982 55 86 97

**BARREIROS**  
 Concello: 982 12 40 02  
 Garda Civil: 982 12 41 94  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 41 05

**BURELA**  
 Concello: 982 58 60 00  
 Policía Local: 982 58 62 11  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 58 51 29  
 Hospital da Costa (centraliña): 982 58 99 00  
 Capitanía Marítima: 982 57 51 53

**CERVO**  
 Concello: 982 55 77 77  
 Policía Local: 615 52 10 52  
 Garda Civil: 982 58 57 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 75 25

**FOZ**  
 Concello: 982 14 00 27  
 Policía Local: 982 13 36 40  
 Garda Civil: 982 14 04 44  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 23 85  
 Agencia Tributaria: 982 13 35 12

**LOURENZÁ**  
 Concello: 982 12 10 06  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 12 20 29

**MONDOÑEDO**  
 Concello: 982 52 40 03  
 Policía Local: 982 50 70 40  
 Garda Civil: 982 52 19 05  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 50 74 52

**OUIROL**  
 Concello: 982 55 91 09  
 Garda Civil: 982 56 10 39  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 55 90 62

**PONTENOVA, A**  
 Concello: 982 34 22 77  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 24 00

**RIBADEO**  
 Concello: 982 12 86 50  
 Policía Local: 982 12 86 50  
 Garda Civil: 982 12 80 48  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 01 43

**RIORTORTO**  
 Concello: 982 34 62 22  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63

**TRABADA**  
 Concello: 982 13 50 11  
 Garda Civil: 982 34 22 22  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 13 53 00

**VALADOURO, O**  
 Concello: 982 57 40 00  
 Garda Civil: 982 57 40 30  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 57 43 12

**VICEDO, O**  
 Concello: 982 59 00 02  
 Garda Civil: 982 59 01 81  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 03 51

**VIVEIRO**  
 Concello: 982 56 01 28  
 Policía Local: 982 56 29 22  
 Policía Nacional: 982 56 17 11  
 Policía Nacional cita DNI: 060/982 57 06 62  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 56 12 01

**XOVE**  
 Concello: 982 59 20 01  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 59 24 24

**TELÉFONOS DE INTERESE**

	Emerxencias: 112	Incendios Forestais: 085	
	Urxencias Sanitarias: 061	Garda Civil: 062	

[www.amariñaxa.com](http://www.amariñaxa.com)



Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.  
 Dirección: Diego E. García Puente  
 Teléfono: 661 464 323  
 E-mail: redaccion@amariñaxa.com  
 Impresión: Tameiga Publicacións SL  
 Dep. Legal: LU 5-2019  
 ISSN 2660-4493



## DE RUTA EN RUTA

# Foz: Ruta Río Ouro

Unha ruta que combina a riqueza natural e cultural deste municipio

O Concello de Foz ofrece unha experiencia única a través da Ruta Río Ouro, unha ruta que combina a riqueza natural e cultural deste municipio mariñán. A ruta, ideal para toda a familia pola súa baixa dificultade, permite explorar paisaxes de singular beleza, mergullándose na fauna e flora locais mentres se descubren vestixios históricos e culturais. Este percorrido está deseñado tanto para sendeiristas experimentados como para persoas que simplemente queiran gozar dunha camiñada relaxante nun entorno privilexiado. A Ruta Río Ouro esténdese ao longo de 12 quilómetros, cunha duración estimada de tres horas. O camiño, maioritariamente accesible, presenta algúns tramos máis estreitos e irregulares, engadindo un punto de aventura ao paseo. Ao longo do percorrido, os visitantes poden admirar a gran variedade de ecosistemas e paisaxes que ofrece a contorna do río Ouro. Os bosques autóctonos, os prados e as ribeiras conforman un escenario perfecto para o avistamento de aves e outras especies da fauna galega.

Este roteiro destaca pola súa diversidade de puntos de interese, tanto naturais como históricos. Entre eles, sobresaie o petroglifo na Ponte Vella, unha testemuña milenaria da presenza humana na zona. Outro punto emblemático é a fervenza coñecida como A Pena da Ruxida, onde a auga cae con forza creando unha estampa de gran beleza. Ademais, ao longo do camiño, pódense atopar antigos muíños de auga e outras construcións que lembran o pasado agrícola e industrial da rexión.

O punto de partida sitúase na área recreativa á beira da ponte de ferro. Desde aquí, a ruta cruza a ponte e continúa á esquerda, pasando pola Igrexa Parroquial de Santiago de Fazouro. Neste punto, os camiñantes poden detese a admirar 'O Cristo', unha das imaxes relixiosas máis coñecidas da contorna. Avanzando cara á Ponte Vella, ato-

pamos un petroglifo que forma parte do patrimonio arqueolóxico de Foz. Trátase dunha mostra da arte rupestre galega que testemuña a presenza de poboados antigos nesta zona. Desde aquí, a ruta segue pola marxe esquerda do río, seguindo o seu curso natural.

No tramo seguinte, os camiñantes atoparán a Fonte de Fernandete, un enclave de gran beleza onde se pode descansar e apreciar a tranquilidade do lugar. Pouco despois, o percorrido lévanos ata un antigo muíño, símbolo da actividade agrícola tradicional da zona. Xunto a el, atópase o cabozo, unha construción de madeira usada antigamente para almacenar cereais.

Outro dos puntos destacados da ruta é 'A Planta', unha antiga central hidroeléctrica que, no seu día, abasteceu de electricidade a moitas casas da zona. Este edificio forma parte do legado industrial da Ma-

riña Lucense e dá conta do aproveitamento histórico dos recursos naturais.

A ruta remata na cachoeira coñecida como A Pena da Ruxida, preto da casa natal do Beato Inocencio. Desde aquí, o percorrido regresa polo outro lado do río, pasando de novo pola Ponte Vella e achegándose á

Fonte da Aldea, onde se pode visitar a 'Obra Pía', unha antiga escola con muíño.

Así, a Ruta Río Ouro ofrece unha combinación perfecta de natureza, historia e tranquilidade, unha oportunidade para coñecer a riqueza paisaxística e cultural do Concello de Foz.



## DATOS



2 horas



12 quilómetros



Dificultade media



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



**CORBAR**  
MAQUINARIA

INNOVACION,  
COMPROMISO  
Y GARANTIA

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



[www.corbarsil.com](http://www.corbarsil.com)



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!



NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.